GRIAL

126

ABRIL, MAIO, XUÑO

TOMO XXXIII / 1995

CULTURA E MERCADO

LUCIANA STEGAGNO PICCHIO:
A filosofía da saudade: saudades de Ramón Piñeiro.

ITAMAR EVEN-ZOHAR:
Planificación da cultura e mercado.

XULIO RÍOS:
O impacto social da reforma chinesa. Entrevista con Zhu Qingfang.

HERNÁN NEIRA:
Bricolaxe literaria en filosofía e ciencias sociais.

ENRIQUE GIL CALVO:
A privatización dos dereitos sociais.

RAIMUNDO VIEJO VIÑAS:
¿Cara á República de Berlín? Partidos e sistema de partidos en Alemaña perante o século XXI.

M. C. RÍOS PANISSE:
Contos da miña terra (1864), primeira edición do *Conto gallego atribuído a Rosalía de Castro.*

GRIAL

126

ABRIL, MAIO, XUÑO

TOMO XXXIII / 1995

CULTURA E MERCADO

173 LUCIANA STEGAGNO PICCHIO: A filosofía da saudade: saudades de Ramón Piñeiro.

181 ITAMAR EVEN-ZOHAR: Planificación da cultura e mercado.

201 XULIO RÍOS: O impacto social da reforma chinesa. Entrevista con Zhu Qingfang.

217 HERNÁN NEIRA: Bricolaxe literaria en filosofía e ciencias sociais.

225 ENRIQUE GIL CALVO: A privatización dos dereitos sociais.

235 RAIMUNDO VIEJO VIÑAS: ¿Cara á República de Berlín? Partidos e sistema de partidos en Alemaña perante o século XXI.

257 M. C. RÍOS PANISSE: *Contos da miña terra* (1864), primeira edición do *Conto gallego* atribuído a Rosalía de Castro.

281 XOSÉ L. FRANCO GRANDE: José Landeira Yrago.

283 LIBROS:
M. DOURADO DEIRA, ANA BELÉN FORTES, DOLORES VILAVEDRA, XESÚS GONZÁLEZ GÓMEZ, HELENA GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, MARÍA XESÚS NOGUEIRA, SABELA LABRAÑA BARRERO, PILAR CASTRO.

305 TEATRO:
DAMIÁN VILLALAÍN.

309 A CULTURA NO MUNDO:
GUSTAVO A. GARRIDO.

311 ÍNDICE DE COLABORADORES.

Director:
CARLOS CASARES
Secretario de Redacción:
XOSÉ MANUEL SOUTULLO
Consello de Redacción:
XAN BOUZADA, XAVIER CASTRO,
CARLOS X. FERNÁNDEZ, GUSTAVO ADOLFO GARRIDO,
MODESTO LÓPEZ BOUZAS, HENRIQUE MONTEAGUDO ROMERO,
MANUEL RODRÍGUEZ ÁLVAREZ, DAMIÁN VILLALAÍN
Deseño: M. JANEIRO
EDITORIAL GALAXIA, S. A.
Redacción, suscrición e distribución:
Reconquista, 1. 36201 VIGO. Telfs.: 43 21 00 - 43 32 38. Fax: 22 32 05
E-mail: alba@galaxia.es
Imprime: OBRADOIRO GRÁFICO, S. L., Avda. Rebullón, 49 - MOS
ISSN: 0017-4181 / DEPÓSITO LEGAL: VG-99-1963

Esta revista é membro de ARCE (Asociación de Revistas Culturales de España).

A filosofía da saudade: saudades de Ramón Piñeiro

Luciana Stegagno Picchio

1. Foi Ramón Piñeiro quen me iniciou, sen me converter, na filosofía da saudade. Digo "sen me converter" sen ánimo de pólemica, pero si cunha especie de tristura e impotencia: esencialmente porque eu non son, nin pretendo ser, filósofo e tamén porque, entre as posibles filosofías que alguén que non sexa filósofo pode adoptar, a mística saudosista era, ou parecía ser, para min, para a miña estructrura de base racionalista, impenetrable e allea.

Xa o dicía Teixeira de Pascoaes, que os italianos son esencialmente uns pagáns: "O pobo portugués creou a Saudade —afirmara nunha conferencia pronunciada no Porto o 23 de marzo de 1912— porque é a única síntese perfecta do sangue ariano e do semita. No pobo español domina o sangue semita que o tornou ferozmente espiritualista, violento e dramático. No pobo italiano domina o sangue ario que o tornou exclusivamente pagán. Véxase a avidez con que os seus artistas se abrazaron á arte greco-romana... Os mesmos Pontífices sentiron a voz do seu sangue dominar e vencer a palabra de Cristo... Xesús estaba de moda, mais Apolo estaba no sangue... O pobo portugués, sen embargo, creando a Saudade, que é o Desexo e a Dor, que é Venus e María, o espírito semita e o corpo ario, viviu o propio Renacemento, que atopou, sen embargo, na alma da nosa Raza, a súa expresión vivente e espontánea, a súa forza viva que, posta de novo en movemento, creará unha nova Civilización. O espírito lusitano abrirá na Historia unha nova Era".[1]

1. Teixeira de Pascoaes. "O espírito lusitano ou o saudosismo", texto do 23-5-1912. Véxase agora en Afonso Botelho e António Braz Teixeira, *Filosofía da saudade*, Imprensa Nacional-Casa da Moeda, 1986, p. 26.

Afirmacións deste tipo, lidas en época salazarista, coas súas maiúsculas, os seus puntos de exclamación, as súas reticencias, eran as que a nós, italianos pagáns dunha xeración saída do fascismo, vacinados, se cadra para sempre, contra todas as místicas da raza e do arianismo, volvían sospeitoso calquera tipo de saudosismo. Nin o mesianismo transcendental de Fernando Pessoa que comezabamos a frecuentar e admirar por aquel entón, nin a conciencia de que no mesmo saudosismo portugués militasen homes como Jaime Cortesão, de segura e inexorable fe democrática, nin por último a certeza de que o mesmo Pacoaes fose un gran poeta, podían destruír a sensación de mal estar causada en nós polas arroutads teóricas do papa do saudosismo portugués.

O prólogo da segunda serie, a dos libros en prosa, das *Obras completas* de Pascoaes, sabiamente editadas por outro grande e inesquecible portugués, Jacinto do Prado Coelho[2], contén unha interpretación do clima en que nacían as admirables invencións poéticas do bruxo do Támega: "En verdade —dicía Prado Coelho— Pascoaes é todo menos un historiador. O seu espírito voa fóra do espacio e do tempo; busca a fonte orixinal, aquel estado infantil ou edénico en que todo era indefinido, un, deslumbrante. Busca as ideas puras, porque delas descende o real (ou así chamado): os mitos, porque deles deriva a Historia. Trata con sumo desdén a ciencia, o método crítico, a explicación mediante relacións causais"[3]. Pola súa banda, un home imparcial como Jorge de Sena, logo de definir a Pascoaes como o máis auténtico "romántico" das letras portuguesas, "pola natureza dos seus contactos cunha realidade que a poesía *oculta*", engade que foi el "unha figura importantísima, na que se resumen case todas as experiencias *boas e malas* de sete séculos e medio de poesía portuguesa"[4]. E nós, na diatriba que opoñía a Teixeira de Pascoaes a António Sérgio estabamos todos, naturalmente, de lado de Sérgio. Non discutiremos aquí, con todo, se o saudosismo debe ser colocado entre as cousas boas ou mellor realizadas polo gran poeta portugués. Abonda só salientar nun comezo que o saudosismo de Pascoaes, independentemente de que sexa xulgado como bo ou como malo, resulta diferente da filosofía da saudade do pensador galego Ramón Piñeiro, evocado hoxe aquí pola nosa saudade.

2. Polo que respecta á palabra *saudade*, entrou no meu léxico e, podiamos dicir, no meu horizonte de espera, desde que eu comecei

2. Foi precisamente Jacinto do Prado Coelho quen realizou a recuperación poética, e mesmo ideolóxica, do poeta e pensador coa serie *Obras completas de Teixeira de Pascoaes*, 6 volumes. de poesía e outros 6 de prosas, Librería Bertrand s. d., Amadora.

3. Jacinto de Prado Coelho. *Obras completas*. Op, cit., vol. VII (s. d., mais 1972), p. 20.

4. Jorge de Sena. *Da poesía portuguesa*. Lisboa, 1959, pp. 95-99.

a miña andadura polo estudio da cultura portuguesa. Os amigos, en vez de *Ciao* (barbaramente transcrito como *Tschau*[5]), como se adoita dicir en todas partes agora, saudábanme cun *saudades*. Falabamos dun amigo morto e referiámonos a el como *saudoso* amigo, forma haplolóxica de *saudadoso*.

Nos meus estudios lingüísticos, nas miñas excursións de medievalista e estudiosa da literatura clásica portuguesa, ía eu procurando respostas nos libros: portugueses ó comezo. Velaí o Rei don Duarte, coas súas sutís distincións entre "nojo e pesar, desprazer, avorrecimento e *suidade*", onde xa estaba proclamado o carácter "irracional" da *saudade* definida como un "sentido do corazón que vén da sensualidade, e non da razón, e fai sentir ás veces os sentidos da tristeza e do pesar"[6]. Duarte Nunes de Leão, pola súa parte, distinguía o termo latino *desiderium*, que Cicerón no IV das *Tusculanas* definira como *libido vivendi eius qui non adsit*, vontade de ver a quen non está presente, e *saudade*, "termo que non se utiliza soamente referíndose a persoas senón tamén a seres inanimados, lembranza de algo con desexo do mesmo"[7].

Seméllame esta unha das definicións máis atinadas da nosa palabra e a única que ata de agora podía explicar, segundo eu creo, a bifurcación que o termo galego-portugués *saudade* tivo co correspondente termo español *soledad*. Francisco Manuel de Melo considerou as definicións oximóricas, que ben denunciaban o século no que vivía. A saudade para el, era "un ben que se goza e un mal que se padece"[8]. Con todo, sendo nós filólogos, a última palabra sería, como de costume, para dona Carolina Michaëlis de Vasconcelos. Na súa lucidez teutónica, a sabia dona Carolina non acollía con gusto a idea da singularidade portuguesa da *saudade*, cousa se non palabra, aínda que recoñecese que das catro verbas peninsulares de orixe latina, sinónimas de *saudade*, a castelá *soledad*, do mesmo modelo etimolóxico *solitate*, a asturiana *senhardade*, de *singularitate*, equivalente semántico, segundo ela cría, ó galeguismo *morriña*, derivado á súa vez de *morrer*, e as catalanas *anyoransa*, *anyorament*, ningunha correspondía "plenamente ó termo portugués", non tendo, nin remotamente, na economía dos respectivos idiomas irmáns, a importancia e frecuencia da *saudade* na lingua portuguesa; nin tampouco o *quid*, o non sei que de misterioso que leva inherente"[9]. Reivindicaba, non embargantes, dona Carolina a absoluta concordancia semántica entre a *saudade* dos portugueses e a

5. O *ciao* italiano provén do veneciano e significaba na súa orixe "son o teu escravo".
6. "Leal conselheiro", cap. XXV, en *Filosofía da saudade*, *op. cit.*, pp. 13-17.
7. Nunes de Leão, Duarte. *Origem da lingua portuguesa*. Lisboa, 1606, cap. XXI.
8. De Melo, Francisco Manuel. "Epanáfora amorosa", III, 1660, en *Filosofía da saudade*, *op. cit.*, p. 20.
9. Michaëlis de Vasconcelos, Carolina. *A saudade portuguesa*. O Porto, 1914.

Sehnsucht dos alemáns, introducía no discurso todas as *Zitronen* que florecían na saudosa Italia e, finalmente, enumeraba outros sinónimos perfectos de Saudade, como o *disio* italiano e dantesco ("era già l'ora che volge il disío/ ai navicanti, e 'ntenerisce il core/ lo dì ch' han detto ai dolci amici addio/ e che lo novo peregrin d'amore/ punge, se ode squilla di lontano/ che paia il giorno pianger che si more"[10]): e, "last not least", a *dor*, *doru* romana, da que nos falará máis tarde tantas veces un pensador como Mircea Eliade.

3. Neste estado da cuestión entrou na miña vida Ramón Piñeiro coa súa *saudade* galega e a suxestión de que certa peculiaridade lingüística e cultural dun pobo pode volverse para o mesmo bandeira autonomista: especialmente cando este pobo se atopa suxeito a outra cultura e lingua dominante. A bandeira da *saudade* converterase, no contexto hispánico, en estandarte de diferenciación, procura de raíces e instrumento de autopsicografía. Por vez primeira era posible para min relacionar esta pescuda coa dos poetas amigos sudamericanos, como Octavio Paz, ou a dos ensaístas e filósofos portugueses como Eduardo Lourenço, por citar dous autores de obras, ambas as dúas sonadas e aparentemente rotuladas baixo o mesmo título, *El laberinto de la soledad* de Paz, e o *Labirinto da saudade* de Lourenço. Coa súa traducción, sen embargo, os italianos, para os que o de Paz sería o *Labirinto della solitudine*[11] e o de Lourenço o *Labirinto della nostalgia*[12], farían explícita a diferencia semántica existente entre as dúas palabras, portuguesa e castelá. ¿Con cal dos dous significados casaría a *saudade* galega?

Lembro o día, anos sesenta, en que coñecín a Ramón Piñeiro. Fomos presentados polo profesor Celso Cunha: "Preséntoche o galeguismo feito home", dicía medio riseiro e medio conmovido o amigo Celso. Do galeguismo, ó profesor Cunha, como a min, gustáballe esencialmente a parte antiga, a da lírica galego-portuguesa e visitaba periodicamente Galicia na procura, ó longo do Camiño de Santiago ("ó comezo estaba o camiño marcado por santuarios", sentenciara Bédier), de documentos de arquivo: eses documentos notariais que testemuñan o feito de que a poesía dos trobadores e xograres galego-portugueses, feliz enxerto de sabedoría trobadoresca sobre unha primitiva raíz hispá-

10. Dante Alighieri. *Divina Commedia.* Purgatorio VIII. 1-6.

11. Paz, Octavio. *El laberinto de la soledad.* México, 1950. Traducción italiana de Giuseppe Bellini, *Il labirinto della solitudine*, Milán, Silva Editore, 1061; e de Alfonso D'Agostino, *Il labirinto della solitudine*, Milán, Il Saggiatore, 1982.

12. Lourenço, Eduardo. *O labirinto da saudade. Psicanálise mítica do destino português.* Publicacións Don Quixote, Lisboa, 1978. Incluso a traducción francesa (*Le labyrinthe de la saudade*, Bruxelas, 1988) non deu atopado unha palabra sinónima para traducir *saudade* e deixou no título a portuguesa, limitándose a facer unha anotación: "Terme qui, en français, peut se traduire par 'nostalgie mélancolique'".

nica, tiña tras súa toda unha historia sedimentada e documentada en arquivos. Seguindo a dona Carolina Michaëlis, pero con novas e doutas aportacións, Celso Cunha refería a serie *soedade*, *soidade*, *suidade*, viva en Galicia (especialmente na forma *soedade*) ata o século XV. E as argumentacións, ademais de provir dos cancioneiros medievais, atopábanse tamén nos textos bilingües do *Cancioneiro galego-castelán*, abranguendo poesías líricas da época de transición do primeiro ó segundo período (1359 a 1450)[13]; mais proviñan tamén de poetas modernos galegos, como Rosalía de Castro, a vosa Rosalía, e o Curros Enríquez de *Aires da miña terra* onde a *soedade* aflora baixo o paso dos séculos co seu inconfundible sabor galego. Discutiamos con Celso Cunha acerca das hipóteses de dona Carolina verbo da posible fusión e confusión habida nos séculos entre a área semántica de *solitate*, "soidade" coa de *salutate*, "salvación".

Ramón Piñeiro escoitaba sorrindo. Tería daquela pouco máis de cincuenta anos, tendo nacido en 1915, e de alí a pouco sabería eu que era galego de Láncara, provincia de Lugo, e que desde moi novo fundara en Lugo as Mocidades Galeguistas, sufrindo máis tarde, en nome da causa galega, persecucións e mesmo a cadea por ter intentado pasar ilegalmente a Francia para levar ó Goberno Republicano no exilio a voz dos galeguistas da España profunda[14]. Durante os vinte anos da nosa amizade, poucas veces me falou sobre el mesmo, preferindo outros asuntos máis impersoais, como en homenaxe ós meus intereses, que seguían a estar na poesía lírica galego-portuguesa, ou citando o Camões da *Elegia II* ("Mas na minha alma, triste e saudosa a saudade escreve e eu translado"). Falábame da revista *Grial*, que o tiña entre os seus fundadores, e de que eu fora un dos seus primeiros asinantes: Grial, outro nome emblemático, obxecto das nosas conversas, por todo o que de seu significaba, non só na poesía e mais na literatura senón na propia vida de Galicia, agromando a cotío coa súa dimensión "artúrica" na vida de todos. Moitas desas conversas, logo de seren orais (cando eu subía a escaleira de Xelmírez, 7), continuaban en cartas cheas de cariño, dun agarimo que conmovía tamén pola súa grafía de calígrafo, reveladora do respecto para cos outros que el poñía en todos os seus actos. Dicíame que, levado polas circunstancias da vida, el acabara por ser esencialmente un político, pero que esa non era a súa ver-

13. Michaëlis de Vasconcelos, Carolina. "A saudade portuguesa", caps. III e V, O Porto, 1914, en Afonso Botelho e António Braz Teixeira, *op. cit*, p. 154.

14. Moito máis souben acerca de Ramón Piñeiro, mesmo despois da súa morte, en conversas con amigos e sobre todo pola fermosa biografía de Carlos Casares, *Ramón Piñeiro. Unha vida por Galicia*, Gráficas do Castro/Moret, A Coruña, 1991. Outro libro fundamental, mesmo pola súa documentación iconográfica, para a memoria e a comprensión da persoa de Ramón Piñeiro é a *Homenaxe a Ramón Piñeiro*, publicada pola Fundación CaixaGalicia da Coruña en 1991.

dadeira vocación; o que realmente lle gustaría ser era lingüísta e de aí a súa amizade con filólogos e lingüistas estranxeiros que se ocupaban da lingua e da literatura da súa terra, como Celso Cunha ou eu mesma, engadía, facéndome grande honra. Mais como o problema do galego estaba condicionado por moitos factores extra-lingüísticos, ou, mesmo, meta-lingüísticos, el acabara por trocar a filoloxía pola filosofía, actividade sen dúbida superior, se a vida non o tivese obrigado a ser, limitadamente, un filósofo do galeguismo, da singularidade galega. Neste eido debían ser mesmo incluídas todas as súas preocupacións e meditacións acerca da *saudade*.

4. Foi así como, pouco a pouco, baixo a súa influencia, comecei eu tamén a interesarme polo lado máis filosófico do problema. Aquí os traballos de Ramón Piñeiro tiñan posición destacada. Na inmediata posguerra tiña el, en efecto, situado o problema saudosista sobre novas bases, tirándolle a súa roupaxe psicoloxista, mesiánica e panteísta con que os apóstolos galegos e portugueses o tiñan revestido, establecendo unha inevitable relación coas correntes existencialistas (dun certo existencialismo, naturalmente). A saudade deixaba de ser, xa que logo, un producto tardo-romántico de Portugal ou unha palabra medieval recuperada polos doutos da lingua, para se converter nun sentimento de singularidade ontolóxica do home, nunha nova e radical posibilidade de cosmovisión e de enfoque do misterio da existencia. Son os fermosos ensaios que Piñeiro vai escolmar en 1984 no seu libro *Filosofía da saudade* que vén sendo unha das súas obras máis coñecidas, pero todos eles, ou case todos, se remontan ós anos cincuenta, anos que se corresponden coa súa máis profunda actividade especulativa[15]. Na dedicatoria dun exemplar desta obra, publicada como sempre pola Editorial Galaxia, dicía ofrecerme "vellos ensaios dos tempos difíciles en que a Saudade era unha arma de loita". Eu daquela xa chegara a comprendelo. O máis importante, mesmo polo aspecto innovador introducido por el no tratamento do problema, é se cadra o máis antigo, o segundo desta serie, titulado: "Significado metafísico da saudade", cun subtítulo esclarecedor: "Notas para unha filosofía galaico-portuguesa". Trátase

15. Piñeiro, Ramón. *Filosofía da saudade*. Galaxia, Vigo, 1984. Comprende os ensaios: I, "A filosofía e o home", relatorio exposto no I Congreso Nacional de Filosofía, Braga, 1955; II, "Significado metafísico da Saudade", publicado en maio de 1951 no número 1 da Colección Grial titulado *Presencia de Galicia*, primeira publicación da Editorial Galaxia. O texto volvería ser publicado no mesmo ano na *Revista Filosófica* editada en Coímbra por Joaquim de Carvalho; III, "Para unha filosofía da Saudade", apareceu en 1953, nun tomo colectivo publicado pola Editorial Galaxia co título *La saudade*; IV, "Saudade e sociedade, dimensións do home", conferencia pronunciada na Aula de Cultura de Vigo en 1975, dentro do ciclo organizado por Álvaro Cunqueiro sobre "Galicia e o home galego"; V, "A saudade de Rosalía", publicado en 1952, nun volume colectivo que a Editorial Galaxia dedicara a Rosalía de Castro.

do mesmo problema exposto, por exemplo, por un filósofo sudamericano, como Leopoldo Zea, quen, na pregunta "¿Existe unha filosofía americana?"[16], constataba xa a resposta afirmativa. O mesmo que Zea, Piñeiro estaba convencido de que a "filosofía non é un simple problema teórico que xorde e se desenvolve solitario entre os confíns ideais da razón, senón máis ben unha necesidade íntima e radical de calquera ser humano". Todo home, conforme a súa opinión, así como tamén todo pobo, comunión de individuos que por razón da súa convivencia social participan dunha comunidade espiritual que se reflecte na creación dunha lingua, dunha literatura, dunha arte ou de institucións sociais peculiares, ten, daquela, a súa propia filosofía.

A filosofía galaico-portuguesa, patrimonio común de Portugal e Galicia, caracterízase no conxunto cultural europeo por reflectir unha compoñente esencialmente lírica dos seus creadores[17]. Era a lírica, engadía Piñeiro, a que revelaba ós membros da comunidade galaico-portuguesa a nota espiritual tipicamente súa: a saudade. Desta saudade inefable e intraducible Piñeiro ofrecíanos unha definición no plano filosófico e metafísico. Velaí, na miña traducción portuguesa: A saudade é "vivência espontânea da pura intimidade do ser humano, vivência funda, escura e passiva porque se produz con independência e com anterioridade relativamente à actividade do intelecto e da vontade". "Vivência, a da saudade que constitue uma característica típica do mundo galaico-português por na sua configuração espiritual comun predominar a dimensão sentimental".

Tal vez resulte aquí complicado, para quen non goce dunha certa preparación filosófica e, aínda sendo así, dunha predisposición para as fonduras metafísicas, seguir a Piñeiro na súa argumentación. Mellor será citalo case ó pé da letra. A Saudade, nota distintiva da espiritualidade galaico-portuguesa non é un simple estado psicolóxico, como sería por exemplo o da morriña, senón unha vivencia orixinal, de plena significación ontolóxica. O desenvolvemento dunha filosofía galaico-portuguesa baseada na peculiaridade espiritual da comunidade tería interese verdadeiramente universal pois non só permitiría ós galego-portugueses comprender mellor o seu propio ser, senón que representaría unha contribución fundamental na evolución do pensamento filosófico europeo. E neste punto, para os que ven as cousas desde fóra, case en réxime de alleamento, de *ostranienie* que dirían os formalistas rusos, o que conta é que, para a afirmación desa peculiaridade lírica e sentimental un pobo, ese pobo, ou polo menos os seus líderes espiri-

16. Zea, Leopoldo. *La filosofía americana como filosofía sin más.* México, 1969; *Filosofía latino-americana*, Edicol, México, 1976.

17. Resumo aquí libremente os contidos do ensaio de Ramón Piñeiro, pp. 44 do volume citado.

tuais, estivese disposto a loitar e a sufrir. O que conta, como diciamos ó comezo, é que a *soedade-saudade* do galego se volva nun determinado momento, no contexto hispánico, instrumento de loita.

Conmemorar hoxe aquí ó galeguista Ramón Piñeiro, galego de Lugo, quere dicir só unha cousa: que, para o meu corazón de estranxeira, amiga de Portugal e de Galicia ata o punto de facer destas terras e da súa cultura parte integrante do meu traballo e da miña vida, Galicia é unha soa. A terra na que, para xente coma vós e coma Ramón Piñeiro, a saudade foi, e aínda o é, algo máis ca un sentimento colectivo: ela constitúe unha forma de diferenciación e, daquela, mais nunca con violencia, "arma de loita".

L. S. P.

Planificación da cultura e mercado

Itamar Even-Zohar

I. A PLANIFICACIÓN DA CULTURA: ÉXITO E FRACASO. CONCLUSIÓNS XERAIS

A finalidade deste traballo é a proposta dunha serie de hipóteses verbo das relacións entre a planificación da cultura e as forzas do mercado como factores de organización da vida social e individual. Estas hipóteses son basicamente xeneralizacións inductivas a partir dunha serie de estudios particulares; a súa conceptualización e análise, non embargantes, non sería posible sen a formulación teórica fornecida previamente polas teorías da cultura. Síntome na obriga, daquela, de esbozar aquí explicitamente as conclusións, provisionais polo de agora, dos estudios mencionados e os presupostos teóricos que serviron como marco para o seu desenvolvemento.

Antes de afondar na análise, formularei as hipóteses xerais:

1. A planificación da cultura é unha actividade común na historia das entidades colectivas de calquera dimensión ("familia", "clan", "tribo", "comunidade" ou "nación"). Aínda que a práctica da planificación da cultura a poidamos atopar xa desde os albores da historia, cando realmente adquiriu un especial dinamismo foi a partir de finais do século XVIII nos países de Occidente, especialmente ó nivel das grandes entidades sociais. Desde aquela, converteuse nun factor fundamental na configuración, transformación e estabilidade destas entidades sociais.

---

* Relatorio pronunciado con ocasión do seminario "Literatura galega: ¿literatura nacional ou subalterna?" Mondoñedo, 3-5 de setembro de 1994. Agradezo a Xoán González-Millán e a Montserrat Iglesias a súa axuda inestimable na preparación do texto na versión en castelán.

2. A execución da planificación proporciona cohesión socio-semiótica a unha entidade real ou potencial, ó xerar un espírito de solidariedade entre os individuos que se suman ó repertorio introducido pola devandita execución.

3. Esta cohesión pode converterse nunha condición necesaria para constituír unha nova entidade e/ou para a supervivencia dunha entidade xa preexistente.

4. O realmente relevante nunha planificación da cultura é, daquela, a posibilidade de que se leve a cabo con éxito. Acorde con isto, os planificadores deben quer posuír o poder, quer conquistalo, quer conseguir o apoio dos que o detentan.

5. Por medio dunha execución efectiva, os que detentan o poder e mais os planificadores (incluídos aquí todos aqueles grupos mixtos de ambos colectivos que actúen coa súa correspondente capacidade) poden dominar ou controlar unha determinada entidade social. En tanto que en determinadas circunstancias tal dominio pode ser descrito ou analizado como o obxectivo único e o máis efectivo instrumento de que dispón unha entidade social para a súa supervivencia.

6. Dado que por definición a execución da planificación da cultura supón sempre unha transformación dun determinado estado de cousas, as perspectivas de éxito dependen dunha efectiva explotación das condicións de mercado. A probabilidade de que a planificación se vexa frustrada debe estar sempre entre as previsións tomadas. Ademais, nos casos en que as forzas de oposición á planificación da cultura sexan moi fortes, é posible o seu fracaso parcial ou total.

7. No caso de se producir un fracaso, parcial ou total, a planificación e mais as actividades relacionadas con ela non orixinan necesariamente resultados negativos desde o punto de vista do benestar da entidade correspondente. Sosteño que cando ten lugar unha actividade de planificación, independentemente das súas consecuencias, a entidade pertinente alcanza case sempre unha mellora nas súas condicións de vida. Ademais, estou cada vez máis convencido de que para a conservación dunha entidade socio-semiótica humana tal como a planificación *per se* pode xerar unha certa dinámica, unha intensificación da vitalidade que permite a esta entidade acceder a certas opcións das que previamente puido ser excluída. Suxiro o termo "enerxía" para designar este conxunto de acontecementos, polo menos ata atopar un termo máis apropiado.

II. O CONCEPTO DE "CULTURA"

Por presuntuoso que semelle, creo que todos compartimos a concepción, baseada en máis de cen anos de estudios, de que a cultura se pode definir como un agregado ou un repertorio de opcións que organizan as interaccións sociais.

Os termos "agregado" e "repertorio" suxiren conxuntos de elementos que manteñen relacións de interdependencia. Xeralmente, os repertorios son concibidos como conxuntos preestablecidos entre os que se pode realizar unha selección. Esta idea foi suxerida baixo unha gran variedade de termos, tales como "lingua", "eixe de selección", "paradigmático" ou "código", entre outros. Varios niveis do repertorio foron obxecto de discusión: unidades discretas (tal como o conxunto de pronomes, ou o denominado campo semántico do movemento), combinacións preestablecidas (tales como expresións ou comportamentos prefixados: a aperta de mans ó dicir ¿que tal está vostede", que vén sendo un bo exemplo de ambas as dúas dimensións), e modelos de maior magnitude, tales como "os procedementos máis efectivos na interacción cun administrador cando se busca traballo" (como observa Gumperz[1]). A hipótese principal, sen embargo, acentúa claramente a idea de estructuración como un aspecto distintivo dun repertorio, é dicir, a interdependencia dos compoñentes dun repertorio no sentido de que os seus valores están determinados polas súas interrelacións. Así, un conxunto non organizado, en caso de que isto fose posible, non constitúe necesariamente un repertorio.

O termo "opción" pode esixir unha explicación máis elaborada. Por definición, connota a elección entre dúas ou máis posibilidades dunha situación determinada. Sen embargo, o acceso ás posibilidades non existe en todas as situacións, aínda que poida estar presente no repertorio; unha posibilidade en si mesma pode estar presente nun repertorio e ausente noutro. Seguindo o exemplo clásico de Voegelin[2], "a persoa inmersa na cultura" sabe que "resulta máis apropiado axeonllarse nunha igrexa ca nunha oficina". Isto ilustra claramente o caso dunha elección limitada. Sen embargo, hai que engadir que onde non hai igrexas, ou onde as igrexas non son católicas, o propio acto de se axeonllar non é nin sequera unha posibilidade. Por suposto que o acto físico da xenuflexión resulta aquí irrelevante. É máis ben a función semiótica o que realmente importa. Pola súa mediación, a realidade social, ou o sistema de interaccións humanas, é modelado mentalmente e transformado nun comportamento efectivo. En xeral, todas as "opcións" son desa natureza, ou compoñentes de comportamento ("behavioremas" como suxeriu hai xa ben tempo Pike[3]) portadores de funcións socio-semióticas, é dicir, dispositivos (mentais) de modelación, ou modelos dos que se derivan unha diversidade de comportamentos.

1. Gumperz, John, "The Retrieval of Socio-cultural Knowledge in Conversation" en *Poetics Today* 1 (1-2), 1979, pp. 273-286. Do mesmo autor "Discourse Strategies". *Studies in interactional sociolinguistics,* 1. Cambridge University Press. Cambridge, 1982.

2. Voegelin, C. F. "Casual and Non-casual Utterances Within Unified Structure" en *Style in Language.* Ed. Thomas A. Sebeok, MIT Press, Cambridge, 1960, pp. 57-59.

3. Pike, Kenneth L. *Language in Relation to a Unified Theory of the Structure of Human Behavior.* Ed. Janua linguarum, series maior, 24, The Hague, Mouton, 1971 (1967), 2ª ed. rev.

Dicir que o repertorio de opcións organiza a interacción social significa que "a cultura" non é concibida aquí como unha superestructura social, nin como un reflexo de fenómenos sociais. Máis ben é considerada como o principio de organización por excelencia da vida social, tanto a un nivel individual como colectivo. Non hai, daquela, vida social sen cultura, nin pode grupo ningún, ou entidade (colectiva) perfectamente delimitada, definirse como tal sen se adherir a unha cultura determinada, é dicir, sen recorrer a un repertorio diferenciable e identificable.

En anticipación de probables equívocos en torno a un posible postulado encuberto de homoxeneidade, apresúrome a subliñar que o concepto de "repertorio de opcións" é de feito unha abreviatura teórica de "repertorio de repertorios de opcións". Non existe nunca un repertorio para un conxunto de situacións determinadas ou para un grupo social específico. Creo que non cómpre discutir en detalle esta idea, sobre a que reflexionei nos meus traballos en torno á "teoría dos polisistemas"[4].

A multiplicidade de repertorios que existen en concorrencia fai posible que certos sectores e individuos dunha determinada sociedade teñan máis fácil acceso ás opcións que outros. Daquela, canto máis complexo sexa o repertorio, tanto máis lle importa saber ó grupo e mais ós seus membros en que medida son accesibles e apropiadas as opcións nunha situación determinada. Ademais, unha das opcións que opera en tales momentos é loxicamente a capacidade de saber se unha opción é ou non a apropiada. Obviamente, a suxerente noción de "capital cultural" proposta por Bourdieu[5] é perfectamente aplicable a esta análise. Cun mellor capital cultural acumulado calquera grupo ou individuo logra máis "éxito". Esta hipótese pode ser aplicable a grandes unidades, como as "nacións", por exemplo.

A familiaridade cunha cultura é, daquela, unha condición absolutamente necesaria para manter con éxito a interacción colectiva ou individual. Sen embargo, o simple feito de coñecer en profundidade unha cultura, por imprescindible e beneficiosa que esta sexa, equivalería a ser competente só no uso dunha máquina (sen saber como está construída ou como funciona). Adquírese un mellor e máis poderoso capital cando se participa activamente na conformación dun repertorio de opcións. Noutras palabras, o saber facer e a habelencia dun consumidor, un intérprete ou un difusor dun repertorio é desde o punto de

4. Even-Zohar, Itamar. *Polysysten Studies. Poetics Today* 11:1. Duke University Press, Durham. Edición especial de *Poetics Today*. Iglesias Santos, Montserrat. "El sistema literario: Teoría empírica y teoría de los polisistemas" en *Avances en la Teoría de la literatura: Estética de la Recepción, Pragmática, Teoría Empírica y Teoría de los Polisistemas.* Ed. Darío Villanueva. Universidad de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1994, pp. 309-356.

5. Bourdieu, Pierre. "Le marché des biens symboliques" en *L'année sociologique* 22, 1971, pp. 49-126.

vista da independencia, do éxito e da mestría indubidablemente inferior á dun producto de novas opcións, é dicir, un innovador.

III. A PLANIFICACIÓN DA CULTURA E O DESENVOLVEMENTO ESPONTÁNEO

A planificación da cultura resulta, así, claramente un exemplo da creación de novas opcións nun repertorio. Sen embargo, cabe aquí unha certa ambigüidade, pois o termo "novas" non é tan evidente. Quixera argumentar que desde un punto de vista moi xenérico, calquera elemento ou calquera tipo de relación aínda existente, debe considerarse como "novo". Calquera acto, polo tanto, mediante o cal se produce un cambio nun elemento xa existente é, por definición, unha innovación.

A concepción xeralmente aceptada sobre repertorios culturais é que dalgunha maneira aparecen e se desenvolven mediante contribucións de masas anónimas. Estas contribucións son descritas normalmente como "espontáneas", é dicir, como productos, e mesmo subproductos, do proceso da interacción humana. Unha presuposición da idea de espontaneidade é que os compoñentes que emerxen en tales circunstancias son fortuítos. Ademais, a maneira en que o inventario acumulado se organiza e se transforma nun repertorio parece ser o resultado de libres negociacións entre as forzas do mercado. A cuestión principal na axenda de todas as ciencias humanas xira en torno ós complexos mecanismos utilizados polos entes sociais cando adoptan ou se suman a un repertorio específico, a partir da libre negociación entre as forzas mencionadas. Esta concepción é unha hipótese básica, eficiente e adecuada para a investigación da cultura.

Non obstante, e sen ter que eliminar as ideas de espontaneidade e negociación do mercado, esta hipótese precisa varias modificacións, consistentes fundamentalmente na introducción de dimensións adicionais, unha das cales sería a hipótese de que a planificación pode xurdir en calquera momento como unha consecuencia ineludible das devanditas negociacións. Noutras palabras, unha vez que a entidade, individual ou colectiva, detentadora dunha determinada posición, dá en actuar para promover certos compoñentes e para suprimir outros, a "espontaneidade" e os "actos intencionais" chegan a ser *ipso facto* mutuamente interdependentes. O intento dunha intervención deliberada para establecer unha serie de prioridades nun grupo de posibilidades frecuentemente designada co termo de "codificación" ou "estandarización" debe ser recoñecido como un exemplo básico de planificación. Se, alén de actuar en favor dalgunhas prioridades, un individuo ou un grupo determinado se compromete a idear novas opcións, a planificación, desde logo, adquire unha maior visibilidade e frecuentemente ve dificultada a súa execución.

¿Por que certos individuos ou grupos se comprometen na planificación da cultura?, ¿que esperan lograr con isto, que mecanismos utilizan? Estas son algunhas das cuestións que espero discutir na seguinte reflexión. Sen embargo, o contido específico dun repertorio planificado e os principios utilizados na súa elaboración queda hoxe fóra do alcance da miña análise, aínda que varias suxerencias irán aparecendo ó longo da exposición.

A estas alturas creo que podo retomar con máis detalle o estudio sobre a serie de hipóteses anteriormente mencionadas en torno á planificación da cultura.

3.1. *A planificación como un procedemento cultural común*

Se a "planificación" é concibida como un acto deliberado de intervención nun repertorio existente ou cristalizado, isto lévanos á miña primeira hipótese, a saber, que a planificación da cultura é unha actividade común na historia dos colectivos sociais. Creo que se pode afirmar que desde os primeiros albores da historia unha das preocupacións fundamentais de grupos e individuos en materia de organización social foi a ordenación de algo que puido ter xurdido como un conxunto desordenado de opcións, é dicir, a transformación duns inventarios non estructurados en repertorios estructurados. Obviamente, tales actos, calquera que fose a súa natureza, non poderían ficar no nivel da simple ordenación dun conxunto xa existente e definido. Mediante o acto mesmo da estructuración, por un lado, pódense estructurar novas relacións para categorías xa existentes, pero a través dos procedementos de combinación, analoxía e contraste poden xurdir tamén novos compoñentes.

En consecuencia, a planificación da cultura comezou definitivamente, a xulgar polas evidencias disponibles, co primeiro grupo organizado humano coñecido, a antiga civilización sumeria de Mesopotamia. Nesta, e en fases posteriores da historia coñecida da humanidade, é dicir, Akkad, Exipto, Babilonia e Asiria, o Imperio Hitita, incluídas outras organizacións políticas (así Mari, Ebla ou Iamhad), sobre as que se foi adquirindo un coñecemento máis detallado nos últimos anos, a planificación pasou a mans dos que lograron acceder ó control físico dos grupos sobre os que intentaron impoñer unha cultura organizada.

O evidente interese na planificación da cultura expresado polos gobernantes desas entidades é unha clara evidencia da súa conciencia de que a forza física era insuficiente como único instrumento eficaz dunha dominación perdurable. A aparición de prácticas e institucións relixiosas centralizadas (a diferencia, quizais, de determinados cultos locais), conforme nos revelan os historiadores, pode explicarse mellor en termos dunha cohesión social que se imparte a través dunha lealdade cognitiva conseguida coa persuasión.

Ó adherirse a unha mesma relixión, a colectividade adquire un determinado coñecemento da realidade, e coñece as opcións e repertorios que ten á súa disposición e cales destes lle son indispensables. Os estudiosos do antigo Exipto suxeriron unha explicación para a misteriosa preocupación desta cultura pola construcción dos monumentos funerarios que coñecemos co nome de pirámides. Na súa opinión, a empresa enteira debíase á necesidade de inventar un proxecto común que persuadise á poboación a aceptaren un certo repertorio que lles indicase cal era a orde social e quen eran eles mesmos. Mesmo en Asiria, desacreditada en certa medida por mor da brutalidade e do uso extremo de violencia que exercía, os seus gobernantes mostraron un certo interese na autopromoción por medio da propaganda[6]. O canto das autolouvanzas por ter fornecido un bo nivel de vida ós seus súbditos parece ter sido un clixé usado polos gobernantes nas súas inscricións en toda a zona do Fértil Crecente (Azitawadda de Karatepe e Killamu de Sam'ál son só dous exemplos que me veñen agora á mente[7]). E as precoces escolas de Sumer, coas súas innovacións no sistema de escritura e no canon textual, son o máis antigo modelo coñecido en termos de sistemas educativos, academias e institucións que se ocupan da configuración canónica, e todos estes serven como os instrumentos máis idóneos para a implantación dos repertorios desexados.

En suma, a toma de conciencia por parte dos gobernantes da necesidade de adoptar unha acción deliberada a fin de crear un repertorio cultural que sexa aceptado polo menos por unha parte da poboación baixo o seu dominio non é un fenómeno moderno, nin o é o recrutamento de xente para acometer a súa planificación.

Parece, non obstante, que é unicamente no antigo Israel, e máis tarde na antiga Grecia, onde por vez primeira determinados individuos asumen a tarefa de fornecer repertorios alternativos, ou algunhas das súas partes, e de traballar publicamente para a súa aceptación.

6. Tadmor, Hayim. "History and Ideology in the Assyrian Royal Inscriptions" en *Assyrian Royal Inscriptions: New Horizons (in Literary, Ideological, and Historical Analysis)*. Ed. F. M. Fales. Orientes Antiqvi Collectio XVII, Istituto per L'Oriente, Roma, 1981, pp. 13-33. Do mesmo autor "Monarchy and the Elite in Assyria and Babilonia: The Question of Royal Accountability" en *The Origins and Diversity of Axial Age Civilizations*. Ed. S. N. Eisenstadt, State University of New York Press, Bufalo, 1986, capítulo 8, pp. 203-227.

7. Azitawadda (séculos VIII-IX a. de C.) xactábase repetidamente de que no seu tempo, "por todo o val de Adana desde a saída ata a posta do sol [...] había abundancia de comida e vivían ben todos os Danaeos e todo o Val de Adana" Vid. Tur-Sinai, N. H. "Ha ktobet ha knaait mi Karatepe (A inscrición canaanita de Karatepe)" en *Ha-lashon ve ha-sefer*. Vol. I (The Language and the Book: The Language). Mossad Bialik, Xerusalén, 1954, pp. 66-80.

Killamu (século XII a. de C.) presumía de que "[...] para algúns fun un pai, e para outros unha nai, e para outros un irmán. A aquel que nin a cara dunha ovella vira fixeno propietario dun rabaño, ó que non vira a cara dun touro fixeno propietario dunha manada [...], e así sucesivamente. Vid. Donner, Herbert e Röllig, Wolfgang. *Kanaanäische und Aramäische Inschriften*, I-II. Harrassowitz, Wiesbaden, 1971, nº 24. (As traducciòns son miñas).

Obviamente, refírome aquí ós profetas "libres" de Israel que, en aberta confrontación cos gobernantes culturais e políticos (xeralmente representados polo clero) arriscaron frecuentemente as súas propias vidas (o caso de máis sona é o de Xeremías) ó propoñeren repertorios alternativos. O mesmo se pode dicir dos filósofos gregos e mais doutros grupos ilustrados. Ambos os dous grupos poderían ser considerados, quizais, con todos os riscos de caer no anacronismo, como prototipos arcaicos dunha "intelligentsia", e mesmo intelectuais, pola súa relativa ou absoluta desvinculación, aínda que non sempre, das demandas duns gobernantes autoritarios, e mesmo en aberta contradicción con eles. A ausencia de evidencia sobre tales individuos ou grupos nas outras sociedades antigas mencionadas non proba necesariamente que non existisen, senón que de existiren, non se conservan probas, un dato que non é insignificante de seu en relación con tales sociedades.

Desde comezos da Idade Moderna, a fins do século XVIII, os gobernantes, e os demais representantes do poder, recorreron cada vez máis (aínda que non necesariamente por autoconvicción) a unha planificación da cultura, cun crecente uso dos repertorios fornecidos polos productores de cultura. En consecuencia, a planificación da cultura co vigor, a intensidade e o ímpeto adquiridos, converteuse nun factor fundamental na formación, reorganización e mantemento das grandes entidades.

3.2. *A execución da planificación crea cohesión socio-semiótica*

A execución da planificación proporciona cohesión socio-semiótica a entidades reais ou potenciais, mediante a creación dun espírito de unión entre os que se suman ó repertorio introducido por aquela execución.

O termo "cohesión socio-cultural" describe unha situación na que existe un sentimento amplamente estendido de solidariedade, de estreita unidade entre un grupo de persoas, unha situación que, en consecuencia, non precisa unha conducta imposta pola simple forza física. Paréceme que o concepto clave para describir esta cohesión socio-cultural é o de "disponibilidade". A disponibilidade é unha actitude mental que impulsa ós individuos a actuaren de xeito que, doutra maneira, podería ser contrario ás súas "inclinacións naturais". Por exemplo, ir á guerra para ser probablemente eliminado no enfrontamento con outros homes sería un caso extremo, pero repetido múltiples veces ó longo da historia da humanidade. A creación dunha extensa rede de disponibilidades sobre un bo número de cuestións é algo que, aínda sendo vital para calquera sociedade, non debe ser asumido como natural. Por exemplo, ningún goberno pode dar por suposto que a xente obedecerá as "leis", estean ou non escritas, se non se logra persuadilos para que así o fagan. A obediencia lograda mediante a forza física, como a militar e a policial, pode resultar efectiva só durante un certo lapso de tempo, pero tarde ou cedo estoupará,

en parte porque poucas sociedades poden permitirse manter un número o bastante amplo de axentes da lei.

O pensamento sociolóxico clásico recoñeceu o poderoso papel do que se deu en denominar "persuasión" para o "control efectivo" dunha poboación dominada. En palabras de Bartoli, estes mecanismos consiten en

> [...] persuasión cara á conformidade e á interiorización dos modelos culturais que a clase ou os grupos que ostentan o poder consideran necesarios para manter o equilibrio do sistema social e que, especialmente en sociedades fortemente estratificadas, outros determinados grupos ou clases sociais sitúen no centro dunha estratexia fundamental na configuración dun consenso sobre os obxectivos e as definicións pertinentes da realidade[8].

Non resulta doado avaliar o nivel de cohesión socio-cultural dunha sociedade. Paréceme de interese, sen embargo, tratar de desenvolver algunhas categorías claras para tales avaliacións. Estas categorías poden aclarar qué entendemos por "alto nivel", —termo que á súa vez pode ser interpretado no sentido de "éxito" desde o punto de vista da planificación— ou por "baixo nivel" —que pode ser interpretado neste caso por "fracaso"—. Cando, por exemplo, uns territorios se someten á dominación de poderes externos e a poboación local persevera no repertorio co que cristalizara como unha entidade, podemos falar dun alto nivel de cohesión socio-semiótica. Podería pensarse en casos como o dos xudeus na Palestina romana, os polacos baixo a dominación alemana, Rusia e Austria, ou os islandeses baixo o dominio de Dinamarca. Por outra parte, temos evidencia dun baixo nivel de cohesión no aparentemente rápido colapso e desaparición dos asirios como unha entidade con organización propia e como unha sociedade perfectamente individualizada. Este é un exemplo especialmente chamativo polo notorio espírito solidario asirio, baseado na brutalidade e no terror.

3.3. *A cohesión socio-semiótica como unha condición necesaria para a creación ou supervivencia de grandes entidades sociais*

A cohesión socio-semiótica pode chegar a ser unha condición necesaria para crear unha entidade nova, e/ou para a supervivencia dunha entidade existente. As grandes entidades aquí discutidas, é dicir, as unidades sociais como "comunidade", "tribo", "clan", "pobo" ou "nación", non son —niso creo que estamos todos de acordo— "obxectos naturais". Están configurados por actos de individuos, ou de reducidos grupos de individuos, que toman a iniciativa e logran mobilizar os recursos necesarios para a tarefa. O elemento fundamental destes

8. Bartoli, Paolo. *Il condizionamento sociale.* La Nuova Italia, Florencia, 1981.

recursos é o repertorio cultural que lle permite ó grupo en cuestión xustificar o contido e a razón de ser da entidade como un colectivo perfectamente individualizado.

Téñense atopado métodos diversos para crear grandes entidades sociais, especialmente as coñecidas como "nacións", nas que observamos a procura dun repertorio apropiado para asegurar a existencia e a perpetuación da entidade. Os métodos máis salientables parecen ser os seguintes:

1. Un grupo apodérase dun territorio pola forza e controla os seus habitantes. Se o obxectivo é unha prolongada permanencia é probable que os membros do grupo invasor cheguen á conclusión de que para manter e asegurar a entidade social terán que traballar na cohesión socio-semiótica. Moitos casos históricos nos que unha relativa minoría invade ou controla por outros medios un extenso territorio ofrecen exemplos adecuados: os francos na Galia, os suecos en Kievo Rus, os suevos e visigodos na Península Ibérica, os ostrogodos en Italia.

2. Un grupo de individuos se organiza e se entrega a unha loita polo poder para se liberar do control que desexan rexeitar. Unha vez asegurado o triunfo, os individuos poden atoparse nunha situación desconcertante con respecto á entidade que crearan, a cal, unha vez rematado o enfrontamento, pode desintegrarse por falta de cohesión. Este pode ter sido o caso de Holanda logo da chamada rebelión contra a dominación española. Segundo Schama:

> A invención máis extraordinaria dun país que estivo chamado a ser famoso polo seu enxeño foi a súa propia cultura. De elementos tomados de materializacións culturais previas, os holandeses crearon unha nova identidade. A súa configuración foi unha resposta a algo que doutra maneira sería unha lexitimación negativa insoportable: a rebelión contra a autoridade real. A diferencia dos venecianos, posuidores dunha mitoloxía histórica que estragou unha liñaxe de continuidade e antiguidade inmemoriais, os holandeses comprometéranse irrevocablemente a unha "ruptura" co seu pasado, e víronse obrigados a reinventalo para pechar a ferida e organizarse de novo como entidade política. Nun nivel máis pragmático, era obrigado que a lealdade popular se mobilizase exclusivamente en favor da nova Patria. As demandas dunha cultura holandesa do norte cifrábanse, daquela, na identificación de todos os habitantes de dentro das fronteiras da nova República cun destino común novo, para estigmatizar o pasado inmediato como alleo e impuro e o futuro como patriótico e prístino[9].

9. Schama, Simon. *The Embarrassment of Riches: An Interpretation of Dutch Culture in the Golden Age.* Alfred A. Knopf, Nova York, 1987, p. 67.

E engade:

> O patriotismo holandés non foi a causa senón a consecuencia da rebelión contra España. Independentemente da súa invención despois do feito, sen embargo, chegou rapidamente a ser un foco poderoso de lealdade para a xente que se viu a si mesma loitando con absoluto entusiasmo. Aínda que este entusiasmo non estivese representado tanto pola nova abstracción dunha nova unión como por concrecións como Leiden e Haarlen, a concepción dunha nova patria forneceulles ós cidadáns, sen dúbida, un sentido de protección e esperanza; de non ser así ben poderían sentirse totalmente illados e fisicamente acosados. Non sorprenderá, xa que logo, o feito de atopar neste período dos grandes asedios de 1570 que o primeiro sinal de identidade nacional aparecese en moedas e medallas[10].

3. Un individuo, un número de individuos, ou un grupo, comprométense a idear un repertorio para xustificar a imposición dunha entidade sobre un territorio que non coincide necesariamente co seu propio. Isto ten que ver frecuentemente coa denominada unificación exitosa de diferentes territorios. O mesmo método pode, sen embargo, funcionar de maneira oposta, é dicir, pode suceder que un certo territorio se separe total ou parcialmente dunha entidade maior.

Os exemplos máis salientables do primeiro tipo, é dicir, o da "unificación", poden ser os de Alemaña e Italia, dous estados fundados arredor da mesma década (1860-1870). En ambos os dous casos, o traballo dos planificadores precedeu ó curso dos acontecementos políticos. En Alemaña, como indicou un obvservador anónimo "Bismark non sería quen nunca de crear a unidade política se os nosos escritores clásicos non fundasen con anterioridade a unidade espiritual"[11]. En Italia, sen a colaboración de tal repertorio o minúsculo, e en opinión de moitos ridículo, reino de Piemonte-Sardeña non podería lograr unificar a totalidade da península italiana con Sicilia. Como exemplos do segundo tipo, é dicir, da separación, poden servir todos os casos de estados e provincias creados pola separación dun estado máis amplo, tales como Checoslovaquia logo da primeira guerra mundial, ou Eslovaquia en 1993, ou calquera das nacionalidades de España, máis concretamente Cataluña e Galicia.

4. Un grupo que non pode sobrevivir cultural ou fisicamente como unha entidade nun territorio (onde pode ser unha minoría perseguida ou discriminada) emigra a algún outro territorio e alí activa un repertorio que non podería desenvolver no seu país natal. Isto podería valer para a emigración algo nebulosa da xente nórdica que fundou Islandia

10. *Ibidem*, p. 69.

11. Goldstein, Moritz. *Begriff und Programm einer jüdischen Nationalliteratur.* Jüdischer Verlag, Berlín, 1912, p. 20.

no século IX, ou a emigración dos puritanos ingleses a Nova Inglaterra, ou a emigración dos xudeus a Palestina a fins do século XIX[12].

En todas as variedades de emerxencia e cristalización de entidades se fai evidente, calquera que sexa a vía seguida, que os esforzos por asegurar a pervivencia dunha entidade a través do tempo son seguramente dun interese primario para os que están interesados nela. Canto maior sexa a entidade, maior será a dificultade en mantela sen un mínimo de acordo común entre os seus membros[13]. Canta maior harmonía se acade coa cohesión socio-semiótica, tanto máis este interese común será a preocupación dun número cada vez maior de individuos. De non se lograr, ou de non se intentar sequera, naturalmente quedará reducido a un interese duns poucos privilexiados que se benefician da existencia da entidade. Co tempo, isto pode facer perigar, non obstante, a supervivencia da entidade na súa totalidade e en consecuencia poñer en perigo tamén os intereses do propio grupo privilexiado.

Por suposto, cando falo de "colapso" non me refiro á desaparición física dun grupo de individuos, aínda que esta ben podería ser unha das consecuencias dun cambio violento de poder. Os exemplos son demasiado numerosos e demasidao obvios para seren citados. Ó que eu fago alusión en tales casos é obviamente á terminación —permanente ou temporal— da existencia da entidade como colectivo coa súa propia identidade. Isto supón que os individuos se adhiren a un repertorio diferente que non poden xa usar para se definir como "distintos" con respecto a todos os demais.

3.4. *A planificación necesita unha base de poder*

O realmente importante na planificación da cultura é a posibilidade da súa exitosa execución. Por conseguinte, os planificadores deben posuír o poder, e/ou conseguilo, ou ben obter o apoio dos detentadores do poder.

O propósito desta hipótese, por trivial e evidente que pareza, chama a nosa atención sobre o feito de que a preocupación pola producción dun repertorio como tal é só unha condición necesaria para que unha planificación se leve a cabo. Sen embargo, sen a intervención do poder, dificilmente se pode obter resultado ningún. Non obstante, o poder pode conseguirse a varios niveis e de ningunha maneira se pode considerar unha simple noción en relación ós productores da cultura.

12. Sobre a planificación da cultura en Palestina vid. Even-Zohar, Itamar. "The Emergence of a Native Hebrew Culture in Palestine, 1882-1948" en *Poetics Today* 11:1, pp. 175-191.

13. Para máis información sobre o concepto de "acordo" vid. Dodd, Philip. "Englishness and the National Culture". Eds. Robert Colls and Philip Dodd en *Englishness: Politics and Culture 1880-1920*. Croom Helm, Londres, 1986, pp. 1-28, especialmente p. 2.

As máis das veces, o compromiso dos intelectuais con producción dun repertorio parece ser un puro xogo. Coa aparición dos autodenominados productores, é dicir, uns individuos que realizan servicios que non dependen dos detentadores do poder, os productos que ofrecen poden non alcanzar máis que un círculo moi limitado. A xente que produce textos nunha lingua que non é aceptable para os grupos dominantes, ou inventa e reinventa a lingua utilizada, ou se entrega a infinitas discusións sobre a natureza da entidade ideada, sobre a identidade dos seus futuros membros, sobre o estilo de vida que reemprazaría ó dominante e así sucesivamente —esta xente pode parecerlle patética a un gran número de contemporáneos, que quizais consideren este tipo de actividades como algo estéril—. Sen embargo, unha vez que o producto sae do círculo inicial e consegue dalgún xeito entrar no mercado, pode dar lugar a un grupo maís amplo e converterse na base do poder necesario para iniciar un proceso que en última instancia posibilite os cambios desexados nun determinado estado de cousas. A situación sofre entón un cambio radical, ó transformar uns aparentemente productores de cultura en poderosos axentes de poder.

Unha planificación que se poida converter nun proceso capaz de reemprazar un repertorio pode iniciarse a partir dun producto aparentemente inofensivo. Desde logo, en moitas entidades novas —do tipo que sexan—. pódese seguir a pista das súas raíces a estes productos, quer sexan epopeas presuntamente escritas a partir das narracións orais dos antigos leñadores de Karelia (penso, por suposto, no *Kalevala* finés), ou nas composicións líricas escritas nunha lingua desprestixiada por unha fráxil muller case recluída en Santiago de Compostela (refírome, por suposto, a *Cantares gallegos* de Rosalía de Castro). A epopea finesa ou os poemas rosalianos convertéronse en pedras angulares duns repertorios novos para iniciar un tipo diferente de cohesión sociosemiótica. En Galicia, o círculo reducido ó que Rosalía, e en especial o seu home, Manuel Martínez Murguía, pertencían —coa organización duns "inocentes" Xogos Florais, emblematicamente representados polos celebrados en Tui en 1891— crearon a primeira canle pública para as novas opcións que se ían ofrecer a un potencial mercado de consumidores. Na Italia anterior á unificación, as óperas de Verdi deberon xogar un papel semellante, cos textos censurados dos seus libretos, quizais excesivamente perigosos para o poder dominante.

Os Xogos Florais e mais unha variedade de asociacións e sociedades que adoptaron denominacións tan inofensivas como "Irmandades da Fala" en Galicia, son uns instrumentos primarios, e mesmo excesivamente toscos, para a creación de bases de poder na execución dunha planificación da cultura. Aínda que se poidan solidarizar como formacións políticas, é dicir, partidos e organizacións sociais masivas, non podo identificar ningún caso no que as actividades fixesen progresos sen unha compenetración de asociación ou colabora-

ción cos detentadores potenciais ou reais do poder. Na península italiana a planificación da cultura podería ser practicada durante un longo período de tempo sen acadar o obxectivo de crear unha nova Italia e uns novos italianos —non só politicamente independentes de Austria e mais de España senón tamén predispostos a seguir novos vieiros na organización da vida colectiva—. Foi a compenetración das súas aspiracións coas ambicións políticas do primeiro ministro do Piemonte, Cavour, a que fixo todo posible, de forma case repentina. Ideas frustradas, como o renacemento da lingua literaria italiana, poderían comezar a adquirir realidade por fin co establecemento do estado italiano. Do mesmo modo, máis de cen anos de demorados esforzos por crear unha entidade galega con identidade propia non puideron producir o mesmo resultado que uns sete ou dez anos de goberno autónomo. Aínda que serodiamente, este goberno "demostra", por así dicilo, que se podía utilizar con éxito o rico repertorio xa disponible, e máis particularmente, a lingua rexuvenecida galega, como base de xustificación óptima para a identidade política de Galicia, unha das necesidades máis imperiosas na tarefa de asegurar a continuidade da súa autonomía.

3.5. *A planificación efectiva pode converterse no interese dunha entidade*

Está suficientemente comprobado que os planificadores e os detentadores de poder poden adquirir, mediante unha execución exitosa, o dominio ou control dunha entidade determinada. Para citar de novo a formulación de Bartoli, que considero emblemática da tradición sociohistórica, tal dominio é o propósito e o obxectivo último da planificación da cultura: os detentadores do poder buscan reforzar as súas posicións coa proposta dun repertorio atractivo a un sector maioritario da poboación, en tanto que os productores de cultura se poden transformar en detentadores do poder, se o seu producto é aceptado, ou ben recibir o seu apoio. En calquera caso, unha planificación exitosa pode reportarlles beneficios a ambos os dous grupos.

Este tipo de análises é perfectamente aplicable a bastantes casos nos que dificilmente se poden atopar outros intereses da mesma relevancia. Para un conxunto de individuos dun determinado territorio os beneficios derivados do establecemento dunha organización alén dos seus límites non son en absoluto evidentes. Pola contra, poden mesmo constituír unha ameaza para as súas liberdades e impoñerlles cargas onerosas.

Só cando se ten conciencia de que se poderían derivar beneficios do establecemento dunha gran organización ou de que a súa ausencia pode producir perdas, só daquela pode a xente amosar unha aceptación activa ou pasiva. Isto non significa que na práctica os encargados de levala a cabo reciban axuda dos demais individuos da sociedade, o que si é certo é que se atoparán algúns impedimentos máis.

Non debera estrañar, polo tanto, que uns compoñentes fundamentais dun repertorio alternativo teñan que ver frecuentemente con temas como a discriminación que, segundo se afirma, só se pode eliminar se o repertorio vixente resulta derrocado. Se os nosos opresores, por exemplo, fan burla nosa e nos discriminan porque carecemos do dominio da lingua que eles mellor coñecen, daquela, unha alternativa pode ser o uso da "lingua de noso". Esta "lingua propia" preséntase frecuentemente como un recurso natural, accesible por igual ós membros do grupo en cuestión. De feito, case nunca se dá esta situación porque o normal é que a lingua sexa reconfigurada a partir dun estado non normalizado, privando ós seus usuarios da súa accesibilidade e familiaridade. En moitos outros casos (o italiano, por exemplo) a lingua é en realidade a lingua de ninguén. Isto é aplicable a outros compoñentes do repertorio, tales como os costumes, vestimenta e alimentación diarios, as normas de interacción, etc. Sen embargo, en todos os casos, se son accesibles sen dificultade ou adquiridos mediante aprendizaxe, o realmente importante non é a condición do repertorio alternativo como "nativo", senón a súa diferencia coas opcións vixentes. Se un repertorio diferente pode ofrecer as opcións que doutra maneira serían excluídas, daquela, a posibilidade da súa aceptación é sen lugar a dúbidas inminente.

Os mesmos factores son aplicables a unha situación perfectamente institucionalizada e cunha entidade xa ben definida. En tales casos é de esperar un alto grao de cohesión socio-semiótica que leva ós membros da entidade a ofreceren resistencia a repertorios non desexados que se lles intenta impoñer. Nestes casos ten sentido argumentar que a resistencia a un repertorio alleo, ou o interese en promover repertorios propios, chega a ser un sentimento común, senón unha conciencia ben estendida, entre os membros da entidade. É, desde logo, a súa única forma de supervivencia como entidade e unha estratexia para garantir os seus privilexios.

Naturalmente, queda por discutir en que medida esta conciencia é consecuencia duns privilexios reais disfrutados por todos os membros dunha comunidade, ou o resultado dunha efectiva manipulación por parte dos axentes do poder. Considero que esta é unha cuestión que debe ser analizada en cada caso particular. Adiántome a desestimar calquera análise de tipo unilateral ou parcial: por unha banda, a análise pode caer nun falso idealismo, describindo tales compromisos como apoiados por todos os membros da comunidade dos que se di que, devotos da causa, se decatan de ata que punto os seus máis profundos "valores" están en xogo, e por outra, pode reducir o proceso a unha manipulación basicamente cínica coa única finalidade de reportar ganancias ós que se benefician da credulidade común.

3.6. *Os factores do mercado non se acomodan facilmente ós novos repertorios*

Posto que, por definición, a execución efectiva dunha planificación da cultura supón a introducción de cambios nunha determinada situación, as perspectivas de éxito dependen tamén dunha explotación efectiva das condicións do mercado. As posibilidades de fracaso son, en consecuencia, constantes. Ademais, cando as resistencias son fortes pode darse un fracaso —parcial ou total.

O "mercado" é un agregado de factores relacionados coa compravenda de productos e coa promoción de varios tipos de consumo. Nesta definición inclúense todos os factores que participan no intercambio semiótico ("simbólico") desas transaccións, e con outras actividades a el vinculadas. De ser certo que é a "institución cultural" a que trata de dirixir e dictar os tipos de consumo, determinando os valores dos diversos artigos de producción, o que realmente determina o seu éxito ou o seu fracaso é o tipo de interacción que establece co libre mercado. Na realidade socio-cultural, os factores da institución cultural e os de mercado poden entrecruzarse no mesmo espacio: por exemplo, os "salóns" literarios son ó mesmo tempo institucións e mercados. Aínda así, os axentes específicos que desempeñan o papel dunha institución ou un mercado poden non coincidir en absoluto. Unha escola, por exemplo, é unha sucursal da "institución" desde o punto de vista da súa capacidade para vender o tipo de bens que a orde imperante (é dicir, o miolo da institución cultural) desexa vender ós estudiantes. Os profesores funcionan normalmente como axentes comerciais, ou o que é o mesmo, como vendedores. Os compradores, transformados necesariamente nun tipo de consumidores, son os estudiantes. As instalacións escolares, entre as que hai que incluír os conseguintes modelos de interacción, constitúen *strictu sensu* o espacio mercantil. Sen embargo, todos estes factores xuntos, nunha análise máis detallada, poden ser considerados como o "mercado".

A efectiva execución dunha planificación da cultura demanda, xa que logo, capacidade de venda e publicidade comercial. Pode argumentarse que isto soa a simplificación, porque o consentimento para mercar un producto comercial non organiza necesariamente a vida do comprador da mesma forma que o fai un repertorio de cultura; é dicir, os productos non dictan unha interpretación da realidade nin as pautas de comportamento que deles poden derivar. Non creo que sexa este o caso, porque parece existir un acordo considerable con respecto ó papel de consumo moderno na interpretación da realidade por parte da sociedade de consumo. A liña divisoria entre os diversos modos de inculcación está noutra parte, a saber, non na profundidade e o peso, por así dicilo, dos productos que se promocionan, senón no seu grao de interiorización.

Como ben é sabido, a inculcación dun repertorio só pode pretender acadar éxito. A xente acéptao porque non existe outra alternativa, é dicir, porque se lle impón, ou porque as circunstancias así o requiren, ou porque esta é a única opción disponible desde os primeiros momentos da socialización, concretamente, desde o fogar familiar e a escolarización. A adhesión pública ó repertorio proporciona ganancias evidentes, tales como chegar a ser membro do Partido Comunista na U.R.S.S., ou cantar as louvanzas do camarada Stalin. Se isto supón unha negación completa da divindade, calquera indicio de relixiosidade pública pode ser eliminado da vida da xente. Sen embargo, ó día seguinte da caída da xa inexistente U.R.S.S. a xente moza na Rusia poscomunista, que non tivera acceso ningún ós cultos relixiosos, abrazaron ansiosamente a relixión ortodoxa; velaquí un repertorio cultural alternativo en aberta contradicción coa súa formación previa.

Sen embargo, permítanme reiterar que para que un repertorio sexa eliminado e reemprazado por outro non ten por que se dar un cambio de repertorio dentro do mesmo grupo social. Abonda con que se dea un cambio de posicións dentro da sociedade, por medio da cal o grupo que se adhire a un repertorio dado é empuxado cara á periferia da estructura total da sociedade, para que este repertorio perda a súa posición primaria. Procesos semellantes hainos ben deles en calquera sociedade, unha hipótese que nos obriga a admitir que de aceptarmos a teoría do mercado, daquela, calquera producto corre sempre o risco do derrocamento por parte dos seus opositores. No ámbito cultural, estes opositores poden estar representados por un grupo que foi previamente derrotado. De aceptarmos a idea do polisistema, cada vez que nos permitimos observar unha "fase nova" nun sistema, o que realmente observamos —como hai anos foi claramente conceptualizado por Tynjanov[14]— é o éxito dalgún repertorio novo no seu camiño cara ó centro. Este triunfo non aniquila necesariamente o repertorio máis antigo: pode que soamente o destrone. O derrotado pode ser nese momento demasiado débil para frustar a implantación exitosa do repertorio novo, pero pode facerse o suficientemente forte como para intentalo nun futuro.

Gustaríame insistir en que con demasiada frecuencia nos vemos tentados, quizais a prol dunha elegante descrición, a aceptar situacións perfectas. En materia de planificación da cultura, como con toda análise da cultura, as situacións perfectamente equilibradas son só temporais, e aínda así visibles só nun determinado sector da rede total de relacións que chamamos "sociedade" ou "cultura". Así, cando un proceso determinado, é dicir, a implantación dun certo repertorio polo que loitou un grupo de individuos, alcanzou o seu cume, pode de feito atoparse en

14. Tynjavov, Jurij. *Arxaisty i novatory.* Rep. München Fink, 1967; Akademia, Moscova, 1929.

vías de decadencia e ser ineficaz para facer fronte ás novas circunstancias que demandan un repertorio diferente.

3.7. *As consecuencias derivadas dun fracaso da planificación da cultura non constitúen a decadencia da entidade senón a creación de enerxía*

Cando se produce un fracaso, parcial ou total, a planificación, e as actividades correspondentes non producen necesariamente consecuencias negativas desde o punto de vista do benestar da entidade pertinente, aínda que pode, por suposto, ser prexudicial para os individuos involucrados nese proceso de planificación e execución.

Manteño que onde unha planificación tivo lugar, independentemente das súas consecuencias, a entidade pertinente pode acadar unha mellora no seu nivel de vida. Ademais, estou cada vez máis convencido de que para o mantemento de calquera entidade humana, a actividade planificadora crea co tempo algún tipo de dinámica, unha intensificación da vitalidade que lle permite á entidade correspondente ter acceso a unhas opcións das que puido ser excluída previamente. Suxiro o termo "enerxía" para designar este conxunto de acontecementos, polo menos ata dar cun termo máis apropiado.

Pode, por suposto, argumentarse que o compromiso coa planificación é o resultado da enerxía e non así ó contrario. Onde existe dinámica social a xente escribe textos tamén e desenvolve ideas e contribúe entusiasticamente a crear novos repertorios. Isto é incuestionable: a Roma antiga ou o Renacemento florentino salientaron primeiro en moitos outros aspectos antes de desenvolver os seus recursos culturais, polo menos ata onde alcanza o noso coñecemento sobre estas culturas. Sen embargo, en todos os casos que me serviron como demostración para as miñas hipóteses a preocupación pola planificación comezou a un nivel moi baixo no benestar dunha poboación. Isto non significa que todos foron humillados por igual ou que sufriron unha grave discriminación, senón que todos eles tiveron menos acceso ás opcións que os outros, ou polo menos así lles pareceu desde o seu punto de vista. Por exemplo, en comparación con Francia e Inglaterra, as provincias alemanas dispuxeron durante os séculos XVIII e XIX de menos opcións. Do mesmo xeito, a Galicia do século XIX non acabou marxinada pola súa situación xeográfica na península ibérica. Pola contra, Galicia foi a primeira provincia romana desenvolvida na península e mantivo esta posición case ata a unificación do reino español baixo Castela e Aragón. A súa decadencia foi debida a unha política de deliberado ostracismo por parte do goberno central. Os lentos e desorganizados pasos cara a un renacer de Galicia, efectuados ó longo do século XIX, constituíron a única oportunidade para poder establecerse como unha entidade cun repertorio propio e non restrinxido ás opcións dis-

ponibles e permisibles provenientes do centro. Despois de todo, esta é unha definición sintética das definicións das relacións entre "periferia" e "centro": a unha periferia permíteselle unicamente asimilar o que provén do centro, en tanto que este pode ofrecer novas opcións á vontade. O que din en chamar "enerxía" permítelle a un certo número de xente, ou a unha entidade cun mínimo de organización, asumir os privilexios dun centro. Se o logra aumenta notablemente o seu nivel de benestar local. Se non se fai nada, entón queda condenada a ser unha entidade periférica.

Se vostedes forman parte dunha periferia, calquera cousa que fagan, é dicir, todo o seu repertorio, é por definición inferior ó do centro, porque o centro sempre o controla mellor ca vostedes, e tómase a liberdade de desenvolvelo e cambialo con moita máis liberdade. Se vostedes falasen a "mesma lingua", por así dicilo, a lingua do centro soará aínda un pouco diferente, e estas diferencias poden supoñer varios obstáculos cando un quere conseguir un traballo en lugares de prestixio. Esta é unha descrición bastante adecuada das condicións de vida en moitas partes de Inglaterra ou Francia aínda hoxe. Por outra parte, atreveríame a manter que a situación nos territorios occitanos do sur de Francia é mellor que a situación dos mencionados territorios ingleses e franceses, aínda que peor que nas autonomías españolas, a pesar de que os intelectuais occitanos intentaron, desde o século XIX, un renacemento mediante a recreación da lingua e a totalidade do seu repertorio cultural[15]. Como sabemos, as periferias poden ser unha fonte de alternativas de innovación e de posicións de poder. E son precisamente accións como a planificación da cultura as que poden crear tal situación.

Non resulta doado determinar cando os resultados dun acto de planificación deben ser considerados como un éxito ou un fracaso. Unha das razóns é que para os planificadores e os executores o contido do repertorio pode chegar a ser máis importante que o seu obxectivo último. Por exemplo, se a recuperación do galego ou do italiano chegou a ser unha condición indispensable para os respectivos "Renacementos", daquela, o potencial fracaso do galego precisamente cando os obxectivos fundamentais da entidade galega parecen ter xa alcanzado o seu cume, podería desilusionar ós que condicionaron a súa visión do mundo e a súa identidade persoal á lingua, aínda que a lingua estivese destinada a mellorar, non empeorar como podería ter sucedido, as oportunidades dos individuos en relación co acceso ás opcións sociais.

A razón destas quizais tristes situacións estriba na natureza mesma da planificación. Pode ser breve se os planificadores e os detentadores

15. Thiesse, Anne-Marie. *Écrire la France: Le mouvement littéraire régionaliste de langue française entre la Belle Époque et la Libération.* Presses Universitaires de France, París, 1991.

do poder colaboran. Sen embargo, se os planificadores teñen que construír unha base de poder e dedicarse á creación dun repertorio o suficientemente atractivo para atraer ós detentadores do poder, daquela, o lapsus temporal entre a planificación e os resultados pode ser moi longo, ás veces secular como no caso galego. En situacións semellantes, o repertorio alternativo planificado, deseñado e adaptado a unhas condicións iniciais pode resultar desgraciadamente anticuado cando se queira iniciar a súa implantación. Por exemplo, se aínda parecía posible, hai tres décadas, sacar fóra da súa miseria á poboación galega mediante a lexitimación da chamada "lingua propia", os galegos actuais decatáronse de que limitándose a isto nada máis, lexitimada como está oficilamente a lingua galega, son máis probables as perdas que as ganancias. O resultado é que mentres un ve a lingua galega en todos os indicadores públicos, en camiños e edificios e en todos os formularios administrativos oficiais, os estudiantes e mais os seus pais galegofalantes séntense cada vez máis proclives a preferir o castelán, unha lingua descrita no patrimonio galego como a fonte de todo mal. Sen a lingua como un ingrediente fundamental do novo repertorio galego, non se podería, sen dúbida, lograr o actual éxito socio-político de Galicia. Sen embargo, coa lingua como un vehículo principal, ou mesmo exclusivo, de interacción socio-cultural, Galicia pode condenarse ó atraso. (O mesmo sucede co "bilingüismo total"). Non obstante, sen os conflictos en torno a estes e outros compoñentes do repertorio, Galicia non creará enerxía ningunha. Quizais non sexa máis que o prezo que deba pagar o ser humano por intervir na orde universal.

I. E-Z.

ENTREVISTA

O impacto social da reforma chinesa. Entrevista con Zhu Qingfang

Xulio Ríos

Zhu Qingfang é membro da Asociación Chinesa de Socioloxía, investigadora do Instituto de Socioloxía da Academia Chinesa de Ciencias Sociais, vicedirectora do Instituto de Desenvolvemento e Seguridade Social e Secretaria Xeral do Centro de Estudios de Desenvolvemento Urbano.

Trátase dunha das voces máis autorizadas na análise dos problemas e cambios sociais orixinados coa política de reforma e apertura que o milenario Imperio do Centro vén aplicando desde hai xa dazasete anos. Ó longo da entrevista reflexiona a propósito dos efectos sociais do cambio económico (desigualdades, desequilibrios), as mutacións máis profundas (na estructura social, no ámbito urbano), e os desafíos máis preocupantes.

Zhu Qingfang ofrécenos unha peculiar visión de China, desde dentro, pormenorizando nos fenómenos críticos que acompañan a emerxencia deste novo coloso, sen dúbida chamado a ser un protagonista clave e indiscutible do interdependente mundo do século XXI.

—É un feito recoñecido internacionalmente que China está cambiando a unha velocidade vertixinosa. As súas taxas de crecemento económico son as máis elevadas do mundo. Pero ¿en que medida está propiciando mutacións significativas na sociedade china?

—Entre os anos 1978 e 1993, a *gaige* e a *kaifang* (reforma e apertura) aseguraron unha taxa media de crecemento anual do 9,29%. En 1993 o PIB incrementou nun 13% en relación a 1992 (22% na industria, 4% na agricultura). Nalgunha provincia costeira como Guangdong, o crecemento

foi superior ó 30%. No primeiro semestre de 1994, a pesar dos esforzos do Goberno por enfriar a economía, o crecemento do PIB ascendeu ó 11,6 %. A economía chinesa multiplicouse por catro desde 1978.

Son datos reveladores dun éxito económico sen precedentes. Pero contemplados friamente poden dar lugar a equívocos importantes. Crecemos moito e rápido, pero non podemos ignorar o lado escuro desa medra. Magnificar esas cifras para minusvalorar os moitos problemas orixinados por ese crecemento ou a persistencia dun grande atraso na nosa sociedade, non conduce a nada. É incomprensible que institucións coma o Fondo Monetario Internacional (FMI) asegure, como fixo hai pouco, que China xa é unha potencia económica, ocupando o terceiro lugar no mundo despois de Estados Unidos e Xapón (en termos de "paridade de poder de compra"). Segundo o Programa das Nacións Unidas para o Desenvolvemento, na ordenación mundial de benestar, ocupamos a posición número 94, entre Sudáfrica e Perú. Isto di moito máis. En dous anos avanzamos sete posicións. Melloramos, pero pouco a pouco.

CAMBIOS NA ESTRUCTURA SOCIAL

—¿Cales son as principais liñas de cambio que experimentou a sociedade chinesa nos últimos anos?

—O primeiro carácter que eu destacaría é a transformación dunha sociedade puramente agrícola noutra máis moderna e desenvolvida. Pasamos dunha sociedade practicamente autárquica ou de semiautoabastecemento a unha sociedade de economía de mercado socialista. É unha modificación cualitativa importante. China foi sempre un país agrícola. No campo existía unha economía de autoconsumo. A economía de mercado a penas estaba desenvolvida. Cando principiou a reforma (1978) a economía mercantil representaba o 42% da economía e hoxe é dun 63%.

O segundo aspecto que cómpre destacar é a velocidade dese tránsito dunha sociedade agrícola e pechada a outra máis moderna. Os campesiños representaban o 80% da poboación total. Nos últimos anos, máis de cen millóns de persoas abandonaron as súas explotacións agrarias. Moitos emigraron ás cidades, outros proletarizáronse nas empresas de cantón e poboado.

Un terceiro carácter é, desde o meu punto de vista, decisivo. Nestes anos China pasou de ser unha sociedade illada e virada sobre si mesma, a ser outra máis aberta ó mundo. As relacións económicas exteriores son unha parte fundamental da actual política. Incrementáronse as exportacións e as importacións, os investimentos de capital

ZHU QINGFANG

estranxeiro, a exportación de man de obra, etc. China hoxe chega a todo o mundo. Antes ninguén sabía de nós. Ou, peor aínda, sabían polos disturbios e as barbaridades, comunmente disfrazadas de grandes proezas políticas.

O cuarto elemento consiste no profundo cambio experimentado na totalidade e en cada un dos diferentes grupos ou sectores sociais. Antes da reforma, a estructura social era moi sinxela: obreiros, campesiños e intelectuais. Pero agora todo é mais complexo, a variabilidade é moito maior. Principalmente xurdiu un sector social moi importante: o grupo privado e de traballadores independentes. Antes de 1978 a economía privada non existía e os traballadores independentes ou autónomos non pasaban de 150.000. A finais de 1993, xa sumaban en conxunto máis de 33 millóns. Son os rexistrados oficialmente. Pero en realidade deben ser bastantes máis. Neste sector pasamos dun 0,04% da poboación activa a un 5,5%. En quince anos.

—¿Que outras mutacións importantes experimentou a estructura social?

—Despois de permanecer varias décadas sen a penas alteración, a porcentaxe que cada grupo social representa no conxunto da poboación comezou a modificarse drasticamente. Por exemplo, a poboación traballadora pasou do 17% ó 15%, e estase producindo unha reestructuración na súa distribución interna: redúcese o número de obreiros que traballan nas empresas estatais e increméntase o das empresas colectivas ou de investimento estranxeiro.

O mundo dos campesiños tamén está coñecendo cambios moi espectaculares. A pesar de que a mecanización é moi baixa, a poboación excedente é moi alta. Algunhas fontes cífrana nuns 200 millóns de persoas. A política de creación de empresas de cantón e poboado, en si mesma positiva, non permite sen embargo absorber unha cantidade tan voluminosa de man de obra. A adicación á actividade privada ocupa un lugar secundario, pero cada vez máis importante, nas preferencias dos campesiños que abandonan o agro.

Aumentou enormemente a poboación flotante. Calcúlase que entre 80 e 100 millóns de persoas emigran do campo á cidade. Nas grandes urbes realizan traballos na construcción, na limpeza urbana ou en actividades menores como a reparación de bicicletas, etc. Cando é tempo de colleita regresan á súa aldea e logo volven emigrar. É este un fenómeno novo pois antes existían numerosos controles de todo tipo, principalmente administrativos e policiais, que impedían e controlaban estrictamente esa mobilidade da man de obra.

Tamén se incrementou o número de intelectuais. Antes diciamos que eran unha parte da clase obreira; hoxendía considéranse un sector

social con identidade propia. Porcentualmente pasouse do 6,5% a un 10%. En China considéranse intelectuais todas aquelas persoas que teñen como mínimo unha formación educativa de nivel medio, secundario ou técnico.

Existen outros colectivos sobre os que se discute si son ou non un grupo social. Por exemplo, os pensionistas (a xubilación é ós 60 anos para os homes e ós 55 para as mulleres) que forman un colectivo de 27 millóns de persoas; ou ese número, polo de agora indeterminado, que viven das rendas (especulación bancaria ou inmobiliaria principalmente).

—¿En que medida coa reforma xurdiron grupos de presión, de interese, minoritarios pero moi influentes e con gran autonomía? ¿Ata que punto poderían considerarse como tales os mandos militares, a burocracia civil ou os directivos das principais corporacións empresariais?

—Os grupos que me cita non xurdiron agora. Existían antes de iniciarse a política de reforma. Partindo da análise da realidade actual considero que coas reformas, a influencia deses colectivos experimentou un forte retroceso. Cando todo o control económico, social ou político se exercía desde un centro que manexaba todos os resortes, todo era perfectamente identificable e máis doado de manexar, se contabas coa influencia necesaria.

Agora todo é máis complexo, máis fragmentado, hai moitos carreiros, moitos centros de poder con influencia ata determinados espacios; e dispoñen de maior autonomía, mesmo ás veces "insubordínanse" ás directrices do centro tradicional que pugna por non ser medularmente desterrado na nova situación. Penso que no futuro, se democratizamos aínda máis a nosa sociedade, as posibilidades de intervención destes grupos pode ir a menos. Non é un tema pacífico, incluso entre nós, os sociólogos. Hai quen pensa totalmente o contrario do que eu creo. Non se pode negar que dispoñen de grandes recursos e poderosos intereses, pero, na miña opinión, non representan un grupo con identidade homoxénea e máis ben atravesan unha profunda crise de adaptación.

—¿Tamén é prematuro falar da existencia dunha especie de clase media?

—Sen dúbida. Hai xermes diso, pero aínda estamos lonxe. Non se pode identificar clase media coa existencia dunha franxa numerosa de persoas que teñen ingresos medios. É un concepto moito mais amplo. Efectivamente, en China os que perciben ingresos medios son a inmensa maioría, un 90% da poboación aproximadamente. Pero estamos falando de salarios moi baixos e de persoas que, por regra xeral, non se pode dicir que disfruten dunhas condicións de vida minimamente acomodadas.

Existe ademais unha fractura moi fonda entre o campo e a cidade. A curto prazo pode que nas cidades se consolide algo semellante a unha clase media, pero no conxunto do país será aínda insignificante porque a maioría da poboación vive no campo. As condicións de vida fóra das cidades son moi difíciles e atrasadas. Hai moito analfabetismo, graves problemas na educación e na sanidade, non se conseguiu erradicar relacións e tradicións de marcada natureza feudal (mesmo algunhas rexorden con intensidade). O ingreso é neste senso un valor secundario.

UNHA URBANIZACIÓN ACELERADA

—¿Como é a distribución campo/cidade?

—Segundo as estatísticas oficiais, a poboación urbana, incluída a dos cantóns e poboados, ascende a un 28% do total. Quere isto dicir que no campo vive aínda o 72% da poboación.

—Pero a reforma acelerou considerablemente o proceso de urbanización...

—Claro está. Na actualidade hai 62 cidades que superan o millón de habitantes. Nos últimos dez anos a poboación urbana pasou de 180 a case 330 millóns de habitantes.

Para apreciar mellor a magnitude do proceso en curso voulle dar algúns datos máis. O proceso de industrialización que se aplicou nas tres primeiras décadas da Nova China (1949-79) realizouse cun nivel mínimo de urbanización (só un 13%). Constitúe todo un éxito a escala mundial. Non esquezamos que en 1979 a industria representaba xa o 47% da renda nacional.

Desde unha perspectiva estrictamente demográfica habería que salientar o seguinte. En pouco máis dun cuarto de século pasamos de 559 a 918 millóns de habitantes. Nese tempo a poboación urbana pasou de 57,6 a 116 millóns, é dicir, 58,4 millóns máis. Iso supón só o 16% do crecemento demográfico total dese período. O crecemento concentrouse nun 84% no campo, xustamente cando ademais a superficie cultivada se estaba reducindo.

Para explicar unha situación tan anómala non abonda con recorrer ás medidas de carácter administrativo (prohibición das migracións, xeneralización da carta de residencia que vencellaba de por vida ó seu titular co lugar de orixe, etc). As medidas económicas (pleno emprego) e sociais (certa universalidade da protección social) reducían o atractivo das cidades.

Pola contra, de 1978 a 1990, como consecuencia principalmente da intensa demanda de man de obra que esixía a expansión dos sectores

económicos non estatais, pasouse dunha poboación urbana de 124 millóns a outra de 250 millóns de habitantes. A taxa de urbanización nese período pasou do 13 ó 22%.

—*¿Son moitas as diferencias que existen entre o campo e a cidade? ¿Como evolucionan?*

—O medio urbano é moi favorecido en relación ó medio rural. É un dos problemas máis serios que afronta a China contemporánea. Tratamos de reducir esas diferencias, pero en realidade non paran de aumentar. En 1978 a diferencia de ingreso entre o campo e a cidade era de 1 a 2,4 veces. Coas medidas adoptadas polo goberno, na primeira etapa da reforma, conseguiu reducirse ata 1,7 en 1983. Pero a partir de 1984, cando a nova política comezou a aplicarse nos medios urbanos, remontou de novo ata situarse nunha proporción de 1 a 2,5 veces. E continúa progresando.

As principais razóns que orixinan esa considerable diferencia entre os ingresos e o nivel de vida do campo e a cidade poderiamos resumilas en catro. Primeiro, o escaso valor que se lle atribúe ós productos agrícolas. Os campesiños traballan moito pero o que producen vale pouco. En segundo lugar, en termos absolutos, o investimento estatal na agricultura baixou. Na última década pasou do 10% ó 3% do investimento total. Os limitados recursos do Estado e a forte demanda das zonas en expansión, naturalmente urbanas, xeran unha contradicción inevitable entre as proclamas gobernamentais e as posibilidades presupostarias reais.

Un terceiro aspecto a ter en conta é a baixa productividade da actividade agrícola. Os campesiños non dispoñen de capacidade e medios suficientes para mellorar, ampliar ou modernizar as súas explotacións. Estamos a falar dunha actividade a maioría das veces familiar, baseada en métodos tradicionais, rudimentarios, sen tractores nin maquinaria moderna. En semellantes condicións resulta practicamente imposible aumentar a productividade.

Un último aspecto é a ausencia dun sistema de protección social. Este sería o instrumento básico que nos permitiría atenuar as diferencias existentes entre o campo e a cidade, pero en realidade só existe, e parcialmente, nas cidades. Os habitantes do medio urbano dispoñen de vivendas con alugueres simbólicos, asistencia médica gratuíta, escolas para os seus fillos, etc. Os campesiños contan con escasos servicios e cando os teñen dependen deles mesmos para todo.

—*¿Tampouco a asistencia sanitaria chega ó campo?*

—Menos do 20% da poboación (taxa inferior á porcentaxe de residentes urbanos) ten garantida a asistencia sanitaria. No campo os investimentos en materia de sanidade son mínimos. Os campesiños deben sol-

ventar o problema pola súa conta. Unhas veces recorren á medicina tradicional; outras, non lles queda máis remedio que desprazarse a unha cidade próxima. Agora, a través das empresas de cantón e poboado, instaladas nas zonas rurais ou nos seus arredores, promóvese a creación de pequenas clínicas. Pero os campesiños deben pagar na súa totalidade os servicios requiridos. Non existe un sistema nacional de seguridade social. Nalgunhas provincias estase experimentando a súa creación.

—*A inexistencia dese sistema de protección social influirá de maneira importante no éxodo rural...*

—Por suposto. Moitos soñan con marchar para a cidade en busca dunha vida mellor. Contando con emprego, no medio urbano, sempre se dispón dunha serie de beneficios indirectos inexistentes no rural. No sector estatal por exemplo, aínda que os salarios son máis baixos, o acceso á vivenda é mais doado, a sanidade é case gratuíta, hai garderías, transportes, terás unha pensión segura o día de mañá, subvencións diversas, poderás adquirir productos alimenticios ou bens de consumo proporcionados pola propia empresa *(danwei)* a prezos moi baixos, etc. Nas empresas colectivas xa non é tan así. Os beneficios sociais son practicamente inexistentes. Case como no sector privado ou de traballadores autónomos.

A poboación móbil ou flotante, como nós a chamamos (na súa inmensa maioría deixan a familia na aldea) concéntrase fundamentalmente nas provincias do Sur (Guangdong, Fujian e Zhejiang), onde o nivel de vida é máis elevado. Son varóns, menores de 35 anos e cunha formación moi superior á media do mundo do que proceden. O seu número oscila entre os 80 e os 100 millóns de persoas.

As nosas cidades non poden soportar tanta presión. Certamente, en todos os países a modernización implicou, diríase que inevitablemente, a participación dos campesiños, o éxodo rural e un certo desenvolvemento. Pero China é un país moi poboado (máis de 1.200 millóns de habitantes) e todo se produce demasiado rápido. Só en Pequín, na capital, entre 1978 e 1992, a poboación flotante pasou de 300.000 a 1.500.000 persoas. ¿Como poñer a punto a tempo as infraestructuras necesarias? É inevitable que se agraven os problemas sociais.

Agora procúrase desviar o éxodo cara ás vilas medianas. Pero non é doado. Descártanse os métodos administrativos do pasado. Xa non hai cartillas de racionamento. Antes, se non tiñas a cartilla non recibías os cereais. Era un instrumento de control moi eficaz e poderoso. Pero agora os cereais pódense adquirir libremente no mercado. Incluso con tarxeta de crédito.

—*Unha avalancha humana desas características debe ocasionar innumerables problemas sociais...*

—É un elemento contradictorio, equilibra e desequilibra ó mesmo tempo. Por unha banda, asegura man de obra na que sustentar un crecemento imposible de artellar sen o seu concurso. Realizan numerosas actividades que o residente urbano non desexa acometer. Pero por outra banda, é inseparable de fenómenos coma o alarmante incremento da criminalidade, a prostitución, a droga, o deterioro xeral da orde pública. En 1978, por cada dez mil persoas cometíanse 8 delictos, hoxe cométense 20. Entre 1990 e mediados de 1993 4.700 policías foron mortos ou feridos.

Pero sería inexacto equiparar automaticamente poboación flotante e delincuencia. Quizais pode ser válido referido ós delictos de pequena entidade, pero en ningún caso á manifesta profesionalización criminal que medrou ó amparo da política de reformas, moi especialmente nas provincias máis desenvolvidas como Guangdong, ás portas de Hong Kong.

Tamén existen problemas estructurais, de adaptación á nova realidade. En China, non é a policía quen controla a poboación. Este control lévase na empresa, na escola, no barrio, cada institución ten o seu propio organismo de mantemento da orde pública. Precisamente por iso mesmo non hai unha tradición de cooperación entre os diferentes organismos que se comportan como microsociedades illadas unhas das outras. A mobilidade alterou profundamente este esquema que a medio prazo será totalmente inaplicable.

O que máis se incrementan son os delictos económicos. Nunha sociedade presidida polo igualitarismo como norma máxima de conducta non representaba un problema, pero cando á xente se lle di que "enriquecerse é glorioso", todos queren ser ricos co mesmo entusiasmo que antes parecían poñer na vida austera. Hai quen pasa dun extremo a outro sen meditar sobre a licitude ou ilicitude dos métodos a aplicar para conseguilo.

MÁIS DESIGUALDADES E CORRUPCIÓN

—A liberalización de todos eses resortes, antes sometidos a un severo control, inevitablemente producirá grandes desigualdades sociais...

—Nos anos que levamos de aplicación da política de reforma e apertura, as desigualdades agrandáronse. Estamos lonxe aínda dunha polarización como a existente nos países capitalistas, industrializados ou non. Resulta difícil aventurar o nivel que alcanzarán no futuro. A tendencia en todo caso é de aumento en todos os sectores e no ámbito interno de cada un deles: tanto entre campesiños como entre empregados das industrias; tanto no sector estatal como nos non estatais; incluso entre unhas e outras ramas da producción.

Un factor especialmente preocupante é o desemprego. A taxa actual é do 3% no ámbito urbano. Diríase que é un fenómeno sen importancia, marxinal. Pero tamén neste caso a tendencia é ascendente. Nas empresas estatais hai moita man de obra excedente que nos próximos anos podería engrosar as porcentaxes de desempregados. Se queren modernizarse (hai un conflicto permanente entre eficacia e xustiza, e prímase sempre o primeiro sobre o segundo), se apostan por competir no mercado, deben aumentar a productividade e reducir as perdas. Un capítulo substancial desa reducción de custos será a eliminación de emprego.

As consecuencias sociais deste proceso, por outra banda inevitable, poden ser graves. Especialmente porque carecemos dunha infraestructura adecuada de servicios de colocación. O subsidio introducido nalgunhas cidades é practicamente insignificante, arredor duns 100 yuan mensuais, mais ou menos o que custa unha comida medianamente normal para dúas persoas en calquera restaurante de Pequín.

—¿Podería darse o paradoxo de que cun crecemento económico tan espectacular non se conseguisen reducir os actuais niveis de pobreza?

—A pobreza reduciuse en máis de vinte millóns de persoas nos últimos anos. Pero tamén cada ano un millón de nenos se ven na obriga de abandonar a escola por causa da pobreza. É un dato esclarecedor.

Hoxe non se disimula a pobreza. Fálase abertamente dela. Antes, aínda que todos sabiamos da súa existencia, non se mencionaba, non conseguía adquirir "status oficial". Nese sentido, actualmente, goza dunha equiparación plena coa riqueza. Unha e outra poden manifestarse aberta e visiblemente en China.

Desde o meu punto de vista, presenta tres notas destacables: é rural, está intimamente vencellada ás diferencias territoriais e, finalmente, afecta de maneira moi particular e intensa ás minorías nacionais.

Mesmo oficialmente se divide a China en tres rexións claramente delimitadas. Só a costa presenta uns índices de desenvolvemento económico e de benestar aceptables. As zonas centro e oeste do país son as máis atrasadas. Non son comparables os rexistros económicos de Guangdong cos de Qinghai ou Xinjiang. Ademais as zonas costeiras medran a un ritmo moito máis rápido e polo tanto as diferencias entre unhas e outras non fan máis que acentuarse.

Estímase que a poboación pobre ascende a uns 80 millóns de persoas. Case a metade pertence a algunha minoría nacional. No Tibet, Yunnan, Gansu ou Qinghai, todas elas provincias pobres, habitan importantes minorías nacionais.

—¿Non existen mecanismos de redistribución que permitan transferir ás zonas pobres parte dos recursos xerados nas provincias ricas?

—Teoricamente si, pero son insuficientes. Hai varios problemas. En primeiro lugar, como consecuencia das reformas, o Estado perdeu forza, capacidade, control. Fóra dos circuítos financeiros propiamente estatais proliferan numerosos recursos. Gran parte dos investimentos diríxense a aqueles lugares onde hai maiores posibilidades de obtención de beneficio. Por outra banda, o fraude fiscal medra diríase que case ó mesmo ritmo que a expansión do mercado. Todos defraudan: as empresas estatais, as colectivas, as privadas, as de investimento estranxeiro, as que teñen autonomía para comerciar directamente co exterior e as que non. Todas. E o Estado non dispón de medios para afrontar ese problema. Esta é unha das prioridades da reforma nestes momentos.

Por último, os efectos da descentralización tamén se deixan sentir neste dominio. Hoxe Pequín non é o único polo de poder. Xorden novos poderes territoriais e sectoriais. O Estado sabe da súa debilidade, é consciente de que non dispón dos recursos económicos suficientes para afrontar os desafíos que se aveciñan. Pero desde a capital xa non se pode impoñer como se nada pasase esta ou aquela directiva. Hai que recorrer á negociación. O proteccionismo local está á orde do día e iso prexudica gravemente a implantación dunha visión global, de conxunto. Xorden "microestados", rivalidades entre unhas rexións e outras. Mentres non se instaure unha concepción global, de país, continuaremos con dificultades.

—¿Que problemas preocupan mais á sociedade chinesa actual?

—Periodicamente realizamos estudios de opinión pública de certa envergadura. Nas nosas investigacións constatamos que as opinións máis negativas, os temas que provocan maior descontento, refírense á corrupción, ó suborno, dos funcionarios e dirixentes. En segundo e terceiro lugar, por esta orde, sinálanse o aumento do custo da vida e as desigualdades na distribución. Por último, en cuarto lugar, a seguridade pública e a protección social.

O custo da vida é un problema moi grave. No primeiro semestre de 1994 os precios incrementaron en máis dun 20% como media. E a pesar dos intentos de conter a inflación, esta segue medrando.

O Goberno, o Partido, todos aseguran que están tomando medidas para combater a corrupción. Pero os cidadáns advirten que o problema perdura e mesmo se agrava. Descúbrense algúns delictos, moi graves incluso, pero sempre aparecen implicadas persoas de nivel intermedio, nunca afecta a dirixentes de certa importancia.

—¿Son tan honestos como parece?

—Hai quen pensa que hai gato encerrado. Nun contexto coma o actual, de abundancia e de adoración polo diñeiro, a corrupción é practicamente inevitable. Pero o clientelismo, o nepotismo, a corrupción nas súas múltiples e variadas formas, experimentou nos últimos anos un grande aumento. Non só hai máis casos senón que cada vez revisten maior gravidade.

Unha ollada ós datos dispoñibles neste sentido permítenos salientar dúas características importantes que van asociadas a estes feitos. En primeiro lugar, a complicidade de parte do aparato burocrático. Os escalóns da administración e do Partido desempeñan un papel fundamental na vertebración do desenvolvemento, son a chave de paso de moitos proxectos, toda iniciativa e negociación pasa por eles, e dispoñen dunha ampla capacidade de manobra. Non hai que esquecer que, pese ós esforzos destes anos, a lei en China pode ser de obrigada referencia pero de discutible cumprimento. As persoas poden máis.

Outro dato importante é que sobresae con maior intensidade naqueles sectores económicos que funcionan en réxime de monopolio (ferrocarrís, por exemplo) e nos que se están configurando como resultado das transformacións económicas (mercados financeiros, inmobiliarios, etc).

—Desde a súa perspectiva, ¿que medidas se poderían arbitrar para solucionar este problema?

—É difícil de resolver. Non é especifico de China nin moito menos. Pero sen dúbida aquí adquire unha connotación particular. Tanto pola súa intensidade como tamén por que son prácticas contrarias á moral socialista (a toda moral, en realidade). Afecta seriamente a membros do Partido Comunista. Nos últimos cinco anos 730.000 membros do PCCh foron procesados por corrupción. E témese que isto só sexa a punta do iceberg.

Insisto en que hai un dato que me parece fundamental citar. O motor do espectacular crecemento chinés non é a iniciativa privada senón a burocracia. Estase producindo unha acelerada reconversión de sectores burocráticos no mundo dos negocios, pero non se deu (coma nos países socialistas do Leste europeo ou na propia Unión Soviética) unha apurada transformación de burócratas vermellos en fervorosos partidarios do capitalismo de mercado. Hai un cambio de comportamento, pero mantense a fidelidade ás mesmas coordenadas ideolóxicas.

A corrupción prodúcese neste contexto pero tampouco hai que perder de vista a propia historia. Desde sempre a corrupción está moi arraigada en China. Existe toda unha tradición de cultivo das relacións persoais. Para todo hai que ter un padriño...

Para combatela precísase maior control e maior transparencia. Non existe un mínimo sistema de incompatibilidades que impida ós diri-

xentes e ós seus familiares involucrarse simultaneamente en actividades políticas, económicas ou empresariais. *[Nos últimos meses o Consello de Estado aprobou varias disposicións que limitan, e nalgún caso prohiben, a participación directa dos funcionarios e servidores públicos en actividades económicas lucrativas].* Toda China é un campo aberto. Non hai límites, non hai obstáculos que sirvan de medidas preventivas para evitar estes problemas.

Por iso é imprescindible que a reforma do sistema económico vaia acompañada de medidas de reforma do sistema político que permitan un control democrático do cambio que estamos realizando. Debemos introducir rexistros públicos nos que preceptivamente se recollan as declaracións de bens e intereses dos altos cargos e funcionarios. E logo dar o paso seguinte. Porque medidas desa natureza serían totalmente insuficientes se parellamente non se produce unha democratización a fondo da vida política. Os tribunais, os fiscais, nunca poderán actuar con independencia e imparcialidade contra persoas que disfrutan dun rango "superior" ou que disfrutan de posicións políticas máis vantaxosas. Hoxe resúltalle moi doado obstaculizar calquera investigación.

Finalmente, é indispensable reestructurar e profesionalizar o Estado, adecualo ós novos retos e sometelo á disciplina legal.

—*Sen oposición política, sen uns medios de comunicación social activos, debe resultar verdadeiramente complexo abordar cun mínimo de expectativas satisfactorias o problema da corrupción...*

—Ademais do PCCh, en China existen outros partidos e movementos políticos, pero non existe unha oposición no sentido occidental. É un sistema de participación no poder. Por outra banda, os medios de comunicación social precisan grandes cambios, constitúen unha "tarefa pendente".

SOCIEDADE CIVIL

—*¿Gañou autonomía a sociedade?*

—Sen dúbida. Antes era unha sociedade moito máis controlada. Agora ten máis poder. Pódese falar máis libremente; cadaquén pode expresar a súa opinión sobre calquera cousa, incluso criticar a dirección política. O que non se pode aínda é desenvolver actividades de oposición. Por outra banda, a liberdade de movementos é practicamente absoluta. A falta de restriccións á mobilidade social é un factor importantísimo que leva consigo o rexurdir de movementos culturais, intercambio de ideas, e esa acelerada urbanización que xa comen-

tamos. Pódese asegurar que hoxe existe unha maior autonomía dos individuos e dos grupos en relación ó Estado, e apréciase ademais unha certa tendencia crítica, capacidade e conciencia respecto da necesidade, como dereito, de pedir contas ós dirixentes do Estado. Que todo isto cristalice en grupos asociativos informais é cuestión de tempo.

—¿En que medida a reforma modificou a escala de valores da sociedade?

—É un proceso importante. Por expresalo graficamente, aquí pasamos das cartillas de racionamento ás cartas de crédito; dos almacéns estatais semibaleiros ás grandes superficies comerciais. A solidariedade, a entrega, o internacionalismo, son substituídos por outros valores moito mais pragmáticos e menos altruístas: o diñeiro, o éxito. Esa é a tendencia actual. A mensaxe que se transmite desde o poder anima esa orientación. Todo está no seu favor, aínda que estou convencida de que a febre actual pasará.

En certa medida é tamén un conflicto xeracional. Nós recibimos unha educación baseada en valores coma o traballo, a preocupación social, o sacrificio, etc. A nova xeración, especialmente nas cidades, vive en condicións de relativa abundancia. A próxima xeración, a dos fillos únicos, promete ser a máis polémica. Diversos estudios presentan indicios problemáticos no seu comportamento: son caprichosos, autoritarios, teñen dificultades para relacionarse, etc.

—A educación pode desempeñar un papel de gran transcendencia para detectar e corrixir certos comportamentos...

—Insístese moito na importancia da educación. Especialmente desde os sucesos de Tiannanmen. Hai polo tanto unha compoñente ideolóxico-política indisimulable (patriotismo) nese programa gobernamental. Pero os investimentos neste campo son alarmantemente escasos. Ás veces ocorre que o diñeiro destinado á educación é desviado polas autoridades para a construcción de edificios luxosos ou restaurantes.

En China temos uns 180 millóns de analfabetos, dos cales 50 millóns teñen idades comprendidas entre os 15 e os 40 anos, o que supón o 10% da poboación destas idades. O 90% vive no campo e deles o 70% son mulleres. Non hai moito Wang Enzhan, xefe do departamento de ensino primario da Comisión Estatal de Educación, declaraba que a situación no ensino básico era crítica debido á falta de fondos. Na actualidade hai 713.000 escolas primarias que acollen a 120 millóns de nenos. Para suplir esa carencia de recursos moitas escolas promoven a creación de tendas, comercios e incluso restaurantes.

—¿En que medida a reforma modificou o papel da muller?

—En canto á participación política e social reduciuse nos últimos anos. Antes existían cupos. A través de métodos administrativos sempre se garantía unha determinada posición para as mulleres. Cando se suprimiron esas reservas de postos, automaticamente descendeu o nivel de participación. Consérvase, sen embargo, un alto índice de integración no mundo laboral. O 37% da poboación activa son mulleres.

Tamén é intenso o cambio de conducta, moi especialmente no medio urbano. Esa concepción da muller china como muller reprimida, incapaz de expresar os seus sentimentos, sempre cuberta cunha máscara coma se dunha figura da Ópera de Pequín se tratase, está a caer en desuso. As novas xeracións asumen un papel de maior independencia, pero este é un proceso moi lento, porque afecta tamén ós homes, e o comportamento machista está moi arraigado na nosa sociedade.

UN ESTADO DE DEREITO

—Desde a perspectiva social, ¿que balance efectuaría destes case dezaseis anos de reforma?

Nin todo é branco, nin todo é negro. A economía e a producción no noso país melloraron e desenvolvéronse moito. Este é un dato de gran transcendencia para unha sociedade como a nosa que nas últimas décadas pasou graves penurias. Pero a taxa de seguridade, de protección, de benestar social, estase reducindo. Aumentan os prezos dos productos, os desocupados, os delictos e delincuentes, a poboación pobre, etc.

Existe preocupación por todos estes problemas. Se non se resolven poden hipotecar o desenvolvemento económico. Precisamos dun forte pulo social que equilibre a reforma e asegure solidamente a mellora xeral experimentada no nivel de vida. Non é que se vaian repetir os acontecementos do pasado, chámense Revolución Cultural ou protesta de Tiannanmen, pero as masas de descontentos poden aumentar e dar lugar a fortes tensións.

—¿Pode producirse unha grave crise cando desapareza Deng Xiaoping?

—En China hai diferentes puntos de vista sobre ese problema. Deng ten un gran prestixio tanto no Partido, como no Estado, no Exército e na propia sociedade. Ninguén pode precisar que pode pasar despois del. Se hai crise, non será desde logo pola súa desaparición senón pola emerxencia de moitas crises que hoxe están latentes, acochadas.

Desde o meu punto de vista, o mais importante é que China avance polo camiño da institucionalización e da legalidade. Imos camiño de ser un Estado de dereito. Apostamos por iso. Ningún país, e menos un

das nosas dimensións demográficas (somos a quinta parte da humanidade), pode actuar en función da intelixencia ou a vontade dunha persoa ou camarilla. O fortalecemento da legalidade é o camiño para quitar ferro ós problemas sucesorios.

—*Finalmente, ¿cal é o estado da socioloxía en China?*

—Non está tan desenvolvida como nos países occidentais. Levamos moitos anos de atraso. Antes da reforma, o réxime político de entón, non permitía que a xente falase dos puntos febles, das debilidades do sistema. Sempre habiamos de falar dos éxitos, dos "grandes saltos adiante". En consecuencia era inevitable que os sociólogos desaparecesen. Adicáronse a outras cousas. Durante a Revolución Cultural a socioloxía tamén foi suprimida.

Comezamos a recuperación do seu estudio en 1980, cando creamos na Academia de Ciencias Sociais, un Instituto de Socioloxía. Hoxe ten delegacións en todas as provincias. En máis de vinte Universidades existen Facultades de Socioloxía. Penso tamén que, nas actuais condicións, se vai desenvolver moi rapidamente. Non lle faltarán problemas que estudiar.

X. R.

Bricolaxe literaria en filosofía e ciencias sociais

Hernán Neira

A discusión sobre as fronteiras dos xéneros non é nova e levou a posicións encontradas moitas veces irreconciliables. Revisando algúns momentos da filosofía e das ciencias sociais pódese mostrar que a literatura outorga creto, é dicir, un empréstito de recursos lingüísticos, ás dúas primeiras disciplinas. Este empréstito ten forma de "bricolaxe" no sentido levi-straussiano, isto é, de adaptación de técnicas para un fin distinto do que foron creadas. Non se trata só de forma, senón de que o contido intelectual dalgunhas demostracións require descricións, tensión, ton e personaxes que son literarios. É posible seguir ese camiño desde Platón a Descartes e Lévi-Strauss, quen mostra a semellanza entre o mito e a ciencia, debilitando así as fronteiras entre o un e mais a outra.

LITERATURA E FILOSOFÍA

Descartes utiliza múltiples recursos literarios nas súas *Meditacións metafísicas*, en particular un personaxe en boca do cal se pon o que se procura denotar filosoficamente. O contido filosófico é narrado por un personaxe ficticio, que supoñemos que se trata dun filósofo atendendo á súa vida, pero que sería inxenuo identificar con Descartes. O denotado nas *Meditacións*, antes que un simple saber, é unha dúbida que repercute na vida do personaxe. A situación do personaxe é tan patética como a de Gregorio Samsa: mentres este se converte en escaravello, aquel corre o risco de se converter en títere do *xenio maligno (mauvais génie)* de non saír airoso dunha serie de probas nas que o fracaso intelectual traería consigo o abatemento vital: "así como o escravo que disfrutase dunha liberdade imaxinaria mentres dorme [...]

temo acordar deste adormecemento, por medo de que as vixilias de traballo que sucedan á tranquilidade deste repouso, no canto de me aportar algo de sol e de luz no coñecemento da verdade, non sexan suficientes para esclarecer as tebras de dificultade que acaban de ser axitadas"[1]. Nas *Meditacións* cartesianas atopamos, como en moitos outros libros da filosofía, unha construcción dramática que quizais forme parte importante da súa potencia teórica. Trátase dun exemplo de bricolaxe, é dicir, de adaptación dun recurso creado con outra finalidade que a de servir os propósitos da filosofía.

Ó personaxe ficticio que fai ás veces de narrador engádeselle outro personaxe ficticio: *o xenio maligno*[2]. O *xenio maligno* está dotado dunha vontade que "empregou toda a súa industria en me enganar" (primeira meditación), e en consecuencia o personaxe experimenta unha modificación na súa vida, pois queda "como se de socato [eu] caese en augas moi profundas [...] non podo afirmar os pés no fondo, nin nadar para me manter a flote" (segunda meditación). O *xenio maligno* cumpre un dobre papel lóxico ó impedir a confianza inxenua nos sentidos e ó impoñer unha proba que non poida ser desmentida por outras probas, pero cumpre tamén un papel dramático. Ó privar ó narrador da certeza correspondente a todo saber e ás posibilidades de coñecer, sométeo a un proceso mental similar ó que provocaría un desengano amoroso ou á desaparición dun ser querido: a descrición de sentirse afundido na auga ben podería facela un personaxe de calquera novela convencional e en ambos casos o significado ou concepto denotado sería o mesmo. A denotación do afundimento é dobre: por un lado denota un tema epistemolóxico e, por outro, a depresión causada por esta; o recurso dramático contribúe á denotación filosófica tanto como esta á caracterización do personaxe. A desaparición dun ser querido pode provocar males similares ós descritos polo personaxe cartesiano: a situación de se sentir afundido na auga é común en casos de depresión ou de dó aínda non realizado. Un personaxe afectuoso verase entristecido profundamente, mentres que outro só preocupado polos cartos permanece indiferente.

O feito de que apareza un personaxe ficticio efectuando operacións intelectuais e emocionais descritas nas *Meditacións...* non significa que o contido intelectual ou eidético destas proposicións estea suxeito á temporalidade. A introducción de recursos literarios, aínda que sexa en pequenas cantidades, nun texto de filosofía, amosa que non son o

1. Descartes. *Méditations métaphysiques.* Première méditation. Gallimard, col. La Pléiade, París, 1983, p. 272: "En tout même qu'un esclave qui jouissait dans le sommeil d'une liberté imaginaire [...] j'appréhende de me réveiller de cet assoupissement, de peur que les veilles laborieusses qui succéderaient à la tranquillité de ce repos, au lieu de m'apporter quelque jour et quelque lumière dans la connaissance de la vérité, ne fussent pas suffisantes pour éclarcir les ténèbres des difficultés qui viennent d'être agitées".

2. *Mauvais génie.*

simple froito da transposición en caracteres escritos dun desenvolvemento intelectual, senón que ideas e conceptos poden ser denotados por personaxes e papeis que manteñen relacións lóxicas e dramáticas asemade, o que determina unha disposición textual acorde con ambos principios. Sen embargo, ese fenómeno non é exclusivo da filosofía: calquera personaxe de calquera conto ou mito pode pronunciar ó longo dunha temporalidade dada certos enunciados cunha denotación non sometida ó tempo. Isto non empece que calquera que careza dunha comprensión inmediata do que é unha persoa (consciencia, vontade, identidade, etc. que todo pode ser anulado polo *xenio maligno*), quede excluído da posibilidade de comprender as *Meditacións*, así como quedaría excluído da posibilidade de comprender a disgregación da personalidade de Charles Bovary na novela de *Mme. Bovary*. As *Meditacións*... cartesianas posúen a fisionomía dunha novela de iniciación na cal un personaxe inexperto se converte en experto tras superar unha proba que, máis que o fornecer dun novo dominio ou coñecemento do mundo, fornéceo dun coñecemento de si mesmo que fai que todo o que o futuro coñeza ou domine sexa seguro e lexítimo[3].

Non emitimos xuízo de valor respecto á conveniencia ou inconveniencia da permeabilidade dunha convención narrativa respecto das demais nin sobre o valor da bricolaxe. Limitámonos a afirmar que un texto clave da filosofía moderna posúe fisionomía de novela de iniciación e fai uso da bricolaxe, pedíndolle un empréstito lingüístico á ficción. Por outra parte, un xénero impermeable pode ser tan fructífero como outro permeable e non hai motivo ningún para supoñer a superioridade dun ou doutro. Se entendemos por realismo a convención narrativa e por tratado o obxecto textual e material no que a devandita convención se expresa, temos que se supón a cotío a superioridade do realismo e do tratado sobre a narración imaxinaria. Isto non se debe a que un "explique" ou posúa máis capacidade que o outro para ordenar certo tipo de datos, senón a unha opción feita pola cultura na cal se xeraron as devanditas convencións, opción que, entre outras cousas, opón ficción a tratado, froitos da súa mesma matriz. Nos últimos anos, houbo unha tendencia a valorar a permeabilidade e o entrecruzamento, o que proporcionou froitos valiosos no campo da convención narrativa chamada ficción, pero ó mesmo tempo axudou a enclaustrarse á convención realista, con escasas excepcións. É moi posible que o enclaustramento da convención realista teña que ver co feito de que se desenvolveu canda o convencemento de que a narración causal e temporal occidentais son superiores a outros tipos narrativos, cos que mantén

3. ¿Trátase dun paso do feito ó dereito ou da natureza á cultura, como Rousseau? Parécenos unha hipótese digna de investigar, pero non aquí.

aínda unha contenda. Certo é que o tipo de convención no interior da cal se escriben tratados de ciencias sociais e humanas esforzouse en abrirse a outras convencións culturais e narrativas, pero esa apertura concerne máis ó denotado polo seu discurso que á convención en que se desenvolve. Unha ciencia social como a etnoloxía, por exemplo, ten por obxecto as culturas e convencións diferentes pero iso non significa que realice o seu traballo ou redacte os seus tratados seguindo as convencións das culturas estudiadas[4], do mesmo xeito que o estudio dunha novela non podería ser exposto novelescamente se se quere incluír entre as "ciencias literarias". Isto non quere dicir que as convencións narrativas das ciencias sociais e humanas sexan fixas; ó contrario, como todo costume, non poden deixar de cambiar, pero nas súas liñas actuais os cambios non se producen por contaxio das convencións estudiadas.

LITERATURA E ETNOLOXÍA

Non só en filosofía se produce o feito da bricolaxe e do empréstito literario, senón que tamén ten lugar en ciencias sociais e, en particular, en etnografía. O etnógrafo non só ten que convencer de que estivo alí, senón que ademais ten que nos convencer de que se nós estivesemos no mesmo lugar ca el, veriamos o mesmo[5]. A tal fin acode a procedementos dramáticos e estilísticos que pouco teñen que ver co dogma de que en ciencias sociais un bo texto pode ser sinxelo e sen pretensións. Parafraseando a Clifford Geertz, teórico da escritura antropolóxica, sostemos que os textos da antropoloxía e das ciencias sociais non convencen só polo poder dos feitos *(factual substantiality)*, nin pola extensión da descrición; nin tampouco pola forza do seu aparato teórico, senón porque brindan o "resultado de penetrar (ou ter sido penetrados se se prefire) por outra forma de vida, ou 'ter estado alí realmente', dunha ou doutra forma. E aquí, persuadíndonos de que este milagre entre bastidores sucedeu, é onde entra a escritura"[6]. O personaxe cartesiano que se afunde na auga ó perder a certeza sobre o saber convéncenos de que el "estivo alí", de que padeceu tal dúbida, de que é unha experiencia filosófica que repercute psicoloxicamente na sensación de sentirse afundido. O "alí" de "estar alí" non é un lugar físico, senón un lugar simbólico, algo denotado no universo da significación ou da psicoloxía. De aí que a etnografía contemporánea se interese máis por

4. Esta situación tende a cambiar na actualidade.

5. Geertz, Clifford. *Works and lives, the antropologist as author.* Polity Press, Cambridge, 1988, p. 16.

6. *Ibidem*, pp. 4-5: "Result of their having actually penetrated (or if you prefer, been penetrated) by another form of life, or having, one way or another, truly 'been there'. An that, persuading us that this offstage miracle has occurred, is where the writing comes in".

acadar o distanciamento mental e permancer nel que polo distanciamento xeográfico, sendo aquel máis difícil de obter ca este. Para acadar o distanciamento mental requírese un traballo de iniciación, unha posta entre parénteses crítica dos valores do investigador (sabendo que nunca os pode abandonar, pero sen analizalos criticamente[7]), e todo isto esixe unha transformación cualitativa que pouco ten que ver co simple amoreamento de lecturas descritivas. Pero non abonda coa iniciación existosa e con que o seu autor "estivese alí", senón que é necesario transmitir a familiaridade con ese ambiente, transmisión que se consegue con procedementos discursivos. Isto é o que fai a cotío un bo literato; pon entre parénteses os seus valores para dar cos dos seus personaxes e transmítenos a impresión de que estivo alí, de que estivo (mentalmente) no mundo que crea, sen que por iso comparta os seus valores nin tente adoptar as convencións narrativas que utiliza para se expresar. Se unha obra de ficción fose contada coas convencións dos seus personaxes sería inintelixible ou ben non se diferenciaría da simple transcrición de diálogos, pois as convencións de relato ficticio non son as mesmas, agás excepcións de tipo máis ben experimental, que as dos personaxes por elas expostos e menos as utilizadas polas persoas na vida cotiá. Describir non é un fenómeno pertencente ás convencións lingüísticas da vida cotiá. A linguaxe escrita non forma parte da natureza, senón da cultura. Por iso nada é tan pouco natural como describir, tarefa que require a transformación da orde da sensibilidade na que se perciben as cousas, na orde cultural do discurso; non de calquera discurso, senón do considerado válido para realizar a devandita tarefa. En Occidente, sen factores como o ton, timbre, tempo, ambiente e tensión, habituais e comunmente aceptados na novela, é inimaxinable que un texto de filosofía ou ciencias sociais sexa convincente, o que require, previamente, o dominio sintáctico e léxico da disciplina sobre a que se escribe ou, mellor dito, na cal se escribe. A familiaridade esixida é, daquela, dobre: por un lado a familiaridade coa situación alcanzable por aquel que estivo alí mentalmente e, por outro, familiaridade cos instrumentos discursivos válidos en cada cultura para a describir.

¿Por que, xa que logo, a pesar de haber exemplos notables, se escoita comunmente a idea de que un bo texto de ciencias sociais debe carecer das características antes enunciadas e que se produce, entre os que exercen as devanditas disciplinas, unha especie de cegueira ante os efectos de bricolaxe? Propoñemos dúas hipóteses: a primeira é a idea de que a realidade carece de ton, timbre, tempo, ambiente e tensión e que ó engadirllos na descrición, acábase por terxiversala. A segunda, é que se supón que o ficticio ou imaxinario equivale ó falso e o real ó verda-

7. Volveremos sobre isto.

deiro. No primeiro caso suponse que se pode definir o concepto de "realidade" en ausencia de todo home e de toda consciencia. Agora ben, sabemos, desde Kant en diante, así como polo estudio dos procedementos narrativos en culturas non occidentais, que non é así, e que mesmo as descricións chamadas "realista" e/ou "obxectivas" son froito de certas convencións, as cales, por seren aquelas nas que se forman a maioría dos autores de tratados e ensaios en filosofía e ciencias sociais, non son percibidas por estes e pasan a consideralas como partes do mundo que describen[8]. A convención "realista" dalgúns textos etnográficos, como os de Malinowski, posúe un ton extraordinariamente forte que, sendo a lente desde a que se observa a realidade, nunca é posible contemplala, a menos que outro investigador a contemple con lente distinta[9]. Se un autor non utilizase as convencións causais e temporais comunmente aceptadas para describir fenómenos propios da súa ciencia, diríase que a súa descrición non é obxectiva, que está escribindo unha novela, un texto experimental ou que toleou. Os conceptos de realidade ou de novela realista supoñen os dun tipo particular de causalidade e temporalidade regulares, o cal necesariamente ten que ser así, porque ó optar por escribir un tratado de ciencias sociais ou unha novela realista, cómpre elixir previamente e manter ó longo de todo o texto unha opción por unha sucesión temporal de causas: o realismo é a síntese coherente producida pola elección de contar todo por causas e en sucesión regular, non unha propiedade do contado ou denotado.

Na segunda hipótese estamos ante a tradición segundo a cal o irreal, o ficticio e o imaxinario se emparentan co falso. De acordo con esta tradición acéptase a falsidade no xénero novela, pero non no xénero tratado, identificando a verdade co real e esquecendo que a parella de opostos verdade-falsidade non ten por correlato a parella real-irreal: o irreal non é sinónimo de falso, nin o real de verdadeiro. O *xenio maligno* das *Meditacións*... é irreal, pero non falso; cumpre unha función lóxica e filosófica que debía ser inventada para abrir novos campos á mesma filosofía. Para Bachelard a imaxinación complementa e enriquece a realidade: "á función do real, instaurada polo pasado [...] hai que engadir a función do irreal, tamén positiva", escribe na *Poética do espacio*[10], enga-

8. Algo semellamte sucede en cine e televisión. Espectadores afeitos ás convencións narrativas das series populares estadounidenses, especialmente as de "acción", consideran natural e realista a curiosa discontinuidade de escenas que rara vez duran máis de cinco segundos, fan dos diálogos pouco máis que un intercambio de interxeccións e dan solución ós conflictos mediante procedementos infantís. Expostos a outra convención narrativa, atoparana estraña e irreal.

9. É o que propón Ruth Benedict en *Patterns of culture*, prefacio de Margaret Mead e introducción de F. Boas, The newamerican library, Nova York, 1960 (1ª ed. 1936).

10. Bachelard, Gaston. *Poétique de l'espace.* Presses universitaires de France, París, 1964, p. 16: "Á la *fonction du réel* instruite par le passé [...] il faut ajouter *une fonction d'irréel* tout aussi positive".

dindo que o irreal exerce seducción e inquietude no presente. Tal é o caso do *xenio maligno* cartesiano xusto cando o personaxe central das *Meditacións*... acaba de optar pola tranquilidade á que o leva a prudencia, tanto nos seus actos como nos seus pensamentos. O irreal e mais o imaxinario, non sendo falsos, confirman o seu dereito de pertencer ó xénero literario tratado ou ensaio, sempre e cando non se limite a súa convención narrativa ó real, definido pola temporalidade regular sucesiva e a causalidade das relacións. A presencia suxerida aquí do imaxinario na convención narrativa da filosofía e ciencias sociais quizais experimente oposición dalgúns autores. Sorprende esta oposición porque aquí non se inventa nada, senón que se constata un feito da historia da escritura; e sorprende porque non vai seguida de obxeccións similares a aceptar procedementos propios do tratado na literatura novelesca; moitos especialistas aceptarán de bo grado a novela histórica, pero rexeitarán vehementemente a historia novelada. Tolérase facilmente a influencia da filosofía e das ciencias sociais na literatura, mentres que non se acepta con igual facilidade a influencia desta nas primeiras. Acéptase ben a presencia do que se supón real no que se supón irreal, pero estigmatízase a presencia do irreal no real. Con todo, non é tan importante saber que só se acepta unha presencia unilateral das convencións narrativas do tratado nas de literatura de ficción, senón saber que abonda ese feito para demostrar que a intromisión do ficticio no non ficticio non ten nada de experimental e trátase dun feito acreditado desde hai séculos.

Agora ben, se filosofía e etnoloxía realizan operacións de bricolaxe, ¿valen o mesmo todos os discursos?[11] A resposta é triple. Non valen o mesmo no sentido de que cada unha das devanditas bricolaxes é válida no interior da convención que os adapta e lexitima (de feito), co que contribúe a re-crear a convención mesma. Si valen o mesmo, no sentido de que a lingua mesma opera por bricolaxe. Do mesmo xeito, valen tamén o mesmo no sentido de que todos os discursos tenden a un fin similar: a instauración da orde e a asociación de series imaxinarias que na "natureza" carecen de asociación e das que o seu determinismo depende desta. A igual-diferencia domina as relacións entre os xéneros literarios na figura da bricolaxe, é dicir, na producción da lingua en e pola lingua, non porque a igualdade sexa distinta da diferencia, senón porque ambos conceptos se necesitan tanto como se opoñen: ¿como poderiamos distinguir, doutro xeito, valores lingüísticos que só se miden en relación a outros valores tamén lingüísticos?

H. N.

11. A pregunta non é nosa, senón de Derrida.

A privatización dos dereitos sociais

Enrique Gil Calvo

O concepto de dereitos sociais, que hoxe parece evidente de seu, resulta, sen embargo, ser moi contradictorio. A mellor proba disto é, por suposto, o actual revisionismo ó que parece estar a punto de ser sometido. En efecto, dada a crise fiscal do Estado de Benestar, que impide financiar os crecentes déficits que xera o gasto público en protección social, elévanse cada vez máis na actualidade as voces que demandan, mesmo desde a socialdemocracia, unha urxente limitación dos dereitos sociais, cando non o seu claro recorte. O que representa non só unha regresión política cara ó neoliberalismo senón que constitúe ademais todo un síntoma revelador da natureza intrinsecamente paradoxal do problema.

En principio, o concepto está construído por analoxía co dos dereitos humanos. Así, a Declaración Universal de 1948, logo de definir os dereitos individuais de natureza civil (dereito á vida, á liberdade, á propiedade, etc.) e política (dereito de expresión, de asociación, de participación, etc.) rexistra a continuación, desde o artigo 22 ata o 27, toda unha serie de dereitos sociais: dereito á seguridade social (invalidez, xubilación, vellez, viuvez e orfandade), ó traballo (e mais á protección contra o desemprego), a un nivel de vida adecuado (saúde, benestar, alimentación e vivenda) e á educación (obrigatoria e gratuíta, no nivel elemental, e de igual acceso conforme o mérito, no nivel superior).

Sen embargo, aínda que se lles chame igualmente *dereitos* tanto ós individuais (civís e políticos) como ós sociais, indistintamente, o feito é que se trata de dúas clases de dereitos completamente diferentes. En efecto, mentres os dereitos individuais se proclaman para os defender contra toda posible intervención do Estado, polo que quedan definidos

como uns dereitos *privados* que inmunizan contra toda intromisión pública, os dereitos sociais, pola contra, proclámanse para esixir a directa intervención do Estado como única institución publicamente responsable de os procurar. Así, mentres os dereitos individuais definen *onde* o Estado *non pode* intervir, os dereitos sociais, en troques, definen *onde* o Estado *si pode* (e, se pode, *debe*) intervir.

Esta diferencia específica resulta esencial, pois dela derívase toda unha serie de consecuencias problemáticas que opoñen entre si ós dereitos individuais ou sociais. Entre estas distincións merecen citarse algunhas como as seguintes. Mentres a protección dos dereitos individuais depende só da vontade do lexislador, polo que quedan universalmente satisfeitos para sempre sen custo ningún adicional desde o mesmo acto da súa promulgación, a satisfacción dos dereitos sociais, en cambio, non se limita ó puro voluntarismo lexislativo, senón que depende ademais do seu progresivo desenvolvemento no tempo, ó longo dun vasto proceso de deseño e execución de políticas públicas que require o crecente concurso de custosos recursos escasos, potencialmente asignables a outros usos alternativos quizais máis urxentes.

En segundo lugar, mentres os dereitos individuais son *absolutos* (independentes do contexto histórico e social que afecte ós seus suxeitos), os dereitos sociais son *relativos*: dependen tanto da situación do desenvolvemento económico da sociedade e da súa confrontación co das sociedades do seu entorno como, sobre todo, da posición ocupada polos suxeitos na estratificación social: os dereitos sociais dunha nai solteira adolescente de Xaén non resultan comparables cos dun directivo de empresa privada empregado en Estocolmo. Este *relativismo* dos dereitos sociais, fronte á xenérica constancia dos dereitos individuais, maniféstase pola súa variabilidade diacrónica (pois cambian co curso do desenvolvemento histórico), sincrónica (pois cambian dunha sociedade a outra) e estructural (pois dependen da posición ocupada).

Daquela, e en terceiro lugar, mentres os dereitos individuais son *universais e igualitarios,* no sentido de que se recoñecen por igual a todos e cada un dos cidadáns, os dereitos sociais, en cambio, non poden selo, pois non todos os suxeitos precisan na mesma medida de protección social. En efecto, para que o *nivel de vida adecuado* (que vén sendo a fórmula explícita que figura no texto do artigo 25 da Declaración Universal de Dereitos Humanos) fose *universal* cumpriría que o Estado lles garantise a todos e a cada un dos cidadáns un nivel equivalente (ou proporcional) ó máis elevado (ou ó seu promedio) que os máis afortunados quixesen procurarse privadamente. O que non só resulta imposible senón que ademais esixiría un tratamento *desigualitario,* por discriminación positiva inversamente proporcional ó nivel de renda.

En fin, por último, e en relación con todo o anterior, o exercicio privado dos dereitos individuais por parte de cada suxeito é independente do exercicio que deles fagan os demais suxeitos, e isto, sen embargo, non ocorre no caso dos dereitos sociais, que se exercen de xeito *interdependente*: o grao de recoñecemento que precise cada un varía en función do grao alcanzado polos demais. Trátase da coñecida *cuestión das externalidades*, derivada do feito de que cada cambio no nivel relativo do benestar dun suxeito determine cambios correlativos nos demais suxeitos relacionados.

Estas externalidades son quer *positivas*, como sucede cando ó recoñecerlle unha pensión de viuvez a unha cónxuxe informalmente unida hai que facelo logo tamén con todos os demais casos, quer *negativas*, conforme sucede, poñamos por caso, cando a elevación do nivel de escolarización gratuíta implica a reducción obxectiva do nivel relativo alcanzado polos que xa a posuían: o de bacharel superior era un título moi selectivo cando só dispoñía del unha minoría, pero pasa a ser papel mollado cando xa o posúe a maioría. Isto é o que fai, tal e como argumenta a teoría das externalidades, que os dereitos sociais sexan auténticos *bens públicos*: de natureza indivisible, abertos a todos e só subministrables mediante a acción colectiva, polo que deben correr a cargo do Estado.

Sen embargo, a pesar destas diferencias de natureza entre os dereitos individuais e sociais, que se acaban de analizar ata aquí sucintamente, o certo é que a súa agrupación baixo un mesmo substantivo común (o de *dereitos da persoa*) determinou que pasen a identificarse e confundirse, tomando o todo (o conxunto dos dereitos, incluídos os dereitos sociais) como se fose igual que a parte (os orixinarios dereitos individuais). O resultado perverso, en suma, é que respecto ós dereitos sociais se abrigan as mesmas expectativas de recoñecemento que só resultan posibles cos dereitos individuais. E este proceso de *individualización* dos dereitos sociais non só resulta falaz senón paradoxal ademais, polas moitas contradiccións insalvables que abre.

Así, percorrendo as principais propiedades distintivas dos dereitos individuais, advertiremos que a súa contradictoria translación ós dereitos sociais determina facer destes unha *reivindicación individual contra o Estado* que, como tal, exhibe as seguintes notas características (que si son propias dos dereitos individuais pero non poden selo nunca dos sociais): primeiro, esíxese *todo e agora* (como se a protección social puidese outorgarse por decreto e xa rematada dunha vez por todas); segundo, esíxese a súa *universalización igualitaria* (dado que ninguén se conforma con ser menos que os demais); e terceiro, esíxese a súa *percepción privada* sen contrapartida ningunha (como se a protección

social fose unha débeda contraída polo Estado que debe devolver ó cidadán como un regalo gratuíto que este recibe a cambio de nada).

Hai que insistir en que estas tres notas son lóxicas e lexítimas só se se refiren á reivindicación dos dereitos individuais (civís e políticos), pero que resultan necesariamente ilóxicas, e en consecuencia ilexítimas, cando falazmente se asocian á reivindicación dos dereitos sociais. Pois é precisamente neste erro, o de tomar equivocadamente os dereitos sociais como se fosen unha simple traducción mimética dos dereitos individuais, onde radican inexorablemente as máis graves consecuencias perversas, que tamén se poden resumir nas mesmas tres notas devanditas: a *expansión ilimitada* da demanda de protección social (correspondente á reivindicación de *todo e agora*), a súa *devaluación inflacionaria* (de acordo á reivindicación de igualitarismo universal) e o *efecto Mateo* (por efecto do parasitismo racional).

O potencial de crecemento que teñen as demandas de protección social resulta practicamente ilimitado, polo que os dereitos sociais reivindicados medran xeometricamente conforme medra aritmeticamente a súa base poboacional demandante. Este mecanismo perverso en forma de círculo vicioso resulta estrictamente análogo á coñecida *trampa malthusiana* que estrangula o crecemento dos recursos conforme crece ilimitadamente a poboación. Pero ¿por que ha de crecer a maior velocidade a demanda de protección social que os recursos públicos destinados a satisfaceren dereitos sociais? O dilema posúe dous extremos, que hai que analizar separadamente: por unha banda, que é o que aquí nos vai ocupar, o crecemento ilimitado das demandas; e pola outra, que será citado só ó final deste traballo, o crecemento limitado, e polo tanto máis lento, dos recursos.

Ante todo, o feito de que a reivindicación dos dereitos sociais se expanda ilimitadamente derívase, en termos abstractos, da propia natureza humana, que posúe unha capacidade de experimentar necesidades que resulta, como recoñeceron Dürkheim ou Freud, potencialmente insaciable: canto máis se adquire máis se desexa. Pero, naturalmente, esta explicación metafísica de moi pouco serviría, polo feito de ser puramente xenérica, de non estar reforzada por outras determinacións máis concretas. Neste sentido, ademais do propio crecemento vexetativo das poboacións colocadas en situación de risco (envellecemento, desemprego da xente nova, inmigración, nais separadas, fracaso escolar, desviación social, etc.) hai dous mecanismos asociados que exercen realimentación negativa, contribuíndo a expandir, en lugar de estabilizar, o crecemento do nivel das demandas.

Estes dous mecanismos son a percepción subxectiva de *agravios comparativos* (dado o xa comentado relativismo dos dereitos sociais,

que se compadece moi mal coa vontade do igualitarismo) e a lexítima defensa dos *dereitos adquiridos* (que resultan lesionados polas externalidades negativas que, como subproducto colateral, son o inevitable efecto secundario que mana de toda política activa de protección social). Así, cada vez que algún colectivo experimenta algunha clase de mellora relativa no seu nivel de protección social (por efecto quizais dunha política de estímulo ó emprego da xente nova, poñamos por caso), todos os demais colectivos afectados verán reducido comparativamente o seu propio nivel respectivo. Pero esta percepción subxectiva da *privación relativa*, por parte dos suxeitos que reivindican os seus dereitos sociais, non esgota a explicación do seu crecemento ilimitado. Hai algo máis, que fai de catalizador.

Aquí a clave parece radicar non tanto nos propios demandantes como naqueloutros colectivos de axentes (funcionarios públicos, profesionais privados ou empresas mercantís) que subministran a oferta de protección social e que posúen un interese que reside na maior expansión da demanda de protección social. Son, en efecto, os propios corpos dos traballadores, técnicos e expertos no campo do benestar, encargados de definir e atender a demanda de protección social, os primeiros interesados en que creza e se amplíe indefinidamente.

E este catalizador parece o factor máis importante de todos, pois non só actúa directamente, favorecendo cos seus actos o crecemento ilimitado de todo canto sexa da súa xurisdicción definir como dereitos sociais, senón indirectamente, ó contribuír coa súa opinión experta a influír extraordinariamente na definición social, mediatizada pola comunicación masiva, dos *dereitos sociais*. En efecto, tanto os propios suxeitos afectados que se atopan en situación de risco (enfermos, desempregados, anciáns, inválidos, nais solteiras, minorías marxinadas, etc.) como a mesma opinión pública (socialmente construída por xornalistas, comunicadores mediáticos e intelectuais orgánicos ou críticos), constrúen os seus xuízos interpretativos sobre a base das informacións interesadas que os expertos e mais os técnicos formulan corporativamente.

Polo demais, esta expansión de todo o definible como dereitos sociais, limitada xa de seu, resulta ademais reforzada polos dous elementos adicionais sinalados con anterioridade: a súa devaluación inflacionaria e o efecto Mateo, que a continuación serán estudiados sucesivamente. Pode, en efecto, denominarse *devaluación inflacionaria* ó proceso polo cal cada progreso cuantitativo no nivel de protección adicional dun dereito social contribúe a devaluar inexorablemente o grao de satisfacción asociado ó nivel anterior. É, por exemplo, o que sucede co dereito á educación: algo que antes xa se analizou como externalidade negativa.

En efecto, hai tan só vinte anos, o nivel de estudios que determinaba o ascenso social (o ingreso na clase media) era o bacharelato, que resultaba moi apreciado como barreira de estatus e linde de selección social. Pero conforme as conquistas sociais foron elevando a idade de escolarización obrigatoria, esa barreira de estatus devaluouse, e o linde de selección social pospúxose e prolongouse ata situarse no nivel universitario. E hoxe, masificada ou democratizada a universidade, de acceso case gratuíto e que se reivindica como un dereito social máis, esa barreira selectiva volveu situarse aínda máis aló, nos estudios do terceiro ciclo postuniversitario. A lóxica selectiva do sistema educativo é a mesma: antes situada no bacharelato, na actualidade no posgraduado universitario. Pero o tempo de permanencia no sistema, e daquela o custo dos recursos públicos necesarios, incrementou e seguirá incrementando en diante, conforme deba situarse a nova barreira aínda máis aló, ó se devaluar a actual.

Este crecemento perverso non só obedece ó efecto das externalidades, xa visto con anterioridade, senón á difícil situación entre educación básica (universal e igualitaria) e educación superior (que produce desigualdade como selección social): a primeira cumpre un dereito social, a segunda confire un mérito persoal (é dicir, un privilexio individual). Pero, ¿onde situar a fronteira entre ambas as dúas, se conforme se democratiza cada nivel de ensino a súa capacidade de selección social se devalúa? O problema radica en que a educación básica (alfabetización, erradicación da ignorancia) si pode universalizarse igualitariamente (de aí que sexa gratuíta e obrigatoria, en tanto que dereito social), pero a educación superior non pode universalizarse igualitariamente, pois, por definición, *a selección non pode ser universal.* Por tanto, intentar universalizar o ensino selectivo (o que é de seu algo intrinsecamente contradictorio) só pode conducir á devaluación inexorable da función selectiva do ensino.

Pero este problema non é privativo do ensino, pois pode aparecer en todos os demais dereitos sociais unha vez que, ó individualizarse, desnaturalízanse. É o que ocorre, por exemplo, co sistema da sanidade pública. Parece obvio que o dereito a recibir asistencia médica en caso de enfermidade debe de ser universalmente igualitario, e así ocorre co *seguro obrigatorio de enfermidade* que garanten os sistemas públicos de seguridade social. Pero, ¿é lexítimo que a sanidade pública sufrague gratuitamente todos os demais tratamentos médicos que non loitan directamente contra a enfermidade, como son, por exemplo, a cirurxía estética, a ortodoncia, a contracepción, o adelgazamento, a medicina preventiva ou a prolongación artificial da vida? Unha vez máis, o problema radica en onde trazar a fronteira que separa o que é un dereito social de protección pública (loita contra a enfermidade) e o que é un

desexo individual ou un dereito privado que non se pode universalizar gratuitamente (saúde, beleza, *fitness*, mantemento en forma, recoñecementos médicos xerais, eutanasia).

Unha posible forma de distinguir entre ambas esferas (dereito social, publicamente protexible, *versus* dereito individual, privadamante elixible pero que non debe ser sufragado publicamente) é a de comprobar se da protección dun dereito se deriva, ou non, un maior beneficio privado que público. Por exemplo, o ensino primario ou a loita contra a tuberculose non proporcionan ós seus beneficiarios unha excesiva vantaxe comparativa respecto ós demais suxeitos: o benestar público logrado é superior ó lucro privado. En cambio, o ensino universitario superior ou a cirurxía estética si procuran ós seus beneficiarios unha gran vantaxe comparativa respecto ós suxeitos que non teñan acceso: daquela, o beneficio público que se deriva é inferior ó lucro privado que reporta. Neste último caso, o poder público non debe sufragar socialmente un beneficio netamente privado (que, de financiarse conforme a unha política de igualdade de oportunidades, haberá de ser en forma de crédito ou bolsa-préstamo, reintegrable conforme o beneficiario vaia obtendo beneficios privados).

Non obstante, esta distinción non sempre resulta posible. E, en caso de dúbida, a tendencia incontroladamente expansiva é a de reivindicar como dereito social o que non pasa de ser un individual dereito privado. Daquela, para poder distinguir mellor entre dereito social e privado, parece conveniente considerar esta disxuntiva noutros termos, que se corresponden coa orixe histórica das políticas de benestar. En efecto, o que constitúe o obxecto *natural* da protección pública dos dereitos sociais é o *asegurar contra o risco* de infortunio (accidente, invalidez, pobreza, ignorancia, desemprego, xubilación, viuvez, orfandade, etc.) a toda a poboación. O custo de asegurarse contra ese risco redúcese ó mínimo se se distribúe entre toda a poboación: de aí que a *seguridade social obrigatoria* sexa un *ben público* que só o Estado pode garantir.

Pero non se debe confundir o risco de infortunio coa oportunidade vital, é dicir, coa probabilidade de éxito. O ensino elemental, como a loita contra a enfermidade, si protexen do risco de infortunio. Pero o ensino superior, ou a cirurxía estética, non protexen contra o risco de infortunio senón que incrementan as oportunidades vitais, que é algo moi diferente. Os dereitos sociais deben ser seguros contra a *mala fortuna*, que compensan a probabilidade de fracaso, pero nuncan deben ser garantías de *boa fortuna*, que aumentan a probabilidade de éxito. A única excepción a esta regra, pero limitada á minoría de idade, é a política de igualdade de oportunidades, que compense o infortunio de orixe familiar. Pero, en todo o demais, hai que limitar os dereitos

sociais á loita contra o *risco carencial*, e non confundilos nunca coa graciosa distribución de *vantaxes comparativas*, que só se deben poder adquirir por propio esforzo e mérito persoal.

Se esta distinción entre risco de infortunio e oportunidade de éxito non se realiza, opérase inexorablemente o *efecto Mateo* (así chamado polo versículo do seu evanxeo que di: "a aquel que ten máis se lle dará e ó que non ten todo lle será quitado"). E onde mellor se advirte este efecto perverso é precisamente naqueles dereitos sociais, como o de educación, onde, coa excusa da igualdade de oportunidades, confúndese máis o infortunio carencial coa vantaxe comparativa. A consecuencia, non desexada, é que aqueles que se atopan en situación carencial non saben aproveitar os dereitos sociais para saíren dela, mentres que os que non sofren carencias saben apropiarse dos dereitos sociais reutilizándoos como se fosen vantaxes comparativas.

En efecto, o feito de que o ensino superior sexa sufragado case a fondo perdido polo contibuínte, xustifícase pola política de igualdade de oportunidades, para garantir así que, fose cal fose a súa orixe familiar, todos os alumnos que o merezan poidan adquirir un título superior. Pero, sen embargo, desa política sufragada pola totalidade dos contribuíntes (especialmente polos asalariados, que non poden eludir a presión fiscal) só se beneficia unha cuarta parte das familias, procedentes na súa maioría dos estratos superiores, con fillos que non poderían pagar os seus estudios por si sós sen recorrer á financiación estatal senón que ademais se beneficiarán persoalmente dos títulos obtidos mediante o exercicio privado da súa actividade profesional. ¿Que mellor ilustración gráfica que esta do chamado *efecto Mateo?*

A mellor explicación deste fenómeno é asocialo ó *free riding* ou parasitismo racional analizado por Olson: dada a existencia de *bens públicos* ou *externalidades positivas*, a estratexia individual máis racionalista é beneficiarse ó máximo deles evitando na medida en que sexa posible contribuír a sufragalos. Esta é, tamén, a que Hardin denominou *traxedia dos bens comunais*, que explica o esgotamento inexorable dos recursos colectivos non renovables, como poidan ser os predios comunais, os servicios públicos ou os ecosistemas naturais. E así é tamén como se masifican primeiro e se saturan despois, ata que terminan por devaluarse e esgotarse, tanto as vías públicas como os hospitais e mais as universidades.

E non é de estrañar que suceda así cos dereitos sociais. Nunha das mellores análises da orixe histórica do Estado benefactor, Abram de Swaan probou que os dereitos sociais xurdiron precisamente como seguros colectivos contra o risco de infortunio. A indixencia, a ignorancia, a enfermidade e mais a vellez eran *problemas sociais* (é dicir, custos

colectivos que xeraban externalidades negativas: como sucede na actualidade, por exemplo, coa contaminación ecolóxica), que, a causa do problema do *free riding* ou esquirolismo racional, non admitían solucións individuais ou privadas. Polo tanto, tivo que xurdir historicamente unha solución colectiva que, en forma de seguro obrigatorio contra riscos semellantes, resolveu o problema mediante a creación deses *bens públicos* que son os dereitos sociais garantidos polas políticas de benestar.

Agora ben, unha vez edificado o Estado de Benestar, o dilema de acción colectiva inverteu o seu signo, posto que as externalidades negativas que o orixinaron (indixencia, analfabetismo, morbilidade, mortalidade) se transformaron nas externalidades positivas que xeran os servicios públicos de benestar. E se antes o *free riding* (esquirolismo racional) era o que impedía resolver o problema social, hoxe é tamén o *free riding* (o parasitismo racional do *efecto Mateo*) o que ameaza con estrangular e esgotar eses bens públicos que son os dereitos sociais. En definitiva, este *free riding* implica a explotación privada, en nome dos dereitos individuais, duns bens públicos só lexitimados para satisfaceren dereitos sociais.

En fin, todas estas razóns (dereitos adquiridos, agravios comparativos, presión corporativa dos profesionais interesados, devaluación inflacionaria dos dereitos universalizados e parasitismo racional asociado ó *efecto Mateo*, entre moitos outros factores) son as que explican que a demanda de protección social se expanda ilimitadamente. E, mentres tanto, a oferta pública de protección dos dereitos sociais, que precisa duns crecentes recursos cada vez máis custosos, non se pode expandir ó mesmo ritmo, senón que se debe limitar a quedar retrasada, polo que o *gap* de demanda insatisfeita crece incesantemente. Pero a análise de razón de que os recursos non poidan crecer coa mesma rapidez con que o fan as novas demandas de protección social é algo que xa non podemos tratar aquí.

Abonde con dicir, a modo de conclusión, que os límites do crecemento dos recursos dependen tamén do problema do *free riding*, pois ninguén quere sufragar a financiación dos recursos necesarios para protexer os dereitos sociais: se o *parasitismo* racional é responsable do crecemento ilimitado da demanda insaciable, o *esquirolismo* non menos racional é tamén o responsable dos límites que impiden o crecemento da oferta minguante. E este dilema malthusiano parece dificilmente resoluble, pois hai que optar entre o crecemento das rendas (sobre todo salariais, das que depende o nivel de investimento) ou o crecemento das pensións (directamente proporcional ó do producto interior resultante), pois rendas e pensións dificilmente poden crecer as dúas a un tempo.

Parafraseando a Esping-Andersen, pode afirmarse que só existen tres modos típicos de resolver este dilema. O liberal ou puritano, baseado no *autismo* da capitalización das pensións mediante a súa autofinanciación persoal pola inversión aforrada ó cabo do curso da vida: as externalidades desaparecen, e con elas o risco de parasitismo ou esquirolismo; pero a inxusta desigualdade, e a ausencia de redistribución previsora, permanecen. O católico ou socialcristián, baseado no colectivismo universal da caixa común, onde todas as pensións se financian por transferencia sincrónica procedente das rendas: aquí é posible a redistribución igualitaria; pero os perversos efectos de estrangulamento malthusiano, derivados do parasitismo drogadicto de subvencións, colápsano. E resta o socialdemócrata ou neocorporativista, onde rendas e pensións se pactan por contrato consensuado, previsoriamente consensuado, previsoriamente programado por anticipado: pero o maximalismo das reivindicacións salariais, que sempre desexan renegociar á baixa a súa contribución real, fano só posible en épocas de auxe.

E. G. C.

¿Cara á República de Berlín? Partidos e sistema de partidos en Alemaña perante o século XXI

Raimundo Viejo Viñas

INTRODUCCIÓN

O presente traballo pretende acometer un triple obxectivo: en primeiro lugar, dar unha visión xenérica da evolución dos partidos e dos seus sistemas na República Federal de Alemaña (RFA); en segundo lugar, analizar sumariamente o particular desenvolvemento das dúas repúblicas nas que se escindiu o antigo Reich; e, en terceiro e último lugar, e desde a contrastación entre ambos Estados, ofrecer unha primeira análise dos resultados que se están a producir a raíz do proceso de cambio político iniciado coa caída do Muro de Berlín (9-11-1989). Trátase, en definitiva, de realizar unha primeira aproximación ó caso alemán, conscientes das limitacións que impón un traballo como o presente, mais confiados en que o resultado das nosas pesquisas sirva, cando menos, como un primeiro achegamento.

A tal fin, e como consecuencia das lecturas realizadas ó efecto, decidimos dividir o noso traballo en tres partes que se corresponden cos devanditos obxectivos. Asemade, e co obxecto de dar pé á discusión, elaboramos un apartado final adicado ás pertinentes "conclusións tentativas".

I. PRECEDENTES HISTÓRICOS

Considerados logo da II Guerra Mundial como un elemento esencial na formulación da soberanía nacional, a existencia de partidos políticos en Alemaña, se ben se pode considerar 1848 como unha primeira data de

referencia[1], remóntase de seu ó segundo tercio do século pasado[2]. Porén, e malia a vontade da cidadanía (*Bürgertum*) de mediados do século pasado por conquistar a desexada unidade do pobo alemán, aínda deberá pasar algún tempo antes de que teña lugar o nacemento dun único Estado nacional xermano. En efecto, a paulatina e dificultosa construcción dun novo Estado caracterizado por ser un sistema federal (organizado en base ós coñecidos Länder) e bicameral (Bundesrat, ou cámara alta, e Reichstag, ou camara baixa)[3] xerará o marco institucional no que tivo lugar a "política de notables" (*Honoratiorenpolitik*)[4], marcada pola ausencia dos partidos de masas que andando o tempo haberiamos de coñecer.

Durante os anos de existencia do primeiro Estado nacional xermano (1871-1919)[5] desenvolverase un primeiro sistema de partidos caracterizado por un gran número de partidos agrupables —segundo a clasificación de A. Milatz (cadro 1)— nas cinco grandes tendencias ideoló-xicas seguintes: os conservadores, entre os que atopamos os partidos agra-

1. Os precedentes dos actuais partidos teñen sen dúbida as súas orixes no proceso revolucionario de 1848 e na Asemblea Nacional reunida na igrexa de San Pablo (*Paulskirche*) de Fráncfurt. Tal e como o expresa Theodor Schieder:

> "Case todas as grandes tendencias de partido (*Parteirichtungen*), tal e como logo afloraron na política xermana, remontan as súas orixes, se ben só embrionariamente, nas asembleas parlamentarias da Revolución e, moi especialmente, na Asemblea Nacional da Igrexa de San Pablo en Fráncfurt e na Asemblea Nacional prusiana. Isto vale tanto para as distintas tendencias liberais, as "democráticas", é dicir, a esquerda republicana, as conservadoras ou a tentativa dunha organización de partido católica, como para os socialistas, os cales, neste ano da Revolución burguesa pódense atopar non tanto na procura dunha organización propia canto no achádego do seu grande texto programático: o *Manifesto comunista*" (a traducción é nosa).

Schieder, Th. "Parteiendemokratie" en *Bundeszentrale für politische Bildung*, da serie *Informationen zur politischen Bildung* 207, Bonn, 1990, p. 4 *et passim*. A traducción é nosa.

2. De xeito orientativo, e ordenados pola súa orde de aparición, podemos sinalar os casos seguintes como algúns dos máis interesantes: Partido Alemán do Progreso (*Deutsche Fortschrittspartei*), fundado en 1861; Unión Xeral Alemana de Traballadores, (*Allgemeinen Deutschen Arbeiterverein*), 1863; Partido Nacional Liberal (*Nationalliberale Partei*), 1866/67; Partido Liberal Conservador (*Freikonservative Partei*), 1867; Partido Socialdemócrata dos Traballadores de Alemaña (*Sozialdemokratische Arbeiterpartei Deutschlands*), 1869; Partido de Centro (*Zentrumpartei*), 1870; Partido Socialista dos Traballadores de Alemaña (*Sozialistischen Arbeiterpartei Deutschlands*), 1875; Conservadores Alemáns (*Deutsch-Konservativen*), 1876; Partido Socialdemócrata Alemán (*Sozialdemokratische Partei Deutschlands*), 1891.

Vid. *Bundeszentrale für politische Bildung, op. cit.*, p. 5.

3. Dalton, R. J., *Politics in Germany*. Harper Collins, Nova York, 1993. Moi especialmente o capítulo primeiro titulado "The Legacy of History", pp. 10-44.

4. Jones, L. E. e Retallack, J., "Introduction", en L. E. Jones e J. Retallack, J. *Elections, Mass Politics & Social Change in Modern Germany. New Perspectives*. Cambridge University Press, Cambridge, 1992, p. 3.

5. Para unha visión da problemática do Estado nacional en Alemaña e establecer unha comparanza entre os dous Estados nacionais xermanos que na historia se teñen dado (1871, 1990), *vid.* Dann, O., *Nation und Nationalismus in Deutschland, 1770-1990*, C. H. Beck, Múnic, 1994, especialmente, pp. 317-328.

ristas e monárquicos; os nacional-liberais, isto é, os grandes intereses dos grupos de presión identificados cos intereses da industria pesada, tamén chamados liberais de dereita; os centristas, entre os cales cómpre destacar, dunha banda, o papel moderador xogado polos católicos e, doutra, o seu carácter interclasista; os liberais de esquerda, integrados por sectores sociais diversos entre os que destacan as profesións liberais e artesáns; e, finalmente, os socialistas, ou representantes maioritarios dos traballadores[6].

Ano	Participación electoral	SPD	Partidos liberais da esquerda	Zentrum	Liberais de dereita	Partidos conservadores	Minorías, grupos rexionais
1871	52,0	3,1	9,3	18,7	37,2	23,1	6,6
1874	61,2	6,8	9,0	27,9	30,8	14,2	10,5
1877	61,6	9,1	8,6	25,0	29,7	17,6	9,8
1878	63,4	7,6	7,9	23,1	25,8	26,7	8,9
1881	56,3	6,1	22,9	23,2	15,0	23,7	8,8
1884	60,5	9,7	19,3	22,6	17,6	22,1	8,5
1887	77,5	10,1	14,1	20,1	22,6	25,1	7,7
1890	71,5	19,7	18,2	18,6	16,8	19,8	6,8
1893	72,4	23,3	14,3	19,1	13,2	22,8	7,1
1898	68,1	27,2	11,8	18,8	13,1	20,8	8,1
1903	76,1	31,7	9,5	19,5	14,2	17,4	7,1
1907	84,7	28,9	11,4	19,4	14,7	18,1	6,6
1912	84,2	34,8	12,8	16,4	14,1	15,3	6,3

Cadro 1. Resultados das eleccións ó Reichstag (1871-1912)
Fonte: Milatz, A. *op. cit.*, p. 220.

En 1919, un novo sistema institucional substitúe ó II Reich como resultado da derrota sufrida na I Guerra Mundial. Descentralizado e bicameral, o novo Estado, a República de Weimar, elixirá os seus representantes por sufraxio universal. O sistema de partidos correspondente, integrado nos momentos de máxima fragmentación por nove partidos nacionais ademais doutros de carácter rexional, é caracterizado como un dos exemplos clásicos do *pluralismo extremo e polarizado*[7]. De feito, o crecente aumento das forzas antisistema ou desleais rematará transfor-

6. Milatz, A., "Reichstagswahlen und Mandatsverteilung 1871 bis 1918", en G. A. Ritter (Ed.), *Gesellschaft, Parlament und Regierung. Zur Geschichte des Parlamentarismus in Deutschland.* Droste Verlag, Düsseldorf, 1974, p. 220.

7. Sartori, G., *Partidos y sistemas de partidos.* Alianza Editorial, Madrid, 1987; especialmente os epígrafes correspondentes ós apartados 1 e 2 do capítulo 6, pp. 165-219.

mando o caso de Weimar no dunha "república sen republicanos" que morrería a mans do totalitarismo nazi[8]. Fulgurante no seu ascenso ó poder, o Partido Nacionalsocialista Alemán dos Traballadores (*Nationalsozialistische Deutsche Arbeiterpartei*, NSDAP) adquiriu o 43,9% dos votos nas eleccións de marzo de 1933 (cadro 2). O Estado alemán quedaba así sometido á progresiva dominación dun partido único, o cal, desde a posta en práctica dunha política fundamentada en conceptos como a comunidade de destino (*Schicksalgemeinschaft*) ou o espacio vital (*Lebensraum*), desencadearía a segunda conflagración bélica de carácter mundial.

Ano	Partici-pación electoral	KPD	USDP	SPD	DDP	Zen-trum	BVP	DVP	DNVP	NSDAP	Outros
1919	83,0		7,6	37,9	18,5	19,7		4,4	10,3		1,6
1920	79,2	20,1	17,9	21,7	8,3	13,6	4,4	13,9	15,1		4,0
1924	77,4	12,6	0,8	20,5	5,7	13,4	3,2	9,2	19,5	6,5	8,6
1924	78,8	9,0	0,3	26,0	6,3	13,6	3,7	10,1	20,5	3,0	7,5
1928	75,6	10,6	0,1	29,8	4,9	12,1	3,1	8,7	14,2	2,6	13,9
1930	82,0	13,1		24,5	3,8	11,8	3,0	4,5	7,0	18,3	14,0
1932	84,1	14,3		21,6	1,0	12,5	3,2	1,2	5,9	37,3	3,0
1932	80,6	16,9		20,4	1,0	11,9	3,1	1,9	8,3	33,1	3,4
1933	88,8	12,3		18,3	0,9	11,2	2,7	1,1	8,0	43,9	1,6

Cadro 2. Resultados das eleccións ó Reichstag (1919-1933)
Fonte: *Bundeszentrale zur politischen Bildung, op. cit.*, p. 6.

A derrota definitiva de Hitler en 1945 situaba no primeiro plano da vida internacional o establecemento dunha nova orde política mundial. As posturas das potencias vencedoras estaban divididas ó respecto. Por unha banda, a tese da Escola de Jalta, manifesta polos aliados na Conferencia de Potsdam propugnaba unha estreita colaboración co obxecto de "desarmar", "desmilitarizar" e "desnazificar" Alemaña. Doutra banda, e claramente en contra desta tese, George Kennan, e con el varios diplomáticos dos Estados Unidos agrupados arredor do que se deu en chamar a Escola de Riga, defendían un reparto de Europa en dúas áreas de influencia[9]. Pronto a división en dúas Alemañas sería unha realidade.

8. Para unha interpretación da fin da República de Weimar, *vid.* Linz, J. J., *La quiebra de las democracias.* Alianza Editorial, Madrid, 1987.

9. "Die Teilung Deutschlands (1945-1955)" en *Bundeszentrale für politische Bildung*, en *Informationen zur politischen Bildung* 232, Bonn, 1991, p. 11 *et passim.*

II. DOUS ESTADOS, UNHA NACIÓN

1. *A República Democrática Alemana*

Asumida a fragmentación do territorio do extinto III Reich, cada unha das dúas repúblicas iniciou o seu camiño por separado[10]. Na zona de ocupación dirixida desde Moscova, constituída na RDA desde o 7 de outubro de 1949, a reconstrucción do pluralismo foi cortada de raíz pola intervención soviética[11]. Cando poucos meses despois da fin da guerra a zona xermano-oriental reconstruía un sistema de partidos apoiado en catro forzas políticas (comunistas —KPD—, democracia cristiá —CDU—, socialdemocracia —SPD— e liberais —LDPD), a agudización do conflicto entre as dúas novas superpotencias tivo consecuencias directas para o sistema nacente. En pouco tempo, un único partido resultado da fusión forzosa entre comunistas e socialdemócratas, isto é, o Partido da Unidade Socialista de Alemaña (*Sozialistische Einheitspartei Deutschlands*, SED), asumiu a dirección dun aparato estatal cada vez máis semellante ó instaurado na Unión Soviética[12] e suprimiu, definitivamente, calquera indicio de pluralismo na sociedade xermano-oriental.

Catro longas décadas duraría a dictadura dirixida polo SED antes de que no outono de 1989, nun pacífico exercicio do dereito de autodeterminación artellado nunha voz unitaria —"Somos o pobo" (*Wir sind das Volk*)—, tivese lugar a formación dun novo Estado nacional alemán. A Revolución Pacífica das Velas abría así unha nova etapa tras da cal ficaba un sistema político autoritario coñecido como a *"SED-Diktatur"*; comezaba un proceso de cambio de réxime político que levaría á instauración dun novo réxime democrático. Para comprender, xa que logo, a relevancia dos acontecementos sobre os partidos políticos, cómpre facer aquí unha breve consideración sobre os puntos de partida e de chegada neste proceso de transformación política[13].

Prescindindo aquí de consideracións exhaustivas para coa natureza destas liñas, faise necesaria non obstante unha caracterización do réxime dirixido por E. Honecker. Así, e como primeira apreciación ó respecto, cabe destacar un feito común entre a RDA e outros dos

10. "Die Teilung..." en *Bundeszentrale für politische Bildung, op. cit.*
11. R. J. Dalton, *op. cit.*, pp. 33-42.
12. Weber, H. "Mit Zwang und Betrug", en *Die Zeit* (23-2-1990).
13. Facémonos eco aquí das palabras de L. Morlino:

> "O cambio dedúcese sempre, por diferencia, da comparación entre un estado precedente e outro sucesivo do sistema ou das súas partes. Cambio, desenvolvemento, modernización e todos os demais conceptos que supoñen algunha transformación, son categorías de relación: é dicir, que son observables só entre un antes e un despois" (a traducción é nosa).

Vid. Morlino, L., *Como cambian los regímenes políticos.* Centro de Estudios Constitucionales, Madrid, 1985, p. 47.

réximes políticos do Telón de Aceiro: o feito de ter sido réximes "autoritarios postotalitarios"[14] no momento en que se produce a transición á democracia. Xa máis matizadamente, o sistema político da RDA ten sido recentemente caraterizado por Rüdiger Thomas en base a sete riscos estructurais *(Strukturmerkmale)*[15] dos cales deviría un sistema institucional dominado polo SED[16] e no que todas as organizacións e institucións restantes, agás a Igrexa protestante, dependían directamente do partido marxista-leninista, auténtico representante da "democracia socialista", definida e contraposta en termos de teoría política leninista á "democracia burguesa". Consecuentemente, o pluralismo representado na Cámara do Pobo *(Volkskammer)* era máis aparente que real. En efecto, configurada por 500 deputados electos en 73 circunscricións electorais *(Wahlkreise)*, o máximo órgano de poder do Estado (art. 48), estaba integrado por nove fraccións[17] ás que se uniu unha máis logo de 1986[18]. Reunida unha vez ó ano durante catro ou cinco días, a súa praxe política limitábase á dun mero órgano de aclamación. Non obstante, resulta especialmente significativa a capacidade de mobilización de masas que chegou a ter o SED e os seus partidos asociados (cadro 3).

2. *A República Federal de Alemaña*

Tres momentos históricos de ruptura según K. von Beyme marcan os grandes cambios na política xermana: o conflicto entre partidarios e adversarios do II Reich (1871-1919), a tráxica historia da República de

14. Para unha maior reflexión arredor deste problema, *vid.* LINZ, J. J., "Transiciones a la democracia", en *REIS* 51, 1991, pp. 7-33.

15. A saber: supremacía do SED; eliminación da oposición política; "Lexitimidade Socialista" (*Sozialistische Gesetzlichkeit*); dictadura do Estado de Seguridade; centralismo democrático; planificación central; mobilización de masas, axitación e propaganda.

Vid. Thomas, R., "DDR: Politisches System", en Weidenfeld, W. e Korte, K.-R. (Eds.). *Handbuch zur Deutsche Einheit.* Campus Verlag, Fráncfurt/Nova York, 1993, pp. 114-129.

16. R. Thomas, *op. cit.*, p. 117.

17. Partido da Unidade Socialista de Alemaña, *Sozialistische Einheitspartei Deutschlands* (SED); Unión democratacristiá de Alemaña, *Christlich-Demokratische Union Deutschlands* (CDU); Partido Liberal demócrata de Alemaña, *Liberal-Demokratische Partei Deutschlands* (LDPD); Partido Nacional democrático de Alemaña, *National-Demokratische Partei Deutschlands* (NDPD); Partido Democrático dos Labregos de Alemaña, *Demokratischer Bauernpartei Deutschlands* (DBD); Federación Demócrata de Mulleres, *Demokratischer Frauenbund* (DFD); Federación Sindical Ceibe Alemana, *Freier Deutsche Gewerkschaftbund* (FDGB); Xuventude Alemana Ceibe, *Freie Deutsche Jugend* (FDJ); Federación da Cultura, *Kultur Bund* (KB).

Vid. R. Thomas, *op. cit.*, p. 118.

18. É o caso da Unión da Mutualidade de Seguros Labrega (*Vereinigung der gegenseitigen Bauernhilfe*, VdgB).

Vid. R. Thomas, *op. cit.*, p. 118.

Ano electoral	Participación electoral	Votos afirmativos
1950	98,53	99,72
1954	98,51	99,46
1958	98,90	99,87
1963	99,25	99,95
1967	98,82	99,93
1971	98,48	99,85
1976	98,58	99,86
1981	99,21	99,86
1986	99,74	99,94

Cadro 3. Resultados das eleccións á Volkskammer (1950-1986)
Fonte: *Bundeszentrale für politischen Bildung,* op. cit., p. 10.

Weimar e o Arreglo Provisional (*Provisorium*) da Bundesrepublik[19]. Foi precisamente a redacción dunha Lei Fundamental (*Grundgesetz*) no canto dunha Constitución (*Verfassung*) o que permitiu a creación dunha democracia baseada na competición entre os partidos políticos existentes nas tres zonas de ocupación baixo a tutela de Francia, Gran Bretaña e Estados Unidos. Daquela, e se ben a posibilidade dunha reunificación das dúas novas repúblicas alemanas ficaba postergada[20], a aprobación mediante o referendo afirmativo da Lei Fundamental nas cámaras dos distintos Länder occidentais —agás o de Baviera— garantía, unha vez máis, a posta en marcha dun sistema democrático. Como é lóxico, a instauración dunha nova democracia comportou unha serie de ordenamentos xurídicos referidos ós partidos políticos; unhas regras de xogo dentro das cales habería de desenvolverse o xogo competitivo entre as diferentes organizacións.

19. Von Beyme, K., *Das politische System der Bundesrepublik Deutschland nach der Vereinigung.* Piper, Múnic, 1993, especialmente o capítulo 4 titulado: "Das Parteiensystem", pp. 127-185.

20. Tal posibilidade, que quedaba recollida en dúas alternativas diferentes plasmadas nos artigos 23 e 146 da Lei Fundamental, constituíu un dos temas máis polémicos no marco da Unificación. Neste senso, *vid.* Autexier, Ch., "1990: la réunification de l'Allemagne sous la loi fondamentale", en *Revue française de Droit constitutionnel* 8, 1991, pp. 589-596; Fromont, M., "Les techniques juridiques utilisées pour l'unification d'Allemagne", en *Revue française de Droit constitutionnel* 8, 1991, pp. 579-588; Isensee, J., "Verfassungsrechtliche Wege zur deutschen Einheit", en *Zeitschrift für Parlamentsfragen* 21, 1990, pp. 309-322; Kimmel, A., "Lettre de la RFA. Aspectes constitutionnels de la réunification allemande", en *Pouvoirs* 57, 1991, pp. 143-152; Preuss, U.-K., "Die Chance der Verfassungsgebung", en *Aus Politik und Zeitgeschichte* 49, 1991, pp. 12-19; Schlink, B., "Deutsch-deutsche Verfassungsentwicklungen im Jahre 1990", en *Der Staat* 30/2, 1991, pp. 163-180; Siniscalchi, F., "Problemi costituzionali della riunificazione della Germania" en *Il Politico* 55/3, 1990, pp. 525-567.

No caso da RFA, este ordenamento foi un traballo desenvolto desde o inicio da ocupación aliada e que culminou en 1967 coa promulgación da *Lei de partidos políticos*[21] na que, a diferencia de Weimar, os partidos eran recoñecidos como pezas claves na construcción da vontade política do pobo. Trátase dun novo concepto de partido político acorde a outros ordenamentos constitucionais do momento nos que, tanto o devandito rol de representante como as tarefas dos partidos ou a igualdade de trato para todos eles, entronca cun concepto de democracia representativa desenvolto nas democracias occidentais ó longo dos séculos XIX e XX[22]. Asemade, e isto é un aspecto fundamental, a Lei de Partidos políticos regulamenta a participación democrática no seo das organizacións. En efecto, acorde coa Lei Fundamental[23], a reforma de 1967, na súa vontade por favorecer a democratización interna dos partidos, introduciu nos Estatutos das organizacións medidas co obxecto de garantir os dereitos das minorías[24]. A experiencia dunha nación que, como Alemaña, recolle na súa norma fundamental a "responsabilidade perante a Historia", tivo unha dobre plasmación na lei de partidos de 1967: dunha banda, na advertencia segundo a cal a competición entre os partidos deixa de ser tal desde o momento en que o electorado, a través da votación secreta[25], transfire a estes a representación da súa soberanía; doutra, estreitamente vencellada ás esixencias da ocupación aliada, na prohibición dos partidos "perigosos para a Constitución" (*Verfassungswidrig*).

Chegado este punto, cómpre sinalar dúas cuestións de grande relevancia para o posterior desenvolvemento do sistema de partidos, a saber: a lei electoral e os sucesivos regulamentos referidos á financiación dos partidos. Na súa formulación, a Lei de 1953 perseguía dúas metas: dunha

21. Olzog, G. e Liese, H.-J. *Die politischen Parteien.* Olzog Verlag, Múnic/Viena, 1985, pp. 18-30.

22. Para unha visión analítica do problema, *vid.* Held, D. *Modelos de democracia.* Alianza Universidad, Madrid, 1992. Para unha perspectiva histórica, *vid.* Moore, B. Jr. *Los orígenes sociales de la democracia y la dictadura.* Península, Barcelona, 1983 e Scokpol, Th. *Los Estados y las revoluciones sociales.* Fondo de Cultura Económica, México, 1985.

23. Tal e como sinala o artigo 21 da Lei Fundamental:

> "A organización interna dos partidos debe ser conforme ós principios democráticos".

Ademais, segundo este mesmo artigo, as organizacións deben ratificar decisións e programas a todos os niveis (partido federal, asociacións local, do Kreis, do Bezirk, e do Land), celebrándose as asembleas de afiliados, cando menos, unha vez cada dous anos.

Vid. R. J. Dalton, *op. cit.*, p. 311.

24. Por exemplo, obrigando a que o número de militantes necesarios para convocar unha Asemblea non fose superior a un quinto do total da militancia.

25. As eleccións son para os partidos unha auténtica pedra de toque. Ante todo porque outorgan a lexitimidade ó/s partido/s do goberno no seu exercicio do monopolio lexítimo da violencia estatal. Neste senso, matiza a Lei Fundamental (art. 38, 1):

> "Os membros do parlamento alemán serán elixidos mediante voto xeral, directo, libre, igual e secreto".

banda, reformular o sistema proporcional de Weimar; doutra, organizar un sistema de distritos[26]. A tal efecto, a lei dispón un sistema mixto de votación que implica dous votos diferenciados: o "primeiro voto" (*Erstimme*), isto é, aquel polo que se elixe a un candidato de distrito (nun total de 328 —1990— cuns 180.000 votantes c/u), e o "segundo voto" (*Zweitstimme*), ou voto encargado de cubrir a segunda metade do Parlamento mediante a elección de listas de partido (outros 328)[27].

A financiación dos partidos é sen dúbida outro dos aspectos cruciais no sistema político alemán que non se pode pasar por alto á hora de estudiar os partidos políticos. Resultado da ocupación aliada, o ordenamento xurídico da RFA estimaba que, dado o carácter público e "estatalizado" dos partidos políticos, cumpría unha financiación pública baseada na presupostación e financiación estatal dos partidos[28]. Porén, perante unha dinámica de eleccións que comportaba un considerable incremento do aparato de partido e dos gastos de campaña, a lei de financiación dos partidos veuse sometida a sucesivas modificacións[29].

Polo ata agora visto, non resultará difícil comprender as implicacións que ten o sistema político instaurado en 1949 sobre os partidos e o sistema de partidos xermano. Así, a posta en funcionamento da

26. R. J. Dalton, *op. cit.*, pp. 313 e ss.

27. Asemade, o sistema electoral permite tamén a presentación de candidaturas independentes a partir da recollida de 200 sinaturas.

28. K. von Beyme, *op. cit.*, pp. 140-156.

29. A primeira destas, coñecida como a Sentencia dos Donativos de Partidos (*Parteienspendenurteil*), foi promulgada en 1958 polo Tribunal Constitucional (*Bundesverfassunggerichi*). O principal argumento indicaba que, na medida en que se quebraba a igualdade de oportunidades na competición entre partidos, toda posibilidade de dedución de impostos dos donativos era contraria á Lei Fundamental. Máis tarde, en 1966, os partidos eran obrigados a entregar as súas contas ó Tribunal Constitucional. A comezos dos oitenta esta situación chega á súa fin. En marzo de 1982, a petición dos principais partidos (CDU/CSU, FDP, SPD), noméase unha comisión independente para tratar o tema. A comezos de 1983 a comisión expuxo un informe no que se indicaban os seguintes puntos como as claves para resolver o problema: extender a financiación do Estado ós cidadáns; limitar os custos; garantir a transparencia das contas; multas e controles para vixiar o cumprimento da lei. O novo regulamento parlamentario feito realidade en xaneiro de 1984 introduciu, entre outras, as seguintes modificacións: suba da axuda en campaña de 3,5 a 5 DM por voto conquerido; incremento da trasparencia das contas; beneficios nos impostos; "oportunidade de igualdade" para os partidos máis pobres. Unha quinta lei se promulgou en 1988 para dúas cuestións: por unha banda, recorrendo a sentencia de xullo de 1986 pola que as axudas permitidas ós partidos non podían superar os 100.000 DM; por outra, procurando o cumprimento real da "oportunidade de igualdade". Ademais, incluía as seguintes modificacións: correción da fórmula de cálculo para a "oportunidade de igualdade"; suplemento adicional para os partidos que superen o 2%; suba do límite dos donativos de 20.000 a 40.000 DM; limitación a 60.000 DM anuais das exencións nos impostos por mor de donativos; e, finalmente, sinalábanse as seguintes fontes como as únicas posibles: aportacións da militancia; aportacións dos militantes das fraccións parlamentarias; entradas de inversións, patrimonio, etc; axudas públicas; créditos; reembolsos por campaña electoral.

Vid. "Parteiendemokratie" en Bundeszentrale für politische Bildung, op. cit., pp. 31-33.

República Federal de Alemaña comportou, desde a aprobación da lexislación vista, toda unha serie de *constriccións institucionais*[30] dentro das cales ten lugar a dinámica política. Por iso, desde as primeiras eleccións ata os nosos días e como principal consecuencia do xiro político recollido no concepto de "vencellamento ó Oeste" (*Westbindung*)[31], a República Federal desenvolveu un sistema de partidos propio marcado pola aparición dun tipo específico de organización, o "partido do pobo" (*Volkspartei*)[32]. Encarnada inicialmente na Unión Cristianodemócrata (*Christlichedemokratische Union*, CDU) de Adenauer, a idea dun partido que superase as grandes liñas de fraccionamento da sociedade (*cleavages*)[33] vai ser asumida máis tarde polos socialdemócratas[34] no marco dun proceso global de concentración das tendencias no centro político. Neste senso, o papel dos liberais da FDP

30. Partimos aquí da modelización realizada por A. Panebianco, autor para o que, desde unha perspectiva analítica, o entorno dun partido é divisible en "constriccións institucionais e escenarios". Así, afirma Panebianco:

> Ambos inflúen sobre os partidos pero de maneira distinta, as constriccións institucionais son aqueles factores, relativamete estables, que estructuran os escenarios nos que operan os partidos, e é por esta vía como inflúen sobre a organización. En determinados casos as constriccións institucionais poden operar tamén dun modo directo sobre o partido: ese é o caso por exemplo, da lexislación que regulamenta certos aspectos da vida interna dos partidos na Alemaña Federal ou das leis sobre a financiación estatal das actividades dos partidos. Máis a miúdo, os factores que aquí denominamos institucionais exercen, sen embargo, unha influencia indirecta sobre a organización (ó influíren sobre o seu entorno) (a traducción é nosa).

Vid. Panebianco, A., *Modelos de partido.* Alianza Universidad, Madrid, 1990, p. 390.

31. A *Westbindung*, en canto que concepto político, encarna a idea dun proceso constante de asunción paulatina dos valores políticos occidentais en contraposición ós valores propios da cultura autoritaria da Europa alén do Telón de Aceiro.

32. O modelo do *Volkspartei*, tamén chamado *Catch-all-party*, é consecuencia do funcionamento dunha dinámica de competición electoral na que os partidos políticos, en canto que actores racionais na procura dun resultado óptimo, intentan minimizar as tensións ou liñas de conflicto existentes na sociedade co obxecto de maximizar os seus resultados. Como riscos centrais de tales partidos na antiga RFA, Gordon Smith sinala os seguintes: imaxe moderada e pragmática minimizando as súas diferencias ideolóxicas (SPD e CDU/CSU); apelación a un electorado cuantioso e de natureza fortemente integradora que fai difícil a competición a aqueles outros partidos de base ideolóxica ou fragmentaria; sistema político de tendencia centrípeta por mor das estratexias políticas e competicións electorais; alternancia periódica no poder que, por depender en certa medida dun pequeno partido bisagra (o liberal FDP), converte o sistema nun exemplo de "bipartidismo frustrado".

Vid. Smith, G., "The 'New' Party System", en G. Smith, W. E. Paterson, P. H. Merkl e S. Padgett (Eds.). *Developments in German Politics.* Macmillan, Londres, 1992, p. 79; E. Wiesendahl, "Volkspartei", en D. Nohlen (Ed.). *Pipers Wörterbuch zur Politik.* Piper, Múnic, 1992, vol. 1, pp. 1104-1106.

33. Para unha análise do *cleavages* en Alemaña, *vid.* K. von Beyme, *op. cit.*, pp. 127-129.

34. En concreto, a partir do Programa de Godesberg (*Godesberger Programm*, 1959), substituto do programa marxista aprobado no ano 1925 en Heidelberg (*Heidelberger Programm*).

Vid. K. von Beyme, *op. cit.*, p. 139; "Parteiendemokratie" en Bundeszentrale für politische Bildung, *op. cit.*, p. 12.

(*Freie Demokratische Partei*), en canto que partido de centro e bisagra, ten sido clave na configuración do carácter centrípeto adquirido polo sistema alemán (cadro 4). Asemade, unha das razóns de maior peso á hora de explicar a eficacia con que foi implantado este sistema reside na ausencia de pequenos partidos radicais que, así na República de Weimar, polarizasen o sistema de partidos ata a súa quebra (*breakdown*)[35]. Dúas cuestións principais serven para explicar tal feito: dunha banda, a cláusula do 5% pola que se restrinxe a representación parlamentaria a todas aquelas forzas que superen a barreira dos cinco puntos porcentuais sobre o total de votos válidos; doutra, a promulgación de leis de prohibición das forzas políticas anti-sistema cales o Partido Comunista de Alemaña (*Komunistische Partei Deutschlands*, KPD) en 1956, ou o Partido Socialista do Imperio (*Sozialistische Reichspartei,* SRP) en 1952[36].

Ano Electoral	1949	1953	1957	1961	1965	1969	1972	1976	1980	1983	1987	1990	1994
Participacion	78,5	86,0	87,8	87,7	86,8	86,7	91,1	90,7	88,7	89,1	84,4	77,8	79,1
CDU/CSU	31,0	45,2	50,2	45,4	47,6	46,1	44,9	48,6	44,5	48,8	44,3	43,8	41,5
SPD	29,2	28,8	31,8	36,2	39,3	42,7	45,8	42,6	42,9	38,2	37,0	33,5	36,4
FDP	11,9	9,5	7,7	12,8	9,5	5,8	8,4	7,9	10,6	7,0	9,1	11,0	6,9
DP	4,0	3,3	3,4										
GB/BHE		5,9	4,6										
GdP				2,8		0,1							
Zentrum	3,1	0,8	0,3										
BP	4,2	1,7	0,5			0,2						0,1	
KPD	5,7	2,2											
DRP	1,8	1,1	1,0	0,8									
WAV	2,9												
DFU				1,9	1,3								
NDP					2,0	4,3	0,6	0,3	0,2	0,2	0,6	0,3	
DKP							0,3	0,3	0,2	0,2			
Die Grünen									1,5	5,6	8,3	3,9	7,3
Bündnis '90												1,2	
DSU												0,2	
Republicaner												2,1	1,9
PDS												2,4	4,4

Cadro 4. Resultados das eleccións ó Bundestag (1949-1990)

Fonte: Elaboración propia a partir de K. von Beyme, *op. cit,* e o xornal *El País* (18-10-1994).

35. Facémonos eco aquí da expresión acuñada por J. J. Linz na obra *The Breakdown of Democratic Regimes.*

Vid. J. J. Linz, *op. cit.*

36. *Vid.* K. von Beyme, *op. cit.*, p. 129 en *Bundeszentrale für politische Bildung, op. cit.*, p. 33.

A consolidación democrática[37] do sistema de partidos non despexou en todo caso unha cuestión clave formulada por K. von Beyme nos seguintes termos: "¿constátase a deslexitimización do sistema por mor dos partidos extremistas e os novos movementos sociais?"[38] Sen dúbida, a forte concentración converteu os pequenos partidos[39] en reliquias do pasado. Non obstante, a comezos dos anos 80, e como consecuencia dunha reformulación da unidade no espectro da esquerda[40] forzada en grande medida pola fronteira do 5%, unha nova forza política irrompe con forza no sistema de partidos: Os Verdes (Die Grünen). Apoiados no forte crecemento dos novos movementos sociais e encabezando o movemento cidadán contra a instalación dos misís cruceiro e *Pershing* da OTAN, a organización ecoloxista acadou 27 escanos no Parlamento en 1983. O impacto causado pola rapidez do ascenso deste "partido antipartido"[41] mesmo levou a crer na emerxencia dunha alternativa posible ó sistema existente[42]. Porén, tal e como veremos máis adiante, o problema da unificación suporá un duro golpe para o proxecto ecoloxista.

Doutra banda, e no lado oposto do espectro político, as organizacións da ultradereita experimentaron tres momentos de especial relevancia no sistema político. En primeiro lugar, e no contexto de fragmentación e inestabilidade do sistema político que se dá logo da II Guerra Mundial, constátase un mosaico de pequenas organizacións que recollían os restos do fascismo. Posteriormente, nun segundo momento que chega ó seu cumio nas eleccións de 1969, os partidos protesta, que aínda eran integrados por elites pre-democráticas, chegaron a obter un éxito relativo

37. Cómpre destacar neste senso a importancia do concepto de *consolidación democrática* que manexamos neste traballo. Así, a diferencia de propostas partidarias de acotar a consolidación como un período de tempo máis ou menos determinado, aquí partimos da aportación feita recentemente por Diamandouros, Gunther e Puhle. Para estes autores, a consolidación en canto que proceso que "implica a lexitimación daquelas institucións e a estendida interiorización das normas de conducta básicas dun novo réxime democrático". Partindo dunha definición tal, a disociación do proceso en tres dimensións (*structural, attitudinal* e *behavioral*) non necesariamente coetáneas fai operativo o estudio da consolidación como fenómeno con entidade propia fronte á transición.

Vid. Diamandouros, P. N., Gunther, R., Puhle, H.-J. (Eds.). *The Politics of Democratic Consolidation.* Inédito remitido a Johns Hopkins University Press, Baltimore, 1994, p. VII.

38. Vid. K. von Beyme, *op. cit.*, p. 159.

39. Para unha apreciación do tamaño e relevancia dos partidos, *vid.* K. von Beyme, *op. cit.*, p. 160.

40. Nesta orde de cousas cabe sinalar que o mesmo nome da organización ecoloxista —Os Verdes— inclúese, a diferencia doutros, no conxunto de organizacións denominadas cun referente cromático, indicando con iso a vontade por facer xermolar unha forma alternativa de facer política fronte ós xa tradicionais usos políticos dos partidos clásicos. Sobre a relevancia da linguaxe na percepción da política, vid. Vilas Nogueira, J., "Las metáforas espaciales en el análisis de los sistemas de partidos" en *Revista del Centro de Estudios Constitucionales* 10, 1991, pp. 139-157.

41. Dalton, R. J., *op. cit.*, p. 310.

42. Offe, C. *Partidos políticos y nuevos movimientos sociales.* Sistema, Madrid, 1988, especialmente os capítulos VII (pp. 163-244) e VIII (pp. 245-265).

baixo formas alleas ó fascismo ou nacionalsocialismo puros[43]. No terceiro e último momento, organizacións radicais das que Os Republicanos (Die Republikaner) é a máis coñecida[44], vertebran desde un discurso agresivo orientado contra os estranxeiros e problemas concretos como a vivenda e o traballo, o descontento co sistema político vixente en xeral e contra os partidos en particular. En efecto, se atendemos á diminución das militancias, á desidentificación cos partidos ou ó crecemento dos movementos sociais[45] cabería pensar nunha posible crise do sistema democrático. Tres cuestións de tipo estructural destacan neste senso: a democracia interna; a competitividade electoral e a financiación dos partidos políticos. En relación co problema da democracia interna, cómpre recoñecer con Michels a existencia dunha Lei de Ferro (Bronce) da oligarquía no funcionamento interno dos partidos. Segundo esta, as medidas adoptadas polo Tribunal Constitucional para garantir unha vida plenamente democrática das organizacións, ficarían enormemente restrinxidas na práctica real, pois, ó cabo, o proceso de toma de decisións faise polo xeral nas altas instancias, limitándose as bases á súa ratificación.

Dúas cuestións seguen suscitando diferencias entre os partidos respecto ás eleccións: as listas de candidatos, ou a discusión arredor do monopolio dos partidos e as campañas electorais e o problema da despolitización por mor da comercialización das campañas. Estreitamente unida a estes problemas temos a terceira cuestión da que xa falamos: a financiación dos partidos. Escándalos como o acontecido recentemente en Schleswig-Holstein transfiren a imaxe dos partidos como grupos exclusivamente interesados en si mesmos, xerando, xa que logo, serios problemas ó propio sistema democrático. Daquela, cabería pensar que a diminución real da militancia, a desidentificación cos partidos ou o crecemento dos movementos sociais veñen sendo precisamente a consecuencia última da deslexitimación dos partidos polo seu interese "egoísta"[46]. Porén, iso non é así, pois, ó cabo, Alemaña segue a ser comparativamente, un dos países europeos máis satisfeitos e confiados para co funcionamento do seu sistema político.

En definitiva, tal e como indica Dalton, a crise dos partidos non reside tanto na súa desaparición como representantes entre a cidadanía e as institucións, canto na perda de relevancia fronte a outros actores políticos como os grupos de interese ou as iniciativas cidadás[47].

43. En concreto estamos a falar do caso do 4,3% acadado polo NPD nas eleccións ó Bundestag de 1969.

44. K. von Beyme, *op. cit.*, p. 161.

45. Resulta especialmente significativo o feito de que tales procesos sexan particularmente agudos entre as cohortes de idade máis novas.

46. Dalton, R. J., *op. cit.*, p. 312.

47. Como alternativa á situación de dominio dos partidos políticos, constátase a aparición de múltiples grupos de acción cidadá os cales, desde razóns de moi diversa natu-

III. A UNIFICACIÓN E OS PARTIDOS POLÍTICOS

A Revolución Pacífica das Velas, con toda a súa mobilización cidadá non foi capaz de vertebrar un sistema de partidos autónomo e separado da RFA, se ben os clásicos *cleavages* non xogan aínda un rol na configuración estructural das forzas políticas do Leste. A tendencia á concentración de forzas políticas, clásica do sistema federal desde a súa fundación, reproduciuse unha vez máis. Porén, é arriscado coidar que a unificación pola vía rápida e a non menos veloz asunción nos cinco novos Länder do sistema de partidos occidental non teña un alto custo para a emerxencia dunha sociedade civil, asemade a consolidación democrática da parte oriental de Alemaña.

O camiño do pluralismo e a democracia foi truncado cando a presión soviética forzou a fusión de socialdemócratas e comunistas facilitando así o control do aparato do Estado, isto é, da Stasi e dos procesos electorais consecuentes[48]. Así, e para manter as apariencias o SED traballou cos así chamados partidos do Bloque (*Blockparteien*), entre os que se atopaban a CDU, a LDPD, NDPD e o DBD[49] e que non deixaron de ser meras correas de transmisión do SED, sendo a súa incidencia mínima no *policy-making* e participando nas eleccións de forma meramente testemuñal[50].

A caída do muro e da dictadura supuxo a aparición dunha serie de movementos cidadáns que non se entendían a si mesmos como partidos mais que tiveron unha relevancia fundamental. As súas asembleas fundacionais, discusións programáticas, chamamentos e iniciais traballos públicos poden ser considerados como algunhas das formas de manifestación máis importantes da Revolución. Tras a vaga de fuxidos do verán de 1989, en setembro ten lugar a fundación de NF, Neues Forum, o 10 de setembro. O propio destas fundacións vai ser o talante aberto e negociador, centrado na loita pola democracia e na defensa dos dereitos humanos que terá a súa plasmación na reivindicación do dereito á liberdade de opinión e a liberdade de viaxar (*Reisefreiheit*). A transformación do sistema de partidos da ex-RDA pasou a ser ó longo dun ano

reza cobren as deficiencias programáticas dos partidos, polo xeral pouco atentos ás problemáticas particulares.

Vid. R. J. Dalton, *op. cit.*, p. 311.

48. Se atendesemos ó número de partidos integrados na *Volkskammer* da nacente RDA, cabería pensar que estamos ante a aparición dun sistema de pluralismo democrático. Porén, o sistema real era ben distinto: a ausencia de competición entre as candidaturas foi substituída por unha única lista composta por diferentes siglas coñecidas como os "Partidos do Bloque" (*Blockparteien*).

Vid. G. Smith, *op. cit.*, p. 83.

49. Para unha identificación das siglas *vid.* nota 17.

50. Dalton, R. J., *op. cit.*, p. 301.

unha morea de novas fundacións, cambios de nome, fusións, separacións, coalicións electorais e listas unitarias de partidos e unións políticas[51].

Segundo O. Niedermayer, esta complexa variedade de iniciativas cidadás, movementos sociais e partidos pode ser explicada cando partimos dunha interpretación dos acontecementos segundo a cal os actores principais, a través das accións incentivas rapidamente modificadas, controlan os tan só parcialmente gobernables condicionamentos estructurais (xa que logo, transformacións das leis) conducindo a unha transformación do sistema de partidos visible en catro fases: bipolarización, diferenciación, equiparación e unificación[52]. As condicións estructurais son delimitadas desde a caída do sistema de dominación dictatorial e o establecemento do sistema de institucións democráticas e asemade as regras de relación (lexislación electoral e de partidos). Así, orientacións civís contra da unificación coa RFA deberían ser explicadas principalmente en relación a factores de tipo cultural, ben desde unha cultura política autoritaria ben desde o posmaterialismo[53]. Porén, non todos os especialistas son desta opinión. De feito, C. Offe ten proposto un modelo analítico que comprende a unificación como resultado dunha acción colectiva na que os incentivos dispostos pola posibilidade de adquirir no máis breve período de tempo a condición de cidadán da RFA, dictan as pautas seguidas en todo o proceso[54]. Desde unha perspectiva tal, as diferentes culturas políticas desenvolverían un papel de condicionamento estructural non menos importante que outros, mais nunca serían causa da mobilización.

Se ben a dinámica dos acontecementos de 1989 sorprenderon a todos, as orixes internas e externas de tal evolución xa estaban establecidas desde había algún tempo. A Revolución pacífica da poboación da RDA fixo explícita a crise latente do sistema que viña arraigando desde mediados dos anos 70[55]. Factores internos como unha modernización

51. Barrios, H., "Von der Revolution zum Beitritt: Die Entwicklung eines gesamtdeutsche Wahl- und Parteien-systems", en U. Liebert e W. Merkel (Eds.). *Die Politik zur deutschen Einheit.* Buldrich & Leske, Opladen, 1991, pp. 139-182.

52. Niedermayer, O., "Parteien", en W. Weidenfeld e K.-R. Korte (Eds.), *op. cit.*, pp. 530-540.

53. Minkenberg, M., "The Wall after the Wall", en *Comparative Politics*, 1993, pp. 53-68; Zingerle, A., "Was folgt auf die Periode der stabilen Abnormität?", en *Politischen Studien*, Caderno 327, 1993, pp. 31-40; Stanley, R., "La cultura política de Alemania después de la unificación", en *Cuadernos del Este* 4, 1991, pp. 55-63; Greiffenhagen, M. e S., *Ein Schwieriges Vaterland*, Paul List Verlag, Múnic, 1993; moi especialmente o capítulo titulado: "Die Mauer in den Köpfen. Eine Nation zwei politische Kulturen", pp. 369-382.

54. Offe, C., "La unificación alemana como 'experimento natural'", en *Cuadernos del Este* 4, 1991, pp. 19-23.

55. Momento este en que podemos datar os inicios da oposición e que vén marcado polo papel da Igrexa Evanxélica na formación dun número crecente de grupos de ética social (*sozial-ethischer Gruppen*). A desvinculación das reformas do Leste traduciuse na politización destes grupos a mediados dos anos 80 os cales, a través da defensa dos dereitos humanos, comezaron a facer unha oposición explícita como a plasmada coa fun-

deficitaria en termos xerais ou a danada situación económica desenvolta desde comezos dos oitenta, atopáronse cos desenvolvementos reformistas do Leste pronto chamados a modificar a constelación internacional. A crise aberta queda marcada pola onda de cidadáns fuxidos da RDA a partir de agosto. Mentres uns optaron por faceren explícita a súa oposición fuxindo, outros adoptaron saíren ás rúas como mellor solución. As manifestacións numerosas de outono deron como resultado a aparición de numerosísimos grupúsculos que pretendían romper o monopolio político do SED[56]. Entre eles, a máis grande e importante tentativa veu da man do Novo Foro (*Neues Forum*, NF) que, fundado o 9 de setembro de 1989, habería de servir á súa vez de plataforma e movemento de oposición ata finais de novembro, recollendo no entretanto máis de 200.000 sinaturas a prol da democracia.

Aberta a crise, o SED manifestouse impotente na súa dirección do partido e do Estado. En outubro e novembro sucédense os acontecementos: o 18 de outubro o *putsch* contra Honecker. O que se pensou sería un golpe no camiño da liberación foi interpretado pola base do SED e asemade polo resto da poboación, como unha mera operación cosmética pola que Egon Krenz substituiría a Honecker (unha nova versión do "como cambiar todo para que nada cambie"). Semellantes foron as interpretacións dadas a accións como a demisión do consello de ministros de Willi Stoph (7 de novembro) ou o programa de reformas.

O descontento explotou durante a promulgación dunha lei que restrinxía a mobilidade dos cidadáns (6 de novembro) e rematou na apertura incondicional do muro tres días despois. A partir dese momento a caída do SED e da súa dictadura era inevitable. O cumio da crise de política interior chegou coa manipulación das eleccións locais (*Kommunalwahlen*) a comezos de maio de 1989 coa demostración de apoio á sanguenta agresión contra do movemento democrático en China[57].

Finalmente, o 7 de decembro ten lugar "a Mesa Redonda" (*der runde Tisch*) entre unha oposición integrada, dunha banda, por sete

dación de *Initiative Frieden und Menschenrechte* (IFM, 1985). A mediados de 1989 o tema do pucheirazo nas eleccións locais serviu para que aflorase unha primeira oposición pública puramente política.

56. Desde agosto de 1989 ata xaneiro de 1990 proliferan numerosos grupos entre os que destacan: Despertar Democráctico, *Demokratische Aufbruch* (DA); Partido Socialdemócrata de Alemaña, *Socialdemokratische Partei Deutschlands* (SDP); Democracia Agora, *Demokratie Jetzt* (DJ); Esquerda Unida, *Vereinigte Linke* (VL); Os caraveis, *Die Nelken*; Partido Verde, *Grüne Partei* e a Asociación Independente de Mulleres, *Unabhängige Frauenverband* (UFV).

57. Os resultados conseguidos nas eleccións locais de 1989, os máis baixos da súa historia con "tan só" un 98,85%, preludiaban os cambios de outono. A legalización da oposición ó comunismo traduciuse nun importante número de novas organizacións xermolo dun novo sistema de partidos cunha base que podemos considerar representada na Mesa Redonda (*Rundtisch*) aberta polo SED para negociar coa oposición.

Vid. G. Smith, *op. cit.*, p. 83.

organizacións (*Initiative für Frieden und Menschenrechte, Demokratie Jetzt, Neues Forum*, SDP, *Demokratischer Aufbruch, Grüne Partei* e *Vereignigte Linke*); doutra, polo SED e os *Blockparteien* da Fronte Nacional (*National Front*)[58]. Como resultado ineludible, eleccións libres para 1990. A principal consecuencia desta posta en marcha dunha competición electoral foi que pronto apareceron as diferencias entre os distintos proxectos de futuro latentes na fronte común de loita contra a dictadura e plasmados posteriormente na división do movemento de oposición, na fundación de novos partidos sen arraigamento no período anterior a outono do 89 ou na emancipación dos partidos do Bloque (*Blockparteien*) do SED. Este proceso vén marcado dobremente: dunha banda, polo baleiro de poder patente tras a caída do SED; doutra, polo cambio na orientación das demandas da poboación cara á unificación dos Estados plasmado no famoso cambio de slogan "Somos o pobo" (*Wir sind das Volk*) por "Somos un pobo" (*Wir sind ein Volk*). En definitiva, o baleiro de poder deixado pola caída do SED confrontou ós grupos opositores coa realidade dun goberno para o cal non existía un único proxecto senón varios que, en todo caso, son susceptibles de seren clasificados analiticamente en distintos grupos segundo sexa o criterio elixido. Segundo G. Smith sería posible establecer tres grupos: partidos "paralelos" e "importados" (CDU, DSU, SPD e FDP); autóctonos/novos Partidos (NF, DJ, Verdes/lista de mulleres e, inicialmente a DA); e, finalmente autóctonos/vellos Partidos (SED/PDS, DBD e NDPD). Niedermayer propón tres tipos posibles de clasificación. Segundo o primeiro, unha primeira posibilidade sería aquela que considerase, dunha banda, as organizacións que continuaron na liña dunha democracia participativa cada vez con maiores dificultades para ser maioría entre unha poboación crecentemente orientada a unha unificación de ambos Estados (por exemplo: IFM, DJ, NF, VL, UFV e Die Grünen); doutra, os que optaron por construír unha estructura organizativa orientada á competición electoral (por exemplo: DFP —construída a partir de cadros de NF—, DA, SDP, DFP, e tamén, xa nun segundo momento, Die Grünen)[59]. Outro criterio de diferenciación aparecería na dinámica da unificación: a fundación de novos partidos,

58. Barrios, H., *op. cit.*, p. 139.

59. Por organizacións teriamos a seguinte evolución: *Demokratische Aufbruch* (DA), organizado como partido tras unha dura disputa interna a mediados de decembro e reorientado desde o socialismo e o ecoloxismo cristián ata a democracia cristiá; o *Sozialdemokratische Partei Deutschlands* (SDP), que como resultado da presión exercida pola súa base experimentou un cambio nas súas siglas (agora as máis familiares do socialismo alemán: SPD), abandonou a súa situación de oposición para converterse nunha das forzas emerxentes no novo sistema de partidos; por último, o *Deutsche Forumspartei* (DFP), que seguiu a liña dos anteriores na estratexia do "cambio dentro do cambio" (*Wende in der Wende*) orientados na perspectiva da Unidade alemana e dispostos a aplicaren a súa programática na realidade política.

non orixinados na oposición de outono senón apadriñados polo Oeste: a fins de xaneiro fundábase, cun forte apoio da CSU, a Union Social Alemana (*Deutsche Soziale Union*, DSU), mentres que a comezos de febreiro tiña lugar a creación do Partido Liberal Demócrata (*Freie Demokratische Partei*, FDP). Por último, unha terceira forma de diferenciación daríase da man daquelas forzas que pasaron de ser a correa de transmisión da ideoloxía do SED durante a dictadura (funcionarios do réxime) a integrarse en grupos con obxectivos particulares tal e como manifestan os agudos cambios programáticos experimentados entre outubro e novembro de 1989. Trátase dos coñecidos partidos do Bloque. Dos restos do SED naceu o PDS, liderado por Gregor Gysi e marcado desde o seu comezo por un forte proceso de democratización interna. A reacción do SED perante a vaga de protestas foi inicialmente violenta pasando de seguido a unha postura máis reflexiva. Porén, cando as súas tentativas de reforma estiveron listas xa era demasiado tarde. Coa demisión de Krenz e a elección de Gysi como substituto deste o 8 de decembro, comezaba o camiño para a transformación do SED en PDS, isto é, nun partido máis dentro do xogo democrático de competición entre partidos. En febreiro de 1990, o PDS recoñecerá dos dereitos humanos, a economía de mercado e unha sincera cosmovisión na que, non obstante, continúa definíndose como partido socialista e tomando como ideario propio parte do de Lenin. Respecto á súa militancia, en xuño de 1990, eran uns 350.000 dos que máis do 99% pertencía ó SED. Ademais, case a metade tiña máis de 60 anos e vencellábanse clientelarmente ó partido[60].

A celebración das primeiras eleccións libres na RDA abriron unha nova dinámica na que as relacións entre os partidos irmáns do Leste e do Oeste non foron precisamente harmónicas: a CDU occidental comezou tendo fortes tensións coa CDU oriental, e mesmo achegándose máis a DA; a FDP do Oeste mantivo un traballo particularmente intenso coa LDPD; os socialdemócratas da RFA desenvolveron a súa actividade en dous flancos distintos cales foron as bases do movemento cidadán do Leste ó tempo que se seguiron conversa a nivel de elites do SED; finalmente, o caso da CSU é o menos problemático pola importante influencia desta organización na DSU. A comezos de febreiro de 1990, e como resultado da presión da CDU occidental, configúrase a coalición Alianza por Alemaña (*Allianz für Deutschland*, AfD) integrada por CDU, DA e DSU. Poucos días despois, baixo a presión da FDP occidental, a DFP e a FDP oriental logo de moito cavilar o caso da LDPD decidiron crear a coalición electoral Demócratas Liberais (*Bund der Freier Demokraten*, BFD). Dentro desta tendencia á concentración de forzas

60. H. Barrios. *Op. cit.*, p. 141.

producíronse outras coalicións: VL xunto con Die Nelken crearon a Alianza de Acción da Esquerda Unida (*Aktionsbündnis Vereignigte Linke*, AVL); DJ, IFM e NF coaligáronse en Alianza 90 (*Bündnis '90*); Die Grünen e UFV foron nunha lista conxunta; e, por último, o SED-PDS desfíxose do SED.

A sorpresa do éxito da CDU (AfD) nas eleccións de 1990 non resulta tal se temos en conta que o voto nestas eleccións foi un auténtico plebiscito sobre a velocidade da unificación. Non obstante, e malia a importancia do proxecto político en competición, cómpre sinalar tamén a decisiva importancia das organizacións en competición. Os resultados electorais das eleccións para a "Cámara do Pobo" (*Volkskammer*) traducíronse organizativamente nos seguintes resultados: en primeiro lugar, e no ámbito da democracia cristiá (AfD), temos a fusión entre DA e CDU (Leste) e mais a separación da DSU, saldada coa perda de militantes a prol da CDU oriental, pronto única organización co apoio da CDU occidental. A DBD, que coidou durante un tempo poder manterse nun electorado do agro temeroso da entrada no mercado común, veuse obrigada a sobrevivir mediante a fusión coa CDU. En segundo lugar, no espectro liberal constatamos como os tres partidos da BFD perseguiron unha unidade tras as eleccións que diferencias personais e de contido se encargaron de estragar. Da LDP saíu unha proposta á NDPD para participar na Federación dos Demócratas Liberais (*Bund Freier Demokraten*, BFD), organización saínte da súa refundación. En terceiro lugar, os resultados permiten ó PDS sobrevivir pese ás súas discrepancias internas. No caso do SPD a desfeita coincidiu cunha forte crise interna ademais de varios escándalos. A coalición entre Die Grünen e UFV rompeu logo das eleccións.

A sinatura do Tratado de Estado (*Staatsvertrag*) supuxo o recoñecemento, de facto, da perda da soberanía da DDR e a posta en marcha do sistema da RFA no territorio que desde entón sería coñecido como os "cinco novos Estados Federais". Coa unificación dos Estados chegou a dos partidos. Os liberais, co seu congreso de agosto, foron os primeiros. O SPD a finais de setembro e a CDU a comezos de outubro continuaron a dinámica aberta polos liberais. O PDS fundou a mediados de outubro a Lista de Esquerda/PDS (*Linke Liste*/PDS) co obxecto de avanzar no territorio dos vellos Länder. Os Verdes occidentais, que desde o comezo rexeitaron calquera posibilidade de acordo cos seus correlixionarios do Leste, abriron negociacións con estes en maio. Porén, a posibilidade aberta polo Tribunal Constitucional ó recoñecer un distrito para cada Estado (sen o 5% para o Leste) permitiu que a unidade tardase en chegar[61], sendo pois en setembro de 1991, logo

61. Falar de cuestións do marco electoral é falar de cuestións de poder, motivo este polo que non será difícil supor a conflictividade do asunto. Non existe un sistema electoral

de moitas discrepancias internas, cando se funde *Bündnis 90* como partido político, o máis directo competidor dos Verdes occidentais.

Contrariamente ó que se puidese pensar, non houbo grandes modificacións no sistema de partidos. Porén, as consecuencias notáronse tanto no nivel externo como interno dos partidos. A nivel interno é de reseñar a drástica reducción das burocracias de partido que nas organizacións do Leste fixeron CDU e FDP, e asemade o control dos antigos cadros do servicio de policía secreta, a famosa *Stasi*. Trátase, en definitiva, dunha faceta máis da coñecida expresión "o Muro nas cabezas" (*Mauer in den Köpfen*).

IV. DISCURSO, CONSOLIDACION DEMOCRÁTICA E CRISE DO SISTEMA DE PARTIDOS: ¿ADEUS Á GUERRA FRÍA E Ó *VOLKSPARTEI*? CONCLUSIÓNS

Os sistemas de partidos son especialmente sensibles perante os novos conflictos sociais, de tal xeito que aqueles partidos que se sitúen máis próximos ó centro da/s liña/s de conflicto predominante/s, veranse beneficiados electoralmente[62]. Daquela, unha explicación que considerase a importancia que tivo o predominio do discurso sobre a unificación por riba de calquera outro (por exemplo democracia, dereitos dos traballadores, medio ambiente, etc.), sería de grande utilidade á hora de explicar o proceso de transición que vai desde a caída do réxime da DDR ata a aparición do primeiro sistema conxunto de partidos alemán[63]. Este novo sistema, que nace coas primeiras elec-

inocente e neutral, polo que a decisión debía procurar un máximo consenso. A primeira discusión, próxima ás conversas da Mesa Redonda, xirou arredor do tamaño desigual dos distritos electorais. Como solución dispuxéronse 15 Bezirk (unidades administrativas existentes no sur da RFA nas que nunca se dividira a RDA) ós que se lles outorgou unha serie de "mandatos". Asemade foi permitida a posibilidade de establecer alianzas electorais a nivel destas circunscricións. O sistema que se puña en funcionamento para esta ocasión diferenciábase do que viña funcionando na RFA en toda unha serie de cuestións como o sistema mixto (voto duplo), a regulamentación do mandato directo ou a cláusula de porcentaxe mínima para o acceso á representación (*SperrKlausel*). As conversas entre os principais partidos políticos remataron plasmándose no Acordo Electoral (*Wahlvertrag*). Porén, a iniciativa dos Verdes, o PDS e os Republicanos perante o Tribunal Constitucional tivo éxito e, o 29 de setembro, declarou a cláusula do 5% incluída no tratado como principal argumento para declarar a este "prexudicial para a Constitución" (*Verfassungswidrig*).

Vid. K. von Beyme, *op. cit.*, p. 90; R. J. Dalton, *op. cit.*, p. 315.

62. K. von Beyme; *op. cit.*, pp. 165-179.

63. Na liña interpretativa mencionada, isto é, nunha análise que considerase as liñas de conflicto plasmadas e analizables a partir do discurso político, H. Barrios ten proposto unha periodización do proceso que leva á nova unidade xermana do que nos facemos eco nas liñas seguintes. En primeiro lugar, sería discernible unha etapa que comprendería o tempo que vai desde o proceso revolucionario de outono de 1989 ata a creación da Mesa Redonda. Durante este momento a liña de conflicto (discurso predominante) é a oposición ó réxime. Unha segunda fase ficaría cuberta polo espacio de tempo que durou a Mesa Redonda. Nesta etapa, e como principal consecuencia da nova política de diálogo aberta polo SED, difumínase a liña de conflicto anterior e toman relevancia outros pro-

cións ó Bundestag, ten a súa continuidade nos máis recentes procesos electorais celebrados ó longo deste ano coñecido xa como o "ano super-electoral". A diferencia das anteriores eleccións, nas que a campaña electoral foi un plebiscito sobre a Unificación, nestas primeiras eleccións da posguerra fría as liñas de conflicto céntranse na realidade económica, moi especialmente no paro e no estado social de benestar que logo de tanto tempo semella estar fortemente ameazado.

A complicación das liñas de conflicto abertas en Alemaña que ten lugar a raíz da Unificación[64], mais que xa viña funcionando con anterioridade, semella ser o principal motivo dos cambios máis recentes que se están a producir. Para G. Smith, quen acometeu a análise dos cambios no sistema de partidos á luz do proceso de unificación, o risco que viña sendo máis característico do sistema de partidos alemán, isto é, a súa vertebración arredor do *Volkspartei* como garante dunha tendencia á estabilidade[65], estaría tocando á súa fin. Porén, os resultados das pasadas eleccións indican que tal afirmación, se ben non vai moi desencamiñada, cómpre sexa matizada. Así, se ben podemos afirmar que o soporte electoral conxunto dos partidos que tradicionalmente dictaron as políticas de Bonn (SPD, FDP e CDU/CSU) vai decrecendo paulatinamente (cadro 5), a fuga de votos experimentada polos dous grandes partidos (SPD e CDU/CSU), asociada á súa vez a unha constante diminución da participación electoral, semella terse detido, alomenos momentaneamente, para os socialdemócratas (cadro 6). Porén, e dado que este lixeiro incremento da participación pódese explicar pola incerteza desatada arredor da pervivencia da actual coalición de

blemas como a resolución da cuestión da *Stasi* ou a lexitimidade democrática das novas forzas políticas. Desde a fase final da campaña electoral ata a Unión Monetaria desenvólvese unha terceira etapa marcada pola aparición dunha nova constelación de partidos que tomarán asento na Cámara do Pobo. Definíndose xa como máquinas competitivas no marco electoral, os partidos xa non só procuran unha oposición ó réxime do SED senón que comezan a loitar entre eles na procura do seu éxito. Durante esta etapa, a actuación do goberno da CDU (en colaboración do SPD) será determinante na suavización da liña de conflicto sobre a velocidade da unificación a prol do fornecemento doutra liña de conflicto: a Unión Económica e Monetaria. Unha última fase se abre coa Unión Monetaria e se prolonga ata a adhesión da DDR á RFA. Os partidos intensifican as súas relacións cos seus colegas do Oeste na perspectiva da contenda electoral. Por riba da situación futura dos novos Länder, por riba da ruptura da coalición de goberno da DDR, e mesmo por riba das discusións arredor dos custos sociais da unificación, a liña de conflicto determinante nesta ocasión foi a desenvolta polo sistema federal de Partidos: a velocidade e proxecto inmediato de futuro para Alemaña.

Vid. H. Barrios, *op. cit.*, pp. 154-156.

64. *Vid.* K. von Beyme, *op. cit.*, p. 165.

65. Unha estabilidade baseada en dous aspectos fundamentais: primeiro, pola composición do propio sistema de partidos (precisamente antes da unificación só Os Verdes superaron a barreira do 5%); segundo, pola continuidade no goberno que garante un partido bisagra de centro cal é a FDP. Mesmo a aparición dos verdes a comezos dos 80, ou o "rexeitamento dos partidos" (*Parteienverdrossenheit*) provocado polos escándalos políticos non influirían notablemente no evoluír global do sistema da RFA.

Vid. G. Smith, *op. cit.*, pp. 79-83.

Ano Electoral	1972	1976	1980	1983	1987	1990	1994
Participación	91,1	90,7	88,7	89,1	84,4	77,8	79,1
CDU/CSU							
SPD	99,1	99,1	98,0	94,0	90,4	88,3	84,8
FDP							
Die Grünen/B'90			1,5	5,6	8,3	5,3	7,3
PDS						2,4	4,4

Cadro 5. Evolución das forzas políticas parlamentarias (1972-1994)
Fonte: Elaboración propia a partir de K. Von Beyme, *op. cit.* e o xornal *El País* (18-10-1994)

Ano	1949	1953	1957	1961	1965	1969	1972	1976	1980	1983	1987	1990	1994
CDU	31	45,2	50,2	45,4	47,6	46,1	44,9	48,6	44,5	48,8	44,3	43,8	41,5
SPD	29,2	28,8	31,8	36,2	39,3	42,7	45,8	42,6	42,9	38,2	37	33,5	36,4
Suma	60,2	74	82	81,6	86,9	88,8	90,7	91,2	87,4	87	81,3	77,3	77,9

Cadro 6. Desenvolvemento dos dous grandes partidos (1949-1994)
Fonte: Elaboración propia a partir de K. von Beyme, *op. cit.* e o xornal *El País* (18-10-1994).

goberno, tampouco sería estraño observar de aquí a un tempo, a transformación do sistema de partidos xermano na dirección dun pluralismo moderado.

R. V. V.

Contos da miña terra (1864), primeira edición do *Conto gallego* atribuído a Rosalía de Castro

M. C. Ríos Panisse

Na biblioteca da R.A.G., baixo a sinatura 4407, consérvase unha obra que contén dous folletíns publicados por *El Avisador* durante o ano 1864. O volume perdeu a portada e iníciase cunha páxina que presenta na marxe superior unha cifra a lapis (Nº 7251) seguida da referencia "Folletín do [*sic*] Avisador", e do título *Contos da miña terra* por R. C., Coruña, Tipografía Galaica, Acevedo, 21, A. 1864". Este primeiro relato comeza na páxina tres cun "I" en número romano e abarca vintesete páxinas. O segundo relato é a novela en castelán *Amante y española* de Gonzalo Brañas, publicada tamén como "Folletín de *El Avisador*, A Coruña, Tipografía Galaica, 1864", obra que consta de 105 páxinas. O volume remata con dous sonetos en castelán sen sinatura nin pé de imprenta, titulados "A..." e "Definición de la mujer".

El Avisador. Diario independiente era unha publicación coruñesa de tendencia liberal avanzada que tiña como obxectivo os intereses materiais e o adianto en todo o que pedía a cidade. Posuía servicio directo de telegramas e nel colaboraron prestixiosos escritores de Galicia. Aparece en 1862 (segundo Soto Freire en 1863) fundado na Tipografía Galaica por Gonzalo Brañas e os irmáns Ezequiel e Eladio Fernández de Miranda (o editor responsable era Gabriel López) e parece que antes de 1877 cambiou o seu nome polo de *El Anunciador* co que durou ata 1894, ano no que desapareceu. Era, como indica o subtítulo, un xornal pois se publicaba diariamente, agás os días seguintes a festivos. Na primeira época o seu tamaño foi en marca española e logo pasou a ter un formato en dobre holandesa[1]. Na biblioteca da Fundación Penzol consérvanse

1. Santos Gayoso, Enrique. *Historia de la prensa gallega 1800-1985*. Sada, A Coruña, 1990, p. 142.

algúns exemplares de novembro e decembro de 1863 (baixo a referencia 42103), que non puiden consultar por atoparse en obras a devandita biblioteca. No Museo de Pontevedra hai tamén varios exemplares dos anos 1865 e 1867. Neles colaboran con sinatura Victorina Ferrer e Saldaña, Antonio Capmany e Montpalau, Rodríguez Maceira e Xosé Rodríguez Seoane (xa morto e autorizada a publicación dun artigo seu sobre o típico labrego galego "Marcos da Portela" polo seu irmán Luís). Todos os exemplares do periódico levan folletín, aínda que na maioría está recortado. Nos dous últimos números conservados de 1865 (26-9-65 e 28-9-65) iníciase *Amores del alma* de Bieito Vicetto.

CONTOS DA MIÑA TERRA E *CONTO GALLEGO*

Co título de *Contos da miña terra* escóndese a primeira edición do coñecido *Conto gallego* atribuído a Rosalía de Castro, pois o contido (como veremos) correspóndese con exactitude co da coñecida narración supostamente rosaliana. Certamente os *Contos da miña terra* aparecen baixo a autoría das iniciais R. C., que ben poden corresponder á nosa escritora, pero a ausencia de comentarios sobre a publicación (tendo en conta a data na que a obra foi imprentada) fannos dubidar da devandita autoría.

Fagamos primeiro un pouco de historia sobre o que ata agora se coñecía do *Conto gallego*.

Supúñase que esta obra era un manuscrito rosaliano que foi publicado por Manuel Castro e López en Bos Aires no tomo 26 (correspondente ó ano 1923) do *Almanaque Gallego*, nas páxinas 95 a 104 (agás a 99 que está ocupada por distintas fotografías do monumento erixido en Compostela a Rosalía de Castro).

Manuel Castro (1860-1926) é importante nas nosas letras sobre todo por ser o fundador deste *Almanaque* (1898-1927), no que colaboraron as personalidades máis destacadas do momento, e polo seu labor en *El Eco de Galicia*, periódico que empeza a dirixir cara a 1893 pouco despois da súa chegada a América, a onde emigrou por razóns políticas. Tamén é autor de varias poesías en galego das que as máis coñecidas son "O consolo", musicado por Egidio Paz Hermo, e "Unha lección".

O propio Castro e López en nota, na primeira páxina da publicación do *Conto gallego* (a páxina 95, como xa indicamos), fálanos das características da obra e das vicisitudes polas que pasou antes de chegar ás súas mans. Trátase, di el, dun manuscrito "de puño e letra" de Rosalía que lle foi regalado en agosto de 1920 por Xosé M. González, un escribano público nado no Grove no ano 1852 e afincado en Bos Aires, que xa falecera (o 15 de xuño de 1921) no momento en que Castro e López

decide publicalo (segundo el cre por primeira vez). Xosé M. González recibiu o manuscrito (tamén en Bos Aires) de Florentino Corbeira e Marín no ano 1873, data desde a que o tiña coidadosamente conservado. Castro e López afirma que se trata dun pequeno caderno de 38 páxinas escritas e foliadas por Rosalía, agás as dúas últimas que se atopan en branco e na portada ten impreso sobre o título un selo de metal que di "Florentino Corbeira -y- Marín. Ferrol".

O seguinte autor que nos fornece datos sobre o devandito manuscrito é Fermín Bouza Brey, que reproduce o *Conto gallego* no artigo titulado "Miscelánea. Escritos no coleccionados de Rosalía de Castro, VI. Conto gallego", *C.E.G.* 1946, t. II, p. 281 e ss. Alí recolle as manifestacións de Castro e López sobre o suposto orixinal, pero engade ademais que, actualmente, o manuscrito se atopa no arquivo da R.A.G. e que o arquiveiro, Xoán Naya Pérez, lle dixo que fora entregado á institución por Luís López Páez seguindo o encargo de Castro e López e acompañado dunha tarxeta que ten data do 25 de xaneiro de 1932 (morto xa, polo tanto, Castro). Ademais Bouza engade o seguinte comentario que eu subliño: *"Tambien cree el señor Naya que la letra no es de Rosalía y que se trata de una copia efectuada por el Florentino Corbeira que puso en el papel en que está escrito el sello en letras al agua"*. Afirma tamén Bouza que el examinou persoalmente, anos antes de 1946, o manuscrito pero que non se detivo a investigar esta cuestión autográfica e, en consecuencia, non se arrisca a emitir un xuízo.

Carballo Calero, que tamén fala do manuscrito na súa *Historia da literatura gallega contemporánea* (p. 227), non debeu velo persoalmente e parece falar a través da opinión e da edición de Bouza.

A edición de "O Moucho"[2], que aparece baixo o título de "Os dous amigos e a viúda", recollido no volume *Contos do pobo* de Rosalía de Castro, remite tamén á "edición orixinal" (refírese á do *Almanaque Gallego*) e á de Bouza Brey.

Eu intentei localizar o "manuscrito" na Biblioteca da Real Academia Galega pero sen froito. Ou ben está extraviado ou foi incluído (indebidamente) nas propiedades de Xoán Naya polos seus herdeiros.

RICARDO CARUNCHO, ¿AUTOR DE *CONTOS DA MIÑA TERRA*?

A aparición dunha edición de 1864 titulada *Contos da miña terra* pon en dúbida moitas das conclusións emitidas sobre o *Conto gallego* e pode cuestionar a autoría de Rosalía de Castro. *Contos da miña terra* non era ata o momento unha obra totalmente descoñecida. Que eu

2. Edicións Castrelos, Vigo, 1970.

saiba, hai polo menos un autor, Couceiro Freijomil, que a recolle no seu *Diccionario bio-bibliográfico*, atribuíndoa en primeiro lugar a un descoñecido Ricardo Camino (t. I, p. 210) e en segundo lugar a Ricardo Caruncho Crosa (t. I, pp. 236-237), ó que supón corresponden as iniciais R. C. (baixo o nome de Ricardo Caruncho está tamén fichada a obra na biblioteca da R.A.G.). Couceiro non identifica os *Contos da miña terra* co famoso *Conto gallego*, obra que tampouco cita cando fala da figura de Rosalía de Castro.

Ricardo Caruncho é un coronel de cabalería que vive na Coruña na segunda metade do século XIX (alí morre o 2 de febreiro de 1902). Caruncho foi director, xuntamente con Atanasio R. López, do semanario *La Semana Literaria*, publicación coruñesa que se inicia en 1878 e dura ata setembro de 1879 e tamén se lle atribúe a dirección (penso que erroneamente) doutros dous periódicos coruñeses, o *Diario de Avisos, periódico liberal independente* (dirixido por Xosé Puga e Martínez que se publica desde 1871 —eu vin exemplares de 1893 nos que se aseguraba que era o ano 22 da publicación) e o semanario *Liceo Brigantino* (fundado e dirixido por Francisco Lumbrera nos anos 1883-84).

Na historia da literatura galega Caruncho non ten un papel moi brillante. É coñecido como o exemplo do dramaturgo diglósico de fins de século, merecendo duros ataques por parte de Carré Aldao[3], pola comedia *Maruxiña* e polo cadro lírico *La vuelta de Farruco*. *Maruxiña*, escrita en colaboración con Francisco García Cuevas en tres actos e prosa, dá dúas referencias de publicación: Hijos de A. Gullón, Editores, Madrid e Imprenta de José M. Paredes, Santiago, 1897 (pódese consultar na biblioteca da R.A.G.). O cadro lírico nun acto, en prosa e verso, *La vuelta de Farruco* (Tip. "La Económica" de A. Merino, Badajoz, 1898), escrito en colaboración con Manuel Uturrigaray e con música do mestre Francisco Hermida, pode consultarse na biblioteca do Instituto Padre Sarmiento de Santiago. Carré tamén cita a Caruncho Crosa como autor galego polos *Cantares y refranes gallegos, recogidos directamente del pueblo por R(icardo) C(aruncho)*, Folletín del *Diario de Avisos*, A Coruña, 1888-89, obra que recolle 159 cantigas (que eu consultei no I.L.G.) e uns mil refráns (dos que hai un exemplar mecanografado na biblioteca da R.A.G., que aparece co título de *Refranes gallegos, recogidos por Ricardo Caruncho, publicados en el "Diario de Avisos" de La Coruña desde el 8 de noviembre de 1888 hasta el 3 de enero de 1889* e está rexistado como "F 8155". O copista prescindiu dos "cantares" e só recolleu os "refráns"). Tamén nos informa Carré na súa *Literatura* que Caruncho asinaba coas iniciais de R. C., feito que, creo, motivou que Couceiro Freijomil lle atribuíse os *Contos da miña terra*,

3. Carré Aldao. *Literatura gallega*. Barcelona, 1911, pp. 123-125.

pois esta obra non aparece citada en ningunha das fontes bibliográficas que sobre o autor cita Couceiro (que son Carré e o diccionario Espasa) nin recollida nas follas finais de *Maruxiña* e *La vuelta de Farruco* nas que se citan outras obras literarias do autor.

Así pois, os *Contos da miña terra* ou, o que é o mesmo, o *Conto gallego* é unha obra atribuída a dous autores: Rosalía de Castro e Ricardo Caruncho. Analicemos as posibilidades destas autorías.

Empecemos por Ricardo Caruncho. A favor ten dous aspectos importantes. En primeiro lugar o uso das iniciais R. C. coas que adoitaba asinar algunha das súas obras e a preocupación pola literatura popular (xa que *Contos* debe encadrarse dentro da recreación literaria deste tipo de literatura). En contra ten a data de publicación, 1864, que parece bastante afastada da do resto de publicacións do autor. Outro aspecto que habería que valorar para defender ou descartar a autoría de Caruncho é a lingua do texto. Nos *Contos da miña terra* o galego é de grande enxebreza mentres que no caso das obras dramáticas diglósicas de Caruncho foi calificado de "dexenerado", por Carballo[4], adxectivo que, segundo puiden comprobar, quere dicir que o dramaturgo emprega, para caracterizar a algúns personaxes, un galego castelanizado a mantenta ("castrapo"), cheo de ditos e refráns populares, no que aparece a "geada", algún seseo raro ("mosas", p. 9 de *Maruxiña*, "desasón", p. 28 de *La vuelta de Farruco*) e ceceo que implica ultracorrección (dúas veces sae a palabra "ilución" —pp. 17 e 22— por "ilusión" entre os personaxes dunha "aldea próxima al puerto de La Coruña" na que se desenvolve a trama de *La vuelta de Farruco*).

A temperá data de publicación de *Contos da miña terra* e as características da súa lingua leváronme a investigar un pouco máis na vida de Caruncho e a descubrir (a través do Rexistro Civil da Coruña) que era natural de Xixón e que cando morreu (en 1902) contaba cincuenta e tres anos, de xeito que cando se publicaron os *Contos da miña terra* tería quince ou (como moito) dezaseis. Principalmente este último dato (pois o lugar de nacemento puido ser ocasional) é o que me fixo descartar totalmente a Ricardo Caruncho como autor desta primeira edición do chamado *Conto gallego*.

¿OUTRO AUTOR?

En consecuencia quedábame só como posible autora Rosalía de Castro ou, quizais, outro escritor contemporáneo que respondese

4. Carballo Calero, Ricardo. *Historia da Literatura galega contemporánea*. Galaxia, Vigo, p. 459.

tamén ás iniciais R. C. e que tivese méritos suficientes para poder escribir *Contos da miña terra.*

Para descartar esta última posibilidade, é dicir a existencia dalgún autor distinto a Rosalía que asinase con estas iniciais (ou que o seu nome puidese responder a elas), investiguei infructuosamente en *El Álbum de El Miño,* en *Galicia, revista universal de este reino* e en *El Pensamiento de Galicia.* No *Álbum de la Caridad* atopei dous escritores con posibilidades. Un é o chamado Ramón Coiradas, autor de dúas composicións escritas nun galego aportuguesado tituladas "A el rey de Portugal" e "Improvisación". O único que sabemos deste autor é que parece que estivo preso en Portugal e escribiu co seu sangue o primeiro dos poemas, polo que foi perdoado polo rei, historia que me leva a crer que se debe tratar dun autor anterior á xeración de Rosalía, quizais un dos primeiros liberais. O segundo é Romualdo Casal, autor do poema "Noraboa", un romance en honor das visitas reais a Ferrol en 1858. Con este curriculum non parece probable que ningún dos dous escritores fose autor dunha obra en prosa tan elaborada como os *Contos da miña terra.* Así pois, decidín tamén descartar esta posibilidade. Igual fixen con outros escritores (Remigio Caula, Rogelio Civeira, Rita Corral ou Rafael Costoya) que aparecen citados no *Diccionario* de Couceiro, pero que pola súa obra é imposible que sexan os autores da publicación que nos ocupa.

A AUTORÍA DE ROSALÍA DE CASTRO

Quedou, polo tanto, como única candidata lóxica Rosalía de Castro. Pasemos a considerar aqueles argumentos que poden termar ou dificultar a posible autoría da poetisa padronesa.

É moi tentador pensar que o manuscrito que se debía conservar na R.A.G. fose de Rosalía ou contivese polo menos unha obra de Rosalía. Non hai que esquecer que, ó aparecer publicado en 1864, *Contos da miña terra* convértese na primeira obra literaria en prosa do Rexurdimento e que é, ademais, unha recreación culta da literatura popular moi ben escrita e polo tanto artisticamente moi valiosa. Que Rosalía poida ser considerada, non só a consolidadora da lingua galega como vehículo poético, senón tamén a iniciadora da andadura da prosa literaria, é, como xa dixen, moi tentador. Pero atribuírlle con seguridade esta autoría presenta tamén os seus problemas.

A autenticidade do manuscrito

Empecemos analizando a autenticidade do manuscrito que deu pé á publicación de Castro e López no *Almanaque gallego.* Xoán Naya, que

posuía numerosos testemuños escritos de Rosalía (lembremos que é o autor de *Inéditos de Rosalía*), opinaba que ò manuscrito non era da súa man. Pode ser, polo tanto, segundo o mesmo investigador coruñés suxire, unha copia de Florentino Corbeira, pero unha copia non necesariamente dun manuscrito de Rosalía, senón da publicación coñecida como *Contos da miña terra*. Quizais Corbeira tivo acceso ó folletín de *El Avisador*, copiouno, cambioulle o título (pois non se trataba de varios contos senón dun só) e interpretou as iniciais R. C. como Rosalía de Castro (non sabemos se en forma atinada e con algún fundamento ou en forma errónea). Comparando ademais as dúas publicacións (a de Castro e López e a de *El Avisador*) parece evidente que a primeira é unha copia da segunda (con algúns erros e modificacións lingüísticas, quizais do copista, do editor ou de ambos). Debemos, polo tanto, partir da idea de que o manuscrito (hoxe sen localizar) non é con seguridade de Rosalía de Castro e pensar que existen argumentos en pro e en contra para defender a autoría da escritora padronesa.

Argumentos a favor

Non atopei ningunha obra rosaliana que apareza presentada a través de iniciais, sen embargo Murguía refírese algunha vez a Rosalía como R. C., en concreto cando lle dedica o artigo "Un Artista. A R. C." (*El Álbum de El Miño*, p. 542. Trátase do capítulo que máis tarde incluirá en *Los Precursores* co título de "Ignotus") e el mesmo asina ás veces coa sigla M. (*La primera luz* ou o *Glosario* da edición de *Cantares*) ou M. M. (algúns artigos posteriores a 1864 publicados no *Museo Universal*). Por iso é posible que as iniciais coas que se identifica o autor de *Contos da miña terra* correspondan á poetisa.

Ademais, o que se fai nesta obra é recrear un relato da literatura popular e a Rosalía de 1864, influenciada polo éxito de *Cantares gallegos*, quizais se sentise tentada de iniciar en prosa unha serie de contos de orixe popular que comezase con este conservado e que se chamase *Contos da miña terra* para que, sen caer na redundancia, o seu título fose asociado co de *Cantares gallegos*. Certo é que, en nota engadida por ela ó "Conto de Vidal"[5], asegura que "polo d' ahora non penso facer en gallego nengún libro de contos", pero esta afirmación demostra que dalgún xeito a idea non era allea á poetisa.

O seguinte argumento a favor da autoría de Rosalía de Castro é o lingüístico. *Contos da miña terra* está escrito por un autor da zona de Padrón, que ademais posúe unha lingua semellante á de Rosalía de *Cantares*, é dicir, unha lingua dialectal, viva e moi expresiva con vacila-

5. *Cantares gallegos*. 1863, pp. 105 e 106.

cións léxicas, abundante en xiros do mundo popular, pero tamén coa presencia de elementos procedentes da tradición culta. En *Contos da miña terra* nunca atopamos a "geada" pero si esporadicamente o seseo explosivo (aínda que nunca grafado con "ç", como é corrente nos *Cantares*) e implosivo, a procope "ña" por "miña", o substantivo "mañán", formas verbais como "quês" por "queres", "parés" por "parece", "habés" por "habedes", "asañás" por "asañades", "deixá" por "deixade", a forma "iña" como imperfecto de indicativo do verbo "ir" (exclusiva dunha pequena zona preto de Santiago: Catoira, Padrón, Mazaricos...), etc. Atopamos, así mesmo, numerosas vacilacións "es/eres", "sudando/suare", "ahora/agora", "entonces/ estonces", "esqueceu/esquence", "solo"/"soyo", "mans/mas", plurais en "-ns"/"-s" ("Xans"/"calzós"), xéneros fluctuantes ("a dor/ a dolore/ o dor"), etc. En suma vemos unha lingua practicamente idéntica á que usa Rosalía en *Cantares gallegos*. Certo é que a prosa do limiar de *Cantares* (a máis achegada cronoloxicamente á de *Contos da miña terra*) está construída en períodos sintácticos máis longos, resultando a súa lectura menos áxil cá do chamado posteriormente *Conto gallego*, pero tamén é certo que a intención artística é diferente por parte da autora, pois no primeiro caso quere explicar desde un nivel culto a confección de *Cantares* e no segundo déixase levar do relato popular e das súas pautas lingüísticas. Así pois, a lingua e o estilo de *Contos da miña terra* parecen certificar a autoría de Rosalía de Castro.

Outro argumento que eu considero a favor da escritora padronesa é o feito de que escollese como canle de publicación *El Avisador*. A primeira vista quizais nos pareza raro que elixise para unha colección de contos en prosa o folletín dun periódico coruñés e desbotase *El Miño* e a imprenta de Xoán Compañel na que publicou o matrimonio desde 1856 ata 1864, ou o *Almanaque de Galicia* de Soto Freire (con quen tiveron relacións a partir de maio de 1864, data na que se establecen en Lugo[6]. Pero *El Avisador* era un periódico galego de tendencia liberal avanzada, que estaba dirixido por un personaxe que tamén colabora co grupo de *El Miño* (Gonzalo Brañas é autor de "Páginas de la Edad de Oro. El loro de mi vecina", relato que aparece en *El Álbum de El Miño*, p. 408, 415, 424, 437 e 463) e co de *Galicia, revista universal de este reino* (onde aparece como autor de "Circunstanciada epístola de circunstancias. A Marcial... y no el de Bílbidis", t. II, 1862, pp. 81-87). Polo tanto é posible que mantivese amizade co matrimonio Murguía e lles brindase o seu periódico para que nel, dunha forma sistemática e rápida, fose publicando Rosalía a proxectada colección de contos en lingua galega.

6. Davies, Catherine. *Rosalía de Castro no seu tempo*. Galaxia, Vigo, 1987, p. 172.

Argumentos en contra

Pero, en contra do que vimos de afirmar, hai outros feitos que nos desconcertan e nos fan dubidar da autoría de Rosalía de Castro. O máis salientable é que a escritora inicie, en 1864, época na que se atopaba no cume da súa gloria, unha colección de contos (como parece indicar o título e o número I co que se encabeza a publicación) dun xeito que podemos chamar *semi-anónimo*. Porque é certo que asinou coas súas verdadeiras iniciais (se é a autora, como todo parece indicar), pero ningún escrito da época (que saibamos) dá conta desta publicación ou identifica claramente a R. C. con Rosalía de Castro. Hai que lembrar que Murguía está publicando por esas datas o seu *Diccionario de escritores gallegos* (iniciado en 1862, pero do que deben aparecer entregas no ano ou nos anos seguintes), onde aparece a súa muller con *Cantares gallegos* como libro xa editado e se fala da próxima publicación do proverbio *Romana*, da de *Historia de mi abuelo* (ambas obras perdidas ou nunca escritas) e da de *Cuentos extraños* (*El caballero de las botas azules* e *El primer loco*). ¿Por que Murguía non cita os *Contos da miña terra* como un libro a piques de publicarse? Certo é que tamén silencia *Ruínas*, obra que será publicada en once entregas no *Museo Universal*, X, entre o 4 de febreiro e o 22 de abril de 1866[7], pero quizais está obra estivese aínda sen iniciar, cousa que parece imposible que ocorrese cos *Contos da miña terra*. O grupo galeguista ó que Rosalía pertencía sabía que era esencial, para que parte da sociedade culta admitise os novos usos literarios do galego, a creación dun ambiente axeitado e dunha expectativa cara á aparición de novas obras. Por iso as revistas galeguistas da época, anunciaban (ás veces antes de que estivesen escritas) a futura aparición de obras en galego. ¿Por que Rosalía, que o fixo con excelentes resultados para *Cantares gallegos*, renuncia a facelo nesta nova obra, recorrendo ó anonimato? ¿Quizais porque a publicación está feita ás costas de Murguía? Parece imposible.

Tanto Bouza como Carballo indican (como posible causa de que o *Conto gallego* quedase inédito ata 1923) o feito de que o casal Murguía-Castro pensase que o tema da obra podía disgustar ou ser conflictivo socialmente. ¿Quizais foi esa a causa do silencio que rodea á publicación de *Contos da miña terra*? Non o considero exacto. O contido misóxino-popular que presenta o relato está moi en consonancia co sentir do mundo tradicionalista da época e estou segura que provocaba máis risas ca protestas. Proba diso é que non atopamos ningunha reseña literaria que faga referencia a este problema. Mesmo penso que, se é Rosalía a autora deste primeiro relato, escolleu o tema a mantenta

7. Davies, Catherine."Manuel Murguía y Rosalía de Castro en el *Museo Universal*", C.E.G., XXXII, 1981, p. 426.

por consideralo moi popular e pouco conflictivo e, polo tanto, máis axeitado para a introducción con éxito do galego na prosa. Pero supoñamos que teñen razón Carballo e Bouza, é dicir, que a temática do conto resultaba conflictiva e as viúvas do momento podían manifestarse en contra. ¿Por que Rosalía non actuou abertamente agora que se sente amparada polo éxito de *Cantares* e confiada en que ela e o seu grupo teñen un papel importante na revolución que se prepara (a de 1868). A proba de que Rosalía non se coutaba ante temáticas conflictivas fornécenola *El Contemporáneo* de Bécquer, que o 30 de agosto de 1864 informa que os seminaristas da cidade de Lugo romperon as ventás do director do *Almanaque de Galicia* porque estaba a punto de publicarse alí "El codio", peza costumista hoxe perdida (¿quizais continuación deste primeiro conto e parte integrante de *Contos da miña terra*?). Ademais, no ano seguinte a autora publicou unha serie de escritos críticos no devandito *Almanaque de Galicia*: "Las literatas" e "El cadiceño", sempre identificándose como a autora. Non parece polo tanto probable que buscase o anonimato nun conto aínda menos conflictivo que os escritos que estamos a citar.

Outro argumento que se pode alegar na busca das causas deste anonimato é que Rosalía practicou nalgúns dos seus escritos unha certa defensa da muller e, quizais por iso, non asinou abertamente os *Contos da miña terra*, pois non quería que se danase a súa faceta feminista (que se pode enxergar con anterioridade a 1864 nos "Lieders" ou no prólogo de *La hija del mar*). Paréceme, sen embargo, dubidoso, porque, aínda que é certo que Rosalía é das primeiras voces galegas que defenden os dereitos femininos, as súas reivindicacións estaban nese momento dirixidas, principalmente, cara ós dereitos da muller a ser "sabia" ou instruída e poder desempeñar un papel dentro da intelectualidade dirixente. Pero no conto recréase unha historia popular que busca principalmente o humor a través da esaxeración dos trazos tipificadores dos personaxes, e isto faino Rosalía, sen acocharse baixo iniciais, non só neste relato, senón tamén en poemas como por exemplo "San Antonio bendito,/ dádeme un home,/ anque me mate,/ anque me esfole"[8] ou no posterior titulado "Xan"[9]. A idea que circula nalgúns estudios[10] sobre que no *Conto gallego* Rosalía quería facer unha denuncia da situación social feminina, paréceme errada. Considero que (de ser a autora de *Contos da miña terra*) quere nesta obra recrear unha divertida historia con afáns reivindicativos (lingüísticos e literarios) da creatividade popular. Opinar o contrario sería semellante a querer explicar *Os vellos non deben de namorarse* de Castelao como a denuncia de que unha das lacras da sociedade galega son os vellos namoradizos

8. *Cantares gallegos*, 1863, p. 49.
9. *Follas novas*, 1880, p. 186.
10. Carro, Carme. "Rosalía e a súa obra *Conto gallego*", en *Grial* 85, p. 345.

ou as mozas lixeiras de moral. Castelao e Rosalía quixeron facer nestes casos unha reivindicación social a través da valía artística do mundo galego que consideraban máis específico: o popular.

Outro argumento que pode xustificar o anonimato de *Contos da miña terra* é que quizais Murguía pensase que era demasiado prematuro o cultivo da prosa en galego e non quería comprometer, con claridade, o nome de Rosalía nunha empresa que non tiña o éxito artístico garantizado. Mesmo pode ser que a falta de éxito fose a razón pola que se interrompese no folletín de *El Avisador* a colección de contos galegos que a autora parecía tiña proxectada. ¿Foi por iso e polo fracaso de "El codio" (que quizais tamén estaba en galego) polo que Rosalía decidiu continuar escribindo a súa prosa en castelán, denunciando o desprezo que pola propia lingua sentían os galegos en "El cadiceño"? Pode ser, pero é probable que nunca cheguemos a sabelo con seguridade.

O que parece seguro é que o conto (fose da autoría de Rosalía ou doutro escritor) era o inicio dunha serie que pasou inadvertida para a crítica da época e, seguramente, non se continuou. A falta de éxito foi quizais a razón de que o seu autor se mantivese para sempre na sombra, escondido baixo as iniciais R. C., que probablemente responden a Rosalía de Castro. A escritora morreu antes de que a prosa galega iniciase a súa andadura definitiva e, polo tanto, non tivo ocasión de reivindicar a súa autoría. Pero Murguía (tan coidadoso da sona literaria da súa muller) puido facelo ou quizais outros contemporáneos do grupo liberal galeguista ó que pertencía o matrimonio. Porque ¿é posible que Rosalía conseguise manter tan ben o anonimato que ningún dos seus contemporáneos vira tras as iniciais R. C. a personalidade da poetisa? Parece raro. E, se non é así, ¿por que hai ó redor da publicación un silencio tan absoluto? Pensemos que naquel momento en *Galicia, revista universal deste reino* aparecían reseñas de obras e artigos que publicaba por eses anos *El Avisador*, periódico ó que consideraban máis ca un competidor un colaborador na tarefa de mentalización da sociedade[11].

CONCLUSIÓN

O silencio que rodea a publicación está cheo de interrogantes que só se poden contestar con feitos, e estes son, mentres non aparezan máis datos, que *Contos da miña terra*, o primeiro relato en prosa

11. Véxase, por exemplo, os números da revista *Galicia* correspondentes ó 15 de xuño e ó 2 de xullo de 1865, pp. 212 e 218 do tomo V.

galega de valía artística, pasou desapercibido, non só para a xeración de Rosalía, na que se escribiu e á que responde esteticamente, senón para os posteriores iniciadores da prosa de finais de século (entre os que se contan grandes amigos e contertulios de Murguía como Carré Aldao). E, aínda despois de republicado en 1923 e atribuído a Rosalía, foi silenciado polos estudiosos da escritora, os da prosa e os da literatura galega en xeral, ata que o grupo galeguista reagrupado na posguerra de 1936 o reeditou e empezou a incluílo nos estudios e obras rosalianos. Con todo, hai curiosas ausencias posteriores de comentaristas especializados en Rosalía, por exemplo, a de Xoán Naya.

Como se ve por este traballo, eu non podo afirmar con seguridade que os *Contos da miña terra* sexa da autoría da xenial escritora. Síntoo, porque me gustaría facelo. Penso que ningunha outra pluma máis ca dela pode con tantos méritos adxudicarse esta autoría, pero Rosalía, que nos furtou moitos orixinais inéditos á hora da súa morte, tamén nos furtou, quizais para sempre, a seguridade de que é a autora desta primeira peza mestra da nosa prosa.

M. C. R. P.

Na reedición desta obra intento reproducir exactamente a edición orixinal de *El Avisador*. En nota sinalarei as diferencias máis importantes que ten este texto respecto do do *Almanaque gallego*. Entre estes textos hai ademais pequenas diferencias de ortografía, acentuación, puntuación e elisión con apóstrofos que non indicarei pois creo que responden máis ó gusto do copista ou do editor que á realidade do texto copiado e que, polo tanto, o único que fan é complicar innecesariamente esta publicación.

(p. 1) FOLLETIN DO AVISADOR

CONTOS DA MIÑA TERRA,
por
R. C.[1]

Coruña:
Tipografía Galaica,
Acevedo, 21, A.

1864.

(p. 3) I.

Un dia d'inverno ó caer d'á tarde, dous amigos qu'eran amigos desd'á escola, e que contaban d'anos, ó maldito número de *tres veces dez*, camiñaban á bon paso, un sobre un-ha mula branca, gorda e de redondas ancas, y outro enriva[2] d'os seus pes que non parecian asañarse d'as pasadas lixeiras que lles facia dar seu dono.

O d'á pé, corria tanto com' ó d'acabalo, que vendo ó sudor que lle corria ó seu compañeiro po-la frente y as puntas d' os cabelos, dixolle:

(p. 4)—¿E ti, Lourenzo, por qué non mercas un come-toxos que te leve e te traya por estes camiños de Dios? qu'esto d'andar leguas á pé por montes e areales è bó pr'os câs.

—¡Come-toxos! Anda, e qu'os monten aqueles prá quen se fixeron que n'é Lourenzo. *Cabalo grande, ande ou non ande*, e xa que grande n'o podo ter, sin él me quedo e sirvome d'os meus pés que nin comen, nin beben, nin lle fan menester arreos.

—Verdad'é qu'ó teu modo de camiñar é mais barato que ningun, —¡negro de min! qu'hora teño que pagar ó portasgo solo por que vou en

1. No *Almanaque gallego* e en posteriores edicións o título foi cambiado polo de *Conto gallego* e as siglas do autor polo nome de "Rosalía Castro de Murguía".
2. No *Almanaque*, "encima".

besta, e non coma ti, nestes pés que Dios me dou. Pro... asi com'asi, gusto da[3] andar as xornadas en pernas alleas prá c'as[4] d'un non cansen, e x'ó dixen; debias mercar un farroupeiro pr'o teu descanso. Mais ti fas com'ó outro, oxe ó gano, oxe ó como, que mañan Dios dirá. Nin tes arrello nin cousa qu'ó valla; gùs-(p. 5)tanch'os virvirichos y as virviricheiras, ó viño do Riveiro e as ostras d'o Carril. ¡Lourenzo! debias casarte qu'ó fin ó tempo vay andando, os anos corren, e un probe d'un home faise vello e cróbese de pelos brancos antes de que poida ter manta na cama, e aforrar prá un-ha ocasion; e esto, Lourenzo, non se fay sin muller que teña man[5] da casa e garde ó diñeiro qu'un gana.

—Boy solto, ben se lambe.

—¡O vento! esas sonche faladurias. —¿O derradeiro, prá qu'os homes naceron, si non he pr'axuntarse c'as mulleres, fillo da tua nay? *(Lourenzo tuse.)* Seica te costipaches co resio da seran, malo de ti. *(Lourenzo volve á tusir)* Léveme Dios si n'é certo, e tanto non tusiras si ora viñeras á carrancha perna, enriva d'un farroupeiro.

—¡Costipad'eu! No estiven na miña vida, e penso qu'ora tampouco. Pro... sempre que se me fala de casar, dam'un-ha tos que... ¡hem!... ¡hem!... e sei-(p. 6)ca esto, n'e boa sinal[6]. ¿Non ch'ó parece, Xan?

—O que me pares é qu'eres rabudo com'as uvas de cacho, e eso venche xa da nacenza, que non po-lo ben que t'estimo deixo de conocer qu'eres atravesado com'os cangrexos. Nin podo adiviñare por que falas mal d'as mulleres, que tan ben te queren, e que t'arrolan nas fiadas e nas festas, com'á fillo de rey, e sabendo que tua nay foy muller, e que si tua nay non fora ti non viñeras ó mundo coma cad'un de tantos.

—Nin moito se perder'anque nunc' acá chegara. Que mellor que sudando po-los camiños prá ganar ó pan da boca, e mellor que rechinar nas festas e non-nas festas con meniñas que caras se venden sin valer un chavo, enganand'[7] os homes, estaria aló na mente de Dios.

—¡Diancre d'home! que mesm'as veces penso s'eres d'aqueles que saù-(p. 7)dan o crego solo por que non digan. E pois ti és dono de decir canto queiras; pró eu tamen che digo que me fay falla[8] un acheguiño, e que me vou casare antes d'á festa, asi Dios me dé saùde.

3. No *Almanaque* "gusto d'andar", de maneira que o copista interpretou "gusto" (que era sust.) como verbo e "dá" (que era verbo) como preposición.
4. Debería ser "qu'as".
5. No *Almanaque* "men", seguramente erro de imprenta.
6. No *Almanaque* "siñal".
7. No *Almanaque* "engañando".
8. No *Almanaque* "falta".

—E premita el Señore que non sudes moito, Xan, anqu'[9] ora é inverno, qu'entonces si qu'inda tusirás[10] mais qu'eu, cando de casar me falan. E adivirtoche que teñas tino de non matar carneiros na festa, qu'è mal encomezo pr'un casado, por aquelo d'os cornos retortos que se guindan ó pé da porta, e xa se sabe qu'un mal tira por outro. ¡Dio-no-libre!

—¿E ti quês saber que xa me van parecendo contos de vella, todo eso que se fala de cornos, e da maldade d'as mulleres? pois cando nesta nosa terra se da en decir qu'un can rabiou, sea certo ou non sea[11], corr'á bola e mátase ó can. Mais eu por min ch'aseguro que n'atopey nunca muller solteira que non se fixese muy rogada, nin casada qu'ó (p. 8) seu home comigo faltase[12]; e paréseme qu'ainda non fago tan mal rapaz, anqu'[13] ó decilo sea fachenda.

—E qu'eso vay no axeitarse, e ti seica n'acertache, Xan; c'ó[14] demais, com'un home queira, non queda can tras palleiro. Eu ch'ó digo, n'hay n'este mundo mais muller boa pro'os[15] homes, qu'aquela qu'os paríu, y asi arrenega d'elas coma do demo, Xan, qu'á muller demo é, segun dí non sey que santo moy sabido; y ó demo, hastr-á cruz lle fay ós cornos de lonxe.

—Volta c'os cornos.

—E ten sabido que si tanto che fay anomealos, é[16] por que xa che dan sombra dend'o tellado d'á qu'á de ser tua muller.

—¡Seica me queres aqueloutrare![17] Pouco á pouco, Lourenzo, que nin debes falar asi de quen non conoces, nin todalas[18] mulleres han de ter ó ollo alegre, que de moitas eu sey por quen se poidera poñer, non un-ha, si non cen vidas.

(p. 9)—O dito, dito queda, que cando eu falo é con concencia; e repítoche que sendo muller, non quedo por ningun-ha, anque sea condesa ou de sangre nobre, como solen decir, qu'un-has e outras foron feitas d'un-ha mesma masa e coxean do mesmo pé. Dios che mas libre do meu lar, qu'ora no lar alleo ainda n'as cuspo.

9. No *Almanaque* "aunqu'".
10. Erro, quizais do editor, por "tusiras" poi é un pluscuamperfecto equivalente a "tusirías ou habías tusir".
11. No *Almanaque* "sea certo ou non sea certo".
12. No *Almanaque* "falase".
13. No *Almanaque* "aunqu'".
14. Debería ser "qu'ó".
15. Debería ser "pr'ós".
16. No *Almanaque* "éi".
17. No *Almanaque* "aquelontrare", por erro de imprenta.
18. No *Almanaque* "todas las".

—¡Ah! ladron d'a honra allea, lévech'o deño s'eu quixera que cuspiñases[19] na do meu, qu'o pensamento de que quixais terey que manter muller prá un rabudo coma ti, faime pór os cabelos dreitos, e o intendimento pensatible. Pro... falemos craros, Lourenzo, coma bos compañeiros que somos. Ti es mas[20] listo qu'eu, ben ó vexo, e por dond'andes sabes t'amañar[21] qu'adimira, mentras qu'eu me qued'ó pé d'o lume, vendo com'o pote ferve e cantan os grilos. O conto vay no amaño[22]... pro esto de qu'as has de votar todas nun-ha[23] manada, sin deixar un-ha prá min, vá-(p. 10)llanme todo-los[24] santos que me fay suare. ¡Vaya! dime qu'ainda viches mulleres boas, e que non todas lle saben poñer á un home honrad'os cornos na testa.

—Todas, Xan... todas, e pr'os Xans, ainda mais; que mesmo parés qu'ó nom'as atenta.

—¡Condenicado de min, que seiqu'é certo! Pró meu pay e miña nay casàronse, e yeu tamen me quero casare, que mesmo se me van os ollos cando vex'ó anoitecido un matrimonio que fala paseniño sentado á porta da eira, mentras corren os meniños á luz d'o luar por embaixo d'as figueiras.

—¡O aire, o aire! e déixate de faladurias! paseniño, que paseniño tamen se dan veliscos e rabuñadas, e paseniño se fan[25] as figas.

—En verdade, malo me vay parecend'o casoiro, pro moito me temo qu'a aficion no[26] me faga prevaricare; mais (p. 11) sempre que me case, casareime cun-ha do meu tempo, cheiña de carnes[27], con xuicio e facendosa, que poida que neso n'axa tanto mal... —¿Qué me dís?

—Qu'es terco com'un-ha burra. Tí te-l'o deño, Xan, y ora estache facend'as cóchegas c'o casoiro. Pró ten entendido que non hay volta si non que Dio-lo mande, que tratándose d'aquelo da fraqueza[28] d'as mulleres, todas deitan coma cestas, e cân coma[29] si non tivesen pês.

Asi falando Xan e[30] Lourenzo, iban chegando á cerca d'un lugar; e como xa de lonxe empezasen á sentir berros e choros, dempois de subirse á un alto[31], por saber o qu'aló pasaba, viron qu'era un enterro,

19. No *Almanaque* "cospiras".
20. Así no orixinal.
21. Debería aparece "sábest'amañar".
22. No *Almanaque* "Sé conto, conto vai no amaño...", no lugar de "O conto vay no amaño".
23. No *Almanaque* "nu-ha", por erro de imprenta.
24. No *Almanaque* "todos-los".
25. No *Almanaque* "dan".
26. No *Almanaque* "qu'aficion non".
27. No *Almanaque* "carne".
28. No *Almanaque* "franqueza".
29. No *Almanaque* "comas".
30. No *Almanaque* "a".
31. No *Almanaque* "despois a un alto", eliminando "de subirse".

e á un rapaz que viña po-lo camiño perguntáronlle po-lo morto, e respondeulles qu'era un home d'un-ha muller qu'inda moza quedaba viuda e sin fillos, que nunca tivera, e qu'o morto non era nativo d'aquela aldea, pro que tiña n'outra hardeiros.

(p. 12) Fois' o rapaz, e Lourenzo chegándose á Xan dixolle estonces[32]:

—¿E ti quês, Xan, que che faga ver o que son as mulleres, qu' ora a ocasion é boa?

—¿E pois cómo?

Facendo qu'esa viuda, que non sey quen é, nin vin na miña vida, me dè nesta mesma noite palabra de casamento prá d'aqui á un mes.

—¿E ti estás cordo, Lourenzo?

—Mais que ti, Xan; ¿quês ou non quès?

—E pois ben, tolo. Vamos á apostare, e si ganas, perdo á miña mula branca qu'herdei de meu pay logo fará un ano, e qu'a estimo por isto, e por ser boa, com'as niñas d'os ollos. Curareime entonces do mal de casoiro: pró si ti perdes, tes que mercar un parroufeiro[33] e non volver á falar mal das mulleres, miñas xoyas, qu'ainda as quero mais qu'á miña muliña branca.

—Apostado. Báixate, pois, da mula, e (p. 13) fay desd'ahora tod' o que ch'eu diga sin chiar[34], e hastra mañan po-la fresca, nin tí es Xan, nin eu Lourenzo, si non que ti es meu criado, y eu son teu amo. Agora ven tras min tendo conta da mula, qu'eu irei diante, e dí á todo *amen*.

Meu dito, meu feito.

Lourenzo tirou diante, e Xan votouse[35] á pé, indo detrás, c'a mula po-las bridas que eran novas[36] asi com'os demais arreos, e metian moita pantalla.

O mesmo tempo que eles iñan chegand'ó Campo Santo, iña chegando tamen o enterro, rompendo a marcha o estandarte negro e algo furado d'a parroquia, o crego y as mulleres que lle facian o pranto, turrando[37] polos pelos como si fosen cousa allea, berrando hasta enroucare, e agarrandos'a tomba de tal maneira que non deixaban andar ôs qu'a levaban.

—¡Ay, Anton! ¡Anton! desia[38] un-ha poñéndose com'á Madanela[39], c'as mans[40] encruzadas enriba d'a cabeza. Anton, (p. 14) meu amigo,

32. No *Almanaque* "entonces".
33. O *Almanaque* corrixe acertadamente por "farroupeiro".
34. No *Almanaque* "chistar".
35. No *Almanaque* "votou".
36. No *Almanaque* "monas".
37. No *Almanaque* "turrando turrando".
38. No *Almanaque* "decía".
39. No *Almanaque* "Madalena".
40. No *Almanaque* "mas".

que sempre me decias: —¡Adios, Mariquiña! cando m' atopabas no camiño. —¡Adios, Anton, que xa non te verey mais!

Y outra indo arrastro detrás[41] da caixa, e pegando en si, desia tamen:

—¿En dónde estás, Anton, que xa non me falas? Anton, malpocadiño, que che fixeron as miñas mas uns calzós de lenzo cruo e nos[42] puxeches, Anton; —¿quen ha de pór agora a tua chaqueta nova y os teus calzós, Anton?

Y a viuda, e un-has sobriñas da viuda, todas cubertas de bagoas, vestidas de loito, e os periquitos desfeitos de tanto turrar por eles, e os panos desatados, berraban ainda mais; sobre todo a viuda, que indo de cando en cando á meterse debaixo da mesma[43] tomba, de dond'a tiñan qu'arrincar[44] por forza, decia:

—¡Ay meu tio (1)![45] —¡Ay meu tio, bo-(p. 15)nito com'un-ha prata, e roxiño com'un ouro, que cedo che vay comel-a terra as tuas carniñas de manteiga! ¡E ti vaste, meu tio! ¿Ti vaste? —¿E quén será agora o meu acheguiño, e quèn me dirá como me decias ti, meu ben: —Come, Margadiriña, come prá engordare, qu'o que teu é meu, Margarida[46], e si ti coxeas, tamen á min me parese[47] qu'estou coxo? ¡Adios, meu tio, que xa nunca mais durmiremos xuntiños n'un leito! ¡Quén me dera ir contigo na tomba, Anton, meu tio, qu'ó fin contigo, miña xoiña, entérrase o meu corazon!

Asi a viudiña se desdichaba seguind' ó morto, cando de repente, meténdose Lourenzo antr'[48] as mulleres cubertos os ollos c'un pano, e saloucando como si lle sahise da yalma, escramou berrando ainda mais qu'as do pranto.

—¡Ay, meu tio! ¡ay, meu tio, qu'ora vexo ir mortiño n'esa tomba! Nunca eu aqui viñera prá non t'atopar vivo, e n'è po-lo testamento que fixeches en favor (p. 16) meu, deixándome por hardeiro de canto tes, po-lo qu'eu tanto te choro, que sempre te quixen com'á pay[49], e esto

41. No *Almanaque* "atrás".
42. Debería ser "n'os".
43. No *Almanaque* "misma".
44. No *Almanaque* "arrancar".
45. *Nota do autor*: "N'algun-has aldeas de Galicia solen a (sic) mulleres chamar tios ôs maridos". No *Almanaque* a nota está corrixida, di: "N'algunh-as aldeas de Galicia solen as mulleres chamar tíos ós maridos".
46. No texto debería ser "qu'o qu'é teu é meu, Margarida". No *Almanaque* aparece "que o teu e meu, Margaridiña".
47. No *Almanaque* "parece".
48. No *Almanaque* "entr'".
49. No *Almanaque* "deixándome por ardeiro, que sempre te quisen (sic) com'a pay" (falta polo tanto "de canto tes, po-lo qu'eu tanto te choro," que está no texto de *El Avisador*).

de que me habias de chamar para despedirte de min e que tei de ver[50] xa morto, pártem'as cordas do corazon. ¡Ay! meu tio! ¡ay! meu tio! que mesmo me morro[51] c'a pena.

Cando esto oiron toda-las do pranto, puñeron[52] á redor de Lourenzo[53], que mesmo se desfacia á uña de tanta[54] dór como parecia ter.

—¿E logo ti cómo te chamas, meu fillo? lle preguntaron moy compadecidas d'ele[55].

—Eu chámome Andruco, e son sobriño do meu tio, que me deixou por hardeiro e me mandou chamare por un-ha carta prá se despedir de min antes de morrer; pró como tiven qu'andar moita terra, xa solo o podo ver na tomba. ¡Ay, meu tio! ¡Ay, meu tio!

—¿E tí d'ondés[56], moso[57]?

Eu son da terra do meu tio, vol-(p. 17)veu á desir Lourenzo, saloucando hastra cortárselle[58] á fala.

—¿E teu tio d'ond'era?

—Meu tio era d'a miña terra.

E sin qu'o poideran quitar d'esto, Lourenzo, proseguindo co pranto, foise achegando á viudiña, qu'ainda pro[59] antr'as bagoas qu'a curbian poido atisvare aquel moso[60] garrido que tanto choraba po-lo seu tio. Dempois[61] que se viron xuntos, logo lle dixo Lourenzo qu'era o hardeiro do difunto, y ela mirouno con moy bos ollos, e acabad'o enterro, dixolle que tiña qu'ir co ela á sua casa, que n'era xusto parase n'outra o sobriño d'ó seu home, e qu'asi chorarian xuntos a sua disgrasia[62].

—Disgrasia moita. ¡Ay! meu tio! dixo Lourenzo; pró... consoládevos que c'o qu'èl me deixou conto facerlle decir moitas misas po-la yalma, prá qu'él descanse e poidamos ter nos tamen mayor consolo acá na terra, c'ó[63] fin, ñ'a tia, Dios mándanos ter pacencia c'os (p. 18) traballos, e... que queiras que non queiras, coma dix'o youtro, a terriña cái enriba d'os corpiños mortos, e..., —¿qué hay que facer?... nòs tamen temos qu'ir, qu'asi è o mundo.

50. Debería ser "t'hei de ver".
51. A forma máis correcta é a non reflexiva "morro" e non "me morro".
52. Debería ser reflexivo "puñéronse".
53. No *Almanaque* "arredor Lourenzo".
54. No *Almanaque* "tanto".
55. No *Almanaque* "d'el".
56. Debería ser "d'ond'és".
57. No *Almanaque* "mozo".
58. No *Almanaque* "hasta cortársele" (*sic*).
59. O correcto sería "por"
60. No *Almanaque* "mozo".
61. No *Almanaque* "Despois".
62. No *Almanaque* "disgracia".
63. Debería ser "qu'ó".

Asi falando e chorando, tornaron camiño d'a casa d'á viuda, e Xan qu'iba detràs c'o á mula, e que n'un prencipio[64] non entendera nin chisca do que queria facer Lourenzo, comenzou á enxergare[65], e pasoull'asi po-las carnes un-ha especie d'escallofrio, pensando en s'iria á perder a sua muliña branca. Anqu'á ver[66] o dór e as bagoas d'á viudiña, que non lle deixaban de correr á fio po-la cara afrixida, volveu á ter confiansa[67] en Dios e nas mulleres á quen tan ben[68] queria.

—E vos, ñ'a tia, ¿terés un sitiño prá meter esta mula y o meu criado, qu'un e outro de tanto camiñare veñen cansados coma raposos?

—Tod'o terey prá vos, sobriño d'o meu tio, que mesmo con vervos parece-(p. 19)me c'o[69] estou vendo, e sérveme de moito consolo.

—Dencho c'a viudiña, os consolos qu'atopa; marmurou Xan prá si metendo a mula no presebe[70]. Pró de isto á casare[71], añadeu contento de si mesmo, ainda hay la-mare[72].

E c'o[73] esta espransa[74] puxos'[75] á comer con moitas ganas un bo anaco de lacon, qu'á viuda lle dou mollándoo[76] c'un-ha cunca de viño d'o Riveiro qu'ardia n'un candil, e que ll'alegrou[77] á pestana, mentras tia e sobriño estaban aló enriba no sobrado, falando d'harencia[78] e do morto, c'os qu'os acompañaban.

D'esta maneira pasous'o dia, e chegou á noite, e quedaron soyos[79] na casa a viuda, Lourenzo e Xan, que dês que viu cerrar as portas estuvo á axexa, c'o corason posto na muliña branca, a yalma en Lourenzo, e a espransa[80] en Dios, que n'era prá menos. E non sin pena veu coma a viuda[81] e Lourenzo foron ceando, antr'as bagoas, uns bocados de (p. 20) porco e de vaca que puñan med'os cristianos, e uns xarros de viño, que foran capaces de dar ánimos ó peito mas[82] angustiado. Pró ó mesmo tempo nada se falaba d'o particulare, e Xan non

64. No *Almanaque* "principio".
65. No *Almanaque* "ensergare".
66. Debería ser "Anqu'ó ver".
67. No *Almanaque* "confianza".
68. No *Almanaque* "también".
69. Debería ser "qu'o".
70. No *Almanaque* "pesebre".
71. No *Almanaque* "casarse".
72. Expresión castelanizante que busca a rima con "casare".
73. Debería ser "con".
74. No *Almanaque* "espranza".
75. No *Almanaque* "póxos'".
76. No *Almanaque* "mollándoo d'o unha", quizais por erro de imprenta.
77. No *Almanaque* "ll'e alegrou", quizais erro de imprenta.
78. No *Almanaque* "herencia".
79. No *Almanaque* "solos".
80. No *Almanaque* "espranza".
81. No *Almanaque* "viudiña".
82. Así no orixinal. No *Almanaque* "mais".

podia adiviñare como s'axeitaria Lourenzo, prá ganar a aposta que via por sua.

O fin trataron de s'ir deitar, e á Xan puxéronsell'[83] os cabelos dreitos, cando veu qu'en tod'á casa n'habia mais qu'a cama d'o matrimonio, e qu'a viuda[84] tanto petelexou[85] prá que Lourenzo se deitase n'ela, qu'aquel tivo qu'obedecer, ind'ela, envolta n'un mantelo, á meterse[86] detrás d'un taboado[87] que no sobrado habia.

Xan, c'a yalma nun fio, viu desd'ó fayado, donde lle votaron un-has pallas, coma[88] viuda[89] matou o candil e todo quedou as escuras.

Seica quedarás comigo, miña muliña branca, y abofé que te vin perdida, escramou estonces[90]; ò fin as mulleres (p. 21) foron feitas d'un-ha nosa costilla[91] e algo han de ter de bó. Sálvame, viudiña, sálvame d'este apreto, qu'inda serey capas[92] de me casar contigo.

Deste modo falaba Xan prá si, anqu'[93] ó mesmo tempo non podia cerrar ollo, qu'á cada paso lle parecia que runxian[94] as pallas.

Asi pasou un-ha hora longa, en que Xan, contento, xa iba dormir descoidado[95], cando de pronto oyeu, pirmeiro[96] un sospiro e despois outro, cal s'aqueles sospiros fosen d'alma d'outro mundo; estremeceuse Xan, e ergueuse prâ escoitar mellore.

—¡Ay! ¡meu tio, meu tio! dixo entonces á viudiña; ¡que fria estou n'este taboado, pró mais frio estás ti, meu tio, nesa terriña que te vay comere!

—¡Ay! meu tio! meu tio! escramou Lourenzo da outra banda, como si falase consigo mesmo; cánto m'acordo de ti, qu'eu estou no quente, e ti no Cam-(p. 22)po-Santo, n'un leito de terra donde xa non tês compañia.

—¡Ay! ¡Antonciño! volveu á decir[97] á viuda, ¡qué será de tí n'aquel burato, meu quiridiño[98], cando eu qu'estou baixo cuberto, bu! bu! bu!... ¡qué frio vay! ¡tembro coma si tuvese a perlesia! bu! bu! bu!...

83. No *Almanaque* "puxéronll'".
84. No *Almanaque* "viudiña".
85. No *Almanaque* "petelescou".
86. O correcto sería "Ind'ela... meterse", sen a preposición "a" entre medias do verso auxiliar e o auxiliado.
87. No *Almanaque* "tabrado".
88. Debería ser "com'a"
89. No *Almanaque* "coma á viudiña".
90. No *Almanaque* "entonces".
91. Castelanismo por "costela".
92. No *Almanaque* "capaz".
93. No *Almanaque* "aunqu'".
94. No *Almanaque* "ruxían".
95. No *Almanaque* "descuidado".
96. No *Almanaque* "primeiro".
97. O correcto sería "volveu decir". No *Almanaque* "dicir".
98. No *Almanaque* "queridiño".

—¡Miña tia!

—¿E seica non dormes, meu sobriño?

—E seica vos tampouco[99], ñ'a tia, que vos sento tembrare com'unha vara verde.

—¿Cómo quês ti que durma, acordándome nesta noite de xiada d'o teu tio, qu'ora dorme no Campo-Santo, frio com'a neve, cando s'él vivira durmiriamos ambos quentiños n'ese leito donde tí estás?

—¿E non podiades vòs poñervos aqui nun ladiño, anque fora envolta no mantelo coma estades, qu'antre tia e sobriño e[100] o mesmo qu'antre nay e fillo, e ainda mais habendo necesidade[101] coma (p. 23) agora, xa que non querés qu'eu vaya durmir[102] o chan, que mesmo e capás de darvos[103] un frato c'o dór e c'o frio, y ê pecado, ñ'a[104] tia, tentar contr'a saude?

—Deixa, meu fillo, deixa, qu'anque[105] penso que mal n'oubera en qu'eu me deitase ó lado d'un sobriño coma[106] ti, envolta no mantelo e por riba da roupa, estando coma estou tembrando, bu! bu! bu!... querom'ir afacendo, que moitas d'estas noites han de vir prá min no mondo, que s'antes fun[107] rica e casada, agora son viuda e probe; e canto tiven meu, agora teu ê, qu'á min non me queda mais qu'o ceo y a terra.

—E... pois, miña tia... Aqui pr'entre dous pecadores, e sin que naide nos oya mais que Dios, vouvos á decire, qu'eu sey d'un home rico e d'a sangre d'o voso difuntiño, que si vós quixérades, tomariavos por muller.

—Cala, sobriño, e no me fales d'outro home... qu'inda parés qu'o que tiven está vivo.

(p. 24)—Deixá, miña tía, qu'asi non perderedes nin casa, nin leito, nin facenda, qu'è moito perder d'un-ha ves[108]; sin contar c'o meu tio, á quen ll'ei de decir tantas[109] misas coma dias ten o ano prá que descanse e non vos veña á chamar nas noites d'inverno. Asi él estará aló ben, e vos aqui; e s'el vivira, non outra cousa vos aconsellara, si non

99. No *Almanaque* "tampoco".
100. Debería ser "é".
101. No *Almanaque* "necesidad".
102. No *Almanaque* "dormir".
103. No *Almanaque* "que mesmo de darvos", falta, pois "e capás".
104. No *Almanaque* "n'a", seguramente erro de imprenta.
105. No *Almanaque* "aunque".
106. No *Almanaque* "como".
107. No *Almanaque* "fon", quizais erro de imprenta.
108. No *Almanaque* "vez".
109. No *Almanaque* "moitas".

que tomárades outra ves home d'a sua sangre, xa qu'a[110] xente d'a sua sangre[111] lle deixou o qu'él e vòs coméchedes xuntos n'a sua vida.

—E seica tês rason[112], meu sobriño, pró.., —¿s'este era o teu pensamento, Anton, meu tio!, por qué no-me[113] dixech'antes de morrer, qu'estonces[114] eu o fixera anque fora contra voluntade, solo por te servire?

—Po-la miña conta, ñ'a tia, que si meu tio nada vos dixo, foy porque se ll'esqueceu[115] c'o conto d'as agonias, e non vos estrañe qu'á calquera lle pasara outro tanto.

(p. 25) —Tês rason[116], tês, a mort'e moy negra, e n'aquela[117] hora s'esquence. ¡Ay! ¡meu tio, meu tio! ¿qué non fixera eu por che dar gusto? !bu! bu! bu! ¡qué frio vay!

—Vinde pr'aqui, que si non vos asañás, direivos qu'eu son o que vos quer por muller.

—¿Tí que me dis, home? pró á ver qu'o adiviñei logo[118], que solo un sobriño d'o meu tio lle quixera cumprir asi á voluntade...

—Pró á ser, tiña que ser d'aqui á un mes, que despois teño qu'ir á Cais, en busca d'outra harencia[119], e quixera qu'antes quedárades[120] outra ves[111] dona d'o que foy voso. O qu'ha de ser, sea logo, qu'o fin meu tio hayo d'estar deseando desd'a tomba.

—¡Ay! ¡meu tio, meu tio! qué sobriño che dou Dios, que mesmo d'oilo paréceme que t'estou oindo; pro... meu fillo... ê ainda moy cedo, e anque tí e mais eu nos volveramos a casar c'o a[122] (p. 26) entención de lle facer honra e recordar o difunto, o mundo murmura... e...

—Deixavos d'o mundo, que casaremos en secreto e nadie o saberá.

—E pois ben, meu sobriño, e solo pró[123] qu'és da sangre d'o meu tio, e xa que me dis qu'[124] s'ha d'alegrar n'a tomba de vernos xuntos...

110. Debería ser qu'á".

111. No *Almanaque* di "sinon que tomarades outra ves home da sua sangre, lle deixou o que el e vos...", falta polo tanto "xa qu'a xente d'a sua sangre", seguramente por erro do copista ou do editor.

112. No *Almanaque* "razon".

113. O *Almanaque* corrixe acertadamente por "mo".

114. No *Almanaque* "entonces".

115. No *Almanaque* "esquenceu".

116. No *Almanaque* "razon".

117. No *Almanaque* "aquella", quizais erro de imprenta.

118. A frase non está moi clara. Evidentemente quere dicir "Pois mira por onde, xa o adiviñara", quizais lle falte algunha palabra.

119. No *Almanaque* "herencia".

120. No *Almanaque* "quedáredes", quizais erro de imprenta.

121. No *Almanaque* "vez".

122. No *Almanaque* "c'a.

123. Debería ser "por".

124. Así no orixinal. Exactamente igual aparece no *Almanaque*.

c'o demais[125]... ¡ay! Dios me valla... ¡eu querialle moito á meu tio! ¡bu! bu! bu!... ¡cómo xia!

—Vinde pr'[126] onda min envolta no mantelo, que n'ê pecado, xa qu'habés de ser miña muller.

—Pró ainda n'a son, meniño, e teño remorsos... ¡bu! bu! bu! qué frato me dá po-la cabeza e po-lo corason[127].

—Ñ'a tia, vinde, e deixavos d'atentar contr'á saude, que s'algo pecásedes[128] antes de casar, témonos que confesare.

—Irey, logo... irey, que necesito un pouco de caloriño.

Estonces sintironse pasadas, ruxiron as pallas, e a viuda escramou con moita dolore:

(p. 27)—¡Ay! ¡miña virxe do Carme[129], qu'axiña t'ofendo!

—¡Ay! ¡miña muliña branca, qu'axiña te perdo![130] marmurou estonces[131] Xan, con sentimento e con coraxe. E chegándose en seguid'á porta do sobrado, berrou con forza:

—Meu amo, a casa arde!

—Non arde, home, non, qu'ê rescoldo.

—Pois rescoldo ou lua, s'agora non vindes voume c'a mula[132].

E Lourenzo, saltando d'un golpe ó chan, dixo: —Aguardá, logo. —¡Esperaime, ñ'a tia, que logo volvo![133]

E hay cen anos que foy esto, e ainda oxe espera á viudiña po-lo sobriño d'o seu tio.

FIN

125. Debería ser "qu'ó".
126. No *Almanaque* "p'".
127. No *Almanaque* "corazon".
128. No *Almanaque* "que s'e al pecásedes".
129. No *Almanaque* "virxen do Carmen".
130. Quizais o texto debera marca-los versos:
-¡Ay! ¡miña Virxe do Carme,
qu"axiña t'ofendo!
-¡Ay! ¡miña muliña branca,
que axiña te perdo!
131. No *Almanaque* "entonces".
132. Quizais tamén aquí se debería salienta-lo terceto:
Pois rescoldo ou lua,
se agora non vindes
voume c'a mula.
133. Tamén aquí debería salientarse a parte rimada, colocando as frases en forma versificada:
Aguardá, logo.
-¡Esperaime, n'a tía,
que logo volvo!

José Landeira Yrago

Xosé L. Franco Grande

Deixamos aquí constancia do falecemento de Landeira Yrago, Director-periodista que foi ó longo de moitos anos de *Grial*, intelectual, investigador e home de letras, persoa moi vencellada á cidade de Vigo e ós seus medios intelectuais. Home dunha traxectoria galega que comeza como membro da primeira xunta directiva do Patronato Rosalía de Castro e segue ata o día da súa desaparición, datas entre as que nos foi deixando uns cantos libros, traballos, artigos, longas conversas e unha humanidade como cada vez é máis difícil atopar.

Foi a súa profesión o periodismo, que exerceu case sempre en Galicia, agás nos últimos anos, en que se xubilou como Xefe do Gabinete de Prensa do Tribunal Constitucional. Pero a súa vocación verdadeira, que chegou a auténtica paixón, foi investigar, saber, descubrir (o que el chamaba "bajar al legajo"). Boa proba desta paixón súa son o *Elucidario de Camões*, *Diccionario del Quijote*, *García Lorca de A a Z*, así como diversos traballos sobre Fernando Pessoa, Guimarães Rosa, Lima Barreto, etc., ou libros como os que escribiu sobre os seis poemas galegos de Federico García Lorca ou sobre a relación do autor granadino con Galicia. Deixa inédito un libro sobre Álvaro Cunqueiro (de quen tanto sabía, no so pola íntima relación que con el tivo por razóns de traballo e fraternal amizade de moitos anos, senón porque investigou moi a serio a súa formación literaria) que ilumina o que se poderían chamar anos de formación literaria de Álvaro Cunqueiro. Por moi diversas circunstancias, era o investigador idóneo para este traballo sobre o escritor mindoniense, pero tamén por diversas razóns nunca deu por rematado este libro no que tanto empeño puxera.

Pasou varios anos no Brasil onde mantivo estreita relación coa cultura brasileira, e lusa en xeral, e onde traballou para o editor José

Aguilar con diversos traballos eruditos sobre escritores portugueses e españois, como Camõens e García Lorca, entre outros. O que non lle impediu seguir estreitamente vencellado á realidade cultural galega continuando unha relación que iniciara nos tempos da creación do Patronato Rosalía de Castro. E pode que este contacto co único galeguismo de entón determinara que Landeira dispuxera a súa volta a Galicia, que sería definitiva xa, para seguir, e aínda participar tamén, na tarefa colectiva de dotar a Galicia de conciencia propia. Nas páxinas desta mesma revista quedan mostras de traballos seus, sempre de moi sólida documentación, en que deixou exteriorizado e patente o seu amplo coñecemento do mundo lusófono, en especial dos seus escritores. De certo que a súa estadía no Brasil contribuíu de maneira decisiva a arrequentar con novos horizontes esta curiosidade cultural súa. E o mesmo na prensa diaria, na que tan arreo colaborou.

Home dunha moi ampla curiosidade, dotado dunha memoria nada común e moi ordenado, ó longo de moitos anos foi facéndose cun rico arquivo onde tanto quedaron anotadas as súas lecturas como calquera curiosidade erudita, noticias e datos case sempre destinados a traballos ou notas sobre escritores, e que por calquera causa (e ás veces sen máis causa que a curiosidade ou o pracer polo achádego), foron merecentes da súa atención, todo o cal integra un material nada común entre nós de erudición sobre Galicia e os seus escritores, e sobre autores portugueses e españois. Pódese afirmar, pois, que a obra máis importante de Landeira Yrago está inédita. E moito se teñen beneficiado dela os seus amigos, pois non só nunca negou a ninguén calquera información da que dispuxese, senón que, case sempre de seu, chegaba cunha ficha na que complementaba a información que verbalmente xa tiña facilitado.

Se ben era certamente tímido, cos seus amigos máis achegados foi sempre conversador inesgotable, brillante contertulio e moi hábil polemista. E cun sentido do humor que facían de Pepe Landeira unha persoa entrañable, atraente, chea de humanidade. Pero que, á par de todo iso, era tamén mestre que, en moi diversas materias, podía ensinar ós demais, non só pola erudición de que dispoñía senón pola facilidade con que sabía comunicar ós demais as cousas que el sabía (que eran moi diversas e ás veces mesmo sorprendentes por alonxadas das súas preocupacións culturais). Tiña moi claro que o tempo de que dispoñía era para ser empregado no que verdadeiramente lle interesaba (ler, escribir, estar de palique cos seus amigos, viaxar) e refugaba por enteiro perder o tempo (porque tamén tiña moi claro que sería perdelo) en actividades externas ou de exhibición e presencia social —decorativa as máis das veces— polas que outros devecen. Porque en Landeira todo era sólido: a súa ben artellada cultura, os coñecementos adquiridos de primeira man, a súa traxectoria vital.

X. L. F. G.

LIBROS

LITERATURA: **DOLORES VILAVEDRA.** HISTORIA: **XAVIER CASTRO.** CIENCIA: **MANUEL RODRÍGUEZ. GUSTAVO A. GARRIDO.** ECONOMÍA E POLÍTICA: **XOSÉ A. FERNÁNDEZ MORENO.** FILOSOFÍA: **CARLOS FERNÁNDEZ.** LINGÜÍSTICA: **HENRIQUE MONTEAGUDO.** CIENCIAS SOCIAIS: **XAN BOUZADA.** LETRAS EN CASTELÁN: **PILAR CASTRO.**

As sombras do barroco

● XESÚS RÁBADE PAREDES. *As sombras do barroco*. Galaxia, Vigo, 1994.

Ó amparo deste título xenérico, *As sombras do barroco*, Rábade preséntanos a segunda e terceira parte do que xa é a triloxía novelesca que iniciou en novembro de 1991 co título *Branca de Loboso*. Estas segunda e terceira partes titúlanse, respectivamente, *Memorias dun expósito* e *Aldo Polo en Santiago*.

BRANCA DE LOBOSO

No seu momento e como lector interesado, esta novela desconcertoume moi gratamente pola sensación de estar a saborear a un clásico dos séculos XVI-XVII que escribe no século XX, cun estilo que evoca a Cervantes, pero coa vizosa frescura e o meiguizo dun Cunqueiro. Tamén pola riqueza e dominio dun léxico de orixinalidade inusual que Rábade emprega con sabia mestría na función creativa da linguaxe a base de novas acepcións, recuperación doutras esquecidas, frases e modismos, que lle permiten, a un tempo, precisión de matices e un baril vigor expositivo, sen prexuízo da levidade que conceden a gracia e unha ben dosificada ironía, que, en ocasións, por imperiosa necesidade do argumento, se precipita en cataratas de contundente sarcasmo.

Admírame así mesmo pola arte maxistral de poñer en rexistro literario a ensarillada linguaxe forense que usa o Tribunal do "Santo" Oficio, de extravagancias que o autor adobía cun comprensivo e compasivo humor, que provoca o sorriso do lector avisado, cando non o vence a rebenteira da gargallada. Porque todo o texto se encamiña a unha certeira diatriba contra aquel tenebroso Tribunal da Inquisición que, desde unha actitude autólatra, era o símbolo e signo dun ambiente relixioso belixerante desde o seu hermetismo dogmático e escurantista, baseado nunha suposta revelación verticalista de verdades inmutables e irrefutables. Todo isto sacralizaba certos estamentos clericais daqueles xa remotos tempos; pero dos que aínda quedan moitísimos resaibos.

Por descontado que todas estas e outras calidades perduran no estilo e talante narrativos do autor nestas segunda e terceira partes da triloxía. Merecen especial mención a súa documentadísima argumentación, que impulsou a Anxo González a atribuírlle un certo carácter de "novela ensaística"; a onomástica e a

toponimia, sempre galeguizantes e funcionalmente significativas, así como a complexa galería de personaxes, tanto do Barroco coma actuais, que o portentoso e destemido fabulador que é Rábade pon en fértil comunicación a través dun sutil fío histórico. Por iso *As sombras do barroco* ten esa preciosa virtualidade de achegar, en fecundante diálogo, acontecementos e personaxes separados por séculos na súa peripecia existencial.

MEMORIAS DUN EXPÓSITO

Nesta segunda parte da triloxía, Rábade lévanos da man do nobre cabaleiro Expósito Maseda, "fillo sacrílego" (como enfatizan os seus acusadores) da fidalga mariñá Margarida D. Maseda, logo Sor Encarna no convento de Belvís, e o obseso fornicador e furibundo inquisidor Recesvinto de Cuenca. A través de Expósito, que nos conta "as moitas malquerencias, inimigos e grandísimos quebrantos que unha persoa signada co malfado (coma el) ten de aturar na vida", Rábade fai a vivisección da Galicia daqueles tempos. Mellor diría, tal vez, que esa vivisección devén biopsia para a diagnose das doenzas daquela sociedade, que non nos pilla tan lonxe nin nos é tan espuria como puidera facernos crer o espellismo da distancia no tempo. Porque, como manifestou o propio autor na presentación da obra en Santiago o pasado xaneiro, é esencial fomentar a "memoria crítica" na nosa sociedade para que teña consciencia de si mesma.

En definitiva, esa "memoria crítica" vén ser a misión esencial da Historia como mestra da Vida, segundo sostiña Cicerón. Porque, ó fin e ó cabo, ¿que é a nosa sociedade actual se non a resultante histórica dos vicios e virtudes daqueloutra do Barroco? Sobre todo, é ben sabido que nesa época xeráronse os fortes complexos de inferioridade históricos que aínda dominan o noso subconsciente colectivo e nos seguen agarrotando como pobo. Por iso, Castelao, ante o individualismo insolidario de tanto alpabarda admirador do estraño, se laiaba de que o noso pobo carecese de "siso colectivo". E unha das vías desa castración histórica foi, e segue a ser, a Igrexa galega e as súas institucións.

Expósito Maseda é, asemade, o elo idóneo do enlace entre a primeira e a terceira parte. Porque Branca é como a verdadeira nai para Expósito, sempre "fiel e asisada compañeira" na súa soidade e a quen debe "pensamento e letras dos autores" por el ben amados, moito antes de que o pai, o tal Recesvinto, dispuxese, por persoa interposta —a causa da aparente e sacral santidade do tal—, que "o instruísen en saberes superiores".

Era, pois, o de Maseda considerado home principal malia a súa orixe sacrílega, culto, liberal e benfeitor da desvalida xente do común. Xustamente foron estas e outras moitas calidades as que concitaron sobre el malquerencias, conflictos e persecucións, que proveñen, por arriba, da omnipotencia da despótica e terrorífica ortodoxia imposta pola Santa Inquisición. Por abaixo, da impotencia dun pobo oprimido pola férula dese poder inquisitorial e dos prebendados señoríos que medran ó seu abeiro. Maseda intenta liberar, dentro do seu propio señorío, a esas pobres xentes escravizadas pola tiranía e a miseria; pero entra en conflicto coa caterva de señores veciños. Maseda está, pois, emparedado entre estes dous estamentos sociais antagónicos: os explotadores e os explotados.

A tal respecto, é moi revelador que Maseda sexa acusado de contubernio con Galileo e Newton para "altera-ló bo goberno deste mundo" mediante o "contrabandeo de libros prohibidos" pola interesada perfidia do "Santo Oficio". ¿Acaso hoxe non seguen a ser acusados de contubernio e incluídos nos seus particulares índices do veto oculto e manobreiro os intelectuais que son críticos coas prebendas e privilexios dos poderes públicos deste momento? É bastante sabido que o autor de *As sombras do barroco* é un exemplo, tal vez senlleiro, dese tipo de persecucións.

ALDO POLO EN SANTIAGO OU BRANCA DE LOBOSO REDIVIVA

Nesta terceira parte, o lector alucina coas visións narradas por Aldo Polo, personaxe italiano que remove Roma con Santiago, nunca dito con máis propiedade, para averiguar as peripecias dunha fermosísima figuración ou subxugante pantasma, pintada por Velázquez e Ribera, baixo a impostura de María Madalena, e que, en ocasións, "encarnándose", descende do mesmo cadro para se aparecer no transcurso da Historia en lugares diversos e distantes, nos que sementa indómitas tentacións de privanza e desacougo carnais en personaxes relevantes das curias de Santiago e de Roma, en especial os do "Santo Tribunal", sen perdoar sequera ó mesmo Velázquez, que delira de amores pola súa propia criatura.

A tal extremo chega tamén o delirio xeral, que significados elementos da Santa Inquisición galega, con Recesvinto á cabeza, e da mesmísima Curia vaticana encargaron realizacións pictóricas, hoxe sospeitosamente desaparecidas, desa subxugante pantasma para se beneficiaren das virtudes libidinosas que exercía a súa imaxe.

Esta rara e reencarnable visión, que conquista a veneración da xente e aura de santidade, resulta ser, segundo documentadas averiguacións e mistéricas interpretacións, a mesmísima Branca de Loboso, que parece xurdir das misteriosas profundidades do ignoto para reivindicar xustiza reparadora das moitas iniquidades que os personaxes do "Santo Oficio" cometeron con ela e co seu ben amado Antonio Aldán.

O Malo, pola súa parte, coroa a obra de perversión deste mundo, concentrando toda a súa portentosa influencia ludibriosa nun tal Phalus Impudicus, artiluxio de orixe micolóxica, que esperta en quen o contempla perturbadoras ansias de malvado desenfreo carnal en persoas responsables de institucións que pasan por este mundo con auréola de santidade.

Iniciativa tan depravante non se podía realizar neste mundo senón a través dun personaxe tan libidinoso coma Recesvinto de Cuenca, quen, xa na sima dunha "pitopáusica" flaccidez a causa dos excesos fornicatorios e dos moitos anos, mandara a un seu acólito misioneiro que buscase por todo o ancho mundo este Phalus sexualmente reparador. Pedro María Vasco Fontenla —ese era o nome do acólito—, percorreu, en efecto, a face da Terra ata que atopou "o tesouro", como el lle dicía, nas Indias americanas e remitiullo a Recesvinto convenientemente resgardado. Con este artefacto, colmouse unha vaga tal de perversidade en toda a Igrexa que se chegou a dicir que o Malo se apoderara de toda ela.

Digamos, para pechar esta referencia ó ciclo argumental da triloxía *As sombras do barroco*, que o autor se adentra tan intensamente na trama que el urdiu para a defensa da xustiza fronte ás iniquidades dese mundo de obsesións e perversidades, que el mesmo remata por se ter que entregar ás artes dun psiquiatra por mor de recuperar o equilibrio da clarividencia mental que sempre tivo de seu. Tan poderosas son, aínda hoxe, as influencias do Maligno (?) amplamente esparexidas polo noso mundo de alienación.

M. DOURADO DEIRA

No límite

● XESÚS VALCÁRCEL. *Matar o tempo*. Edicións Xerais de Galicia, Vigo, 1995.

Primeira novela dun poeta que a penas ten feito algunha incursión no eido da narrativa (1985, *Contos nocturnos*), contén unha visión da realidade e unha maneira de representala arriscada e rotunda, que quizais non só sexa a dun poeta, senón tamén a dunha persoa que analiza a realidade en base a unhas coordenadas propias. *Matar o tempo* é unha obra que hai que poñer en estreita relación cos seus últimos libros de poesía, sobre todo, con *Areas de fondo*. Narra a vida dunha adolescente que aprende a defenderse no mundo e, sobre todo, a sobrevivir nun medio hostil. Que sofre vexacións e adversidades sen conto, e que logra saír adiante gracias a saber que é ela, e ó desexo de vivir, de amar e ser amada.

Novela rara, desconcertante, "maldita", que non vai gustar ó gran público, pero que si debería espertar o interese doutro sector de lectores. Novela picaresca, que nos presenta unha protagonista (unha nena case ó comezo da narración) que aprende a base de violencia e crueldade o que é a vida e a defenderse por si soa; novela autobiográfica feminina que, en contra da tendencia sentimental dominante, se aproxima ó esperpento, en canto se recrea demasiado na vileza, nas escenas violentas e degradantes, esaxerando e deformando a realidade. Este exceso de brutalidade fai que sobresaian tanto os contados momentos de felicidade, plenitude e beleza que se lle ofrecen á protagonista. O realismo máxico aflora nas pasaxes que recrean unha atmosfera sobrenatural, onírica, de pesadelo.

O punto de vista feminino está bastante logrado. A novela está narrada en primeira persoa polo único personaxe complexo e ben perfilado, a protagonista. Adela é unha rapaza observadora e intelixente, cunha grande capacidade de resistencia, que xa de nena sofre a violencia do seu pai e a falta de cariño da súa familia (exceptuando á súa avoa, da que tamén se ve obrigada a separarse), que casa para fuxir da pobreza e da soidade cun home maior que non ama, ingresando, deste xeito, nunha familia rica que a martiriza e a converte na criada da casa. É unha moza que vai evolucionando e aprendendo a base de golpes e que loita por defender o que ama: polo seu fillo (é nai prematura) e por conservar o amor do home do que se namora.

Ó seu lado, o resto dos personaxes non deixan de seren prototipos e moitas veces, como no caso dos nenos, símbolos de maldade e dos perigos que asexan á protagonista ou, por extensión, a calquera ser indefenso. Todos os membros da familia serán presentados a xeito de galería de monstros, cargando as tintas nos máis novos. Andrés revélase como epiléptico a pouco de casar con Adela. Os nenos da familia, enxendros malignos, son unha especie de bestas que reproducen o que ven, actuando segundo o aprendido do comportamento dos seus maiores. Tamén eles, igual que os seus familiares de máis idade, cobizan o poder e pelexan polo diñeiro (a herdanza familiar, o tesouro...).

A novela debe ser lida como alegoría: a "casa dos horrores" que é o casarón da familia, simboliza o mundo; é un lugar hostil onde a loita pola vida é unha tarefa cotiá, un labirinto polo que sortear os perigos que nos espreitan, ateigado de falsos amigos e sinais que queren equivocarnos. Esta novela pon de relevo a capacidade de resistencia das víctimas inocentes, o valor de loitar polas cousas (Adela loita por recuperar o amor de Daniel cando se interpón Estrela e por salvar a vida do seu fillo xunto á súa propia). Ninguén agás nós mesmos, nos vai axudar a atopar a saída desa prisión na que vivimos. A vida é unha dura aprendizaxe. As alusións a esta etapa da existencia fanse explícitas nalgunha ocasión, como cando o vello Víctor di: "Aprender non é doado".

Xesús Valcárcel desvélase nesta ocasión como un bo narrador, aínda que a novela non estea completamente lograda. Está escrita desde un ton solemne e filosófico, inzado de sentencias lapidarias, posto en boca do personaxe principal e que se xustifican, nunha persoa tan nova, polas vivencias e aprendizaxes que se viu obrigada a asimilar. O seu estilo está en consonancia co tema: vulgar, brutal, cheo de procacidades e insultos. Sen embargo, o novelista explica mal determinadas circunstancias: saltos bruscos no relato, episodios mal ensamblados, outros insuficientemente desenvolvidos, como o que en dúas páxinas condensa toda unha fase da evolución do personaxe central (pp. 121-122). Erros no tratamento da voz narrativa que se explican por cruzamentos coa do autor implícito e que se poñen de manifesto en expresións poéticas como "o mencer rompía as súas lanzas de prata", "o inverno foise ensumindo nas caivancas e nos trallos", "había reloxos que funcionaban co pensamento, co esmorecer das flores...", etc. Na mesma liña, son abundantes as digresións nun ton semilírico que desentoa do resto. Hai, ademais, algunhas repeticións e redundancias que denotan apresuramento. Pero o fallo máis de vulto atópase na estructura, que é a suma de distintos elementos inconexos, caóticos, postos uns a continuación dos outros, e que o lector non sabe ben como interpretar.

Malia isto, son múltiples os elementos que enriquecen a novela e axudan a darlle complexidade e profundidade: a obra de teatro dentro da novela, o mito do tesouro (simbólico, non é o mesmo para todos), o sexo, que ten unha presencia importante, derivada do seu valor de aprendizaxe vital, as evocacións de contos infantís (a Cincenta e a Bela Durminte), etc.

A relación con Daniel (curmán do seu home) que ten un estraño comezo, ó ser este un personaxe moi violento e extremadamente desagradable con Adela na primeira metade da novela, axuda a darlle forma ó personaxe feminino; o amor é unha experiencia importantísima na súa vida, como a de ser nai, ou a de ter que defenderse por si mesma, circunstancias todas elas que a fan madurar antes de tempo. Os momentos de lirismo, escasos e ben repartidos,

iluminan cunha luz especial determinadas paisaxes, entre as que están a escena do xardín, na que Daniel se ispe nun balcón ante a única mirada de Adela, os encontros amorosos entre ambos, a pasaxe na que el a defende con palabras de amor, etc. Daniel sérvelle de apoio pero aínda así é ela quen ten que seguir defendéndose e valéndose por si mesma. Xa na recta final dese período de evolución, os pasos dados pola protagonista serán os seguintes:

"Illamento" da protagonista, que se ten que descubrir a si mesma e á súa propia verdade. Etapa que segundo ela mesma di, vivía con intensidade e pracer, e unicamente baixo o temor de perder a vida, sen o que a propia existencia carece de valor. Tras a asunción sen mentiras da propia soidade, o "amor" é a forza poderosa que a impulsa a saír do niño seguro, e "o amor nunca se negocia nin se pacta". O premio que recibe a protagonista pola súa afouteza é atopar o "tesouro" que, necesariamente, non pode levar consigo e si só velo. Ten que saír da casa polas trabes podres completamete espida (simboloxía da nudez), que representa a "purificación" final.

Adela e Daniel sálvanse a forza de librarse das ameazas que os demais representaban para as súas vidas. Simbolizan esa burbulla que é a parella onde existe harmonía e comunicación, a unión que se basta e sobra, non precisando de ningún máis. Sen embargo, esta interpretación, só é posible facela unha vez rematada a lectura, xa que, como xa apuntabamos máis atrás, a principal eiva da novela é non deixar claro en ningún momento cara onde se dirixe o relato.

ANA BELÉN FORTES

O Cable Inglés

● XOSÉ ANTONIO MORENO. *O Cable Inglés*. Galaxia, Vigo, 1995.

Benvidos sexan os novos narradores, especialmente se están dotados da madurez creativa e, ó tempo, da inxel frescura do novel que desprenden os oito relatos de *O Cable Inglés* de Xosé Antonio Moreno. E benvidos sexan os premios literarios se serven para descubrirnos textos coma este, gañador da primeira edición do Premio Café Dublín de narrativa breve, certame que entronca cunha fértil tradición de patrocinadores privados na que se vencella cos xa desaparecidos Premio Chitón ou Café "De catro a catro".

O Cable Inglés posúe unha característica pola que cada vez clama máis o público: a de activar aquel vello truco literario de "enganchar", de turrar da atención do lector, nuns tempos dominados pola práctica dunha lectura "distanciada" e diseccionadora. Non hai aquí grandes novidades argumentais nin estilísticas, non hai experimentos discursivos nin malabarismos estructurais: só hai boas historias, habelencia para contalas e bo pulso para termar da brida do estilo. Velaí os méritos de *O Cable Inglés*, unha mestura pouco frecuente nestes posmodernos, fragmentados e dispersos tempos que estamos a vivir.

Xosé Antonio Moreno toca con éxito todos os rexistros diexéticos. Consegue narrar historias de amores e traxedias familiares sen caer na trapela do melodrama, mesmo cunha ben medida dose de ironía, pero quizais onde máis arrisca, aínda que non sempre co mesmo éxito, é nas historias que sobardan os límites do cotián. Así, se en "Seres queridos" o narrador se move con soltura polas estremas do real e o fantástico, en "As fotos" atopámonos cunha excelente e descaougante intriga estragada polo empeño estéril en abrir un novo enigma que se esgota en si mesmo, na medida en que o lector dera xa coa solución da intriga que o mantiña en tensión: ter que subir de novo pola enfesta do clímax non é proposta do agrado do lector cando pode disfrutar por fin da distensión que produce chegar á meta do conflicto.

Cómpre salientar tamén o axitado da combinación entre puntos de vista e voces narrativas non coincidentes, coma no relato que lle dá título ó libro, así como un firme —polo xeral, como xa indiquei— control na dosificación da información. Se cadra, o afán por construír uns relatos ben medidos explica algún resumo excesivamente acelerado que, polo mesmo, resulta artificial, como acontece coa elipse do proceso psicolóxico no que entra o profesor Martel tras sufrir un atentado do Ku-Klux-Klan que, de tan retórica, malbarata o impacto que o ata entón ben marcado ritmo narrativo ía producindo no lector.

Todo isto fai que, malia as pexas puntuais que se lle poidan atopar a algún dos relatos de *O Cable Inglés* —probable resultado da abordaxe ambiciosa dun proxecto literario só aparentemente sinxelo—, agardemos expectantes unha nova entrega narrativa dun autor —novo pero non xove— que entrou con paso firme nas nosas letras.

DOLORES VILAVEDRA

Un apólogo en proxección

DARÍO XOHÁN CABANA. *O cervo na torre*. Edicións Xerais de Galicia, Vigo, 1994.

O Ezra Pound dos *Cantares*, o Céline de *Viaxe á fin da noite*, o Neruda de *Canto general*, malia os seus monumentais erros, o seu simplismo, as súas cegueiras, mesmo as súas estupideces, conseguen nos dar un saber de nós mesmos que ventamos coma verdadeiro. Non acontece o mesmo con infinidade de obras supostamente literarias e que non son máis que discursos explícitos dun autor que deita verdades abstractas das que se sente depositario... e difusor. Estas obras, que son lexión, adoitan ter pouco a ver coa literatura. Tal acontece coa última novela de Darío Xohán Cabana: *O cervo na torre*, galardoada co Premio Xerais de Novela 1994.

Unha novela falla cando é redactada dun modo que obedece a un esquema anterior, pétreo, artificial. Se ten unha estructura inmóbil, morre de saída. Esta

estructura inmóbil domina todas as novelas publicadas ata o de agora por Darío Xohán Cabana. Unha estructura que acaba por converter as novelas do escritor chairego en apólogos. Apólogos nos que, pouco a pouco, foi dominando unha idea política; rectifiquemos, unha certa ideoloxía que remata por converter a última entrega narrativa do autor de *Vidas senlleiras* nun paradigma do *kitsch* político.

O cervo na torre é unha representación ou encarnación novelesca dun pretendido "ser" ou "destino" de Galicia (desenvólvese logo dunha conflagración nuclear desencadeada polas forzas capitalistas, unha vez desaparecida a URSS. Pero "quen nolo había dicir, camarada: eramos o cu do mundo, pra falar mal, e agora somos a cabeza...", p. 66), reactivando unha mitoloxía que emerxe das brétemas da historia ("Tivemos sorte, dentro da calamidade. Polo menos había aínda unha consciencia da terra... No fondo, eramos aínda unha nación campesiña. O campesiño agárrase á terra e aguanta", p. 48), e que só merecería unha pequena mención sinalando a súa profunda indixencia, a retórica da solemnidade e da seriedade que se glorifica no lugar común e que se mergulla nun exceso de *pathos* e de sentimento: "ter quizais aínda un fillo que continúe a vella estirpe, ver medrar outra vez a imaxe do seu propio pai" (p. 29). "Virán outras glorias ó mundo, meu amigo, e nosoutros xa as empezamos a albiscar" (p. 48). "O Fidel sente un bárbaro alustro de amor polo agricultor e mais pola mestra, polos dous ríos fermosos do seu sangue que agora flúen tranquilamente polos seus camiños, como Tamboga e Anllo, os dous envorcándose no Miño da nación" (p. 123). "Brando cos outros, porque consigo era duro coma un diamante, esixente coma un asceta" (p. 90), etc. Se é verdade que este ton devoto e piadoso pouco ten a ver coa literatura, non é menos certo que ten moito a ver cunha ideoloxía que se funda na "espiritualidade" e na "perennidade" do pobo galego... Todo nesta novela se sitúa na lóxica dunha orixe que parece transcender as categorías e as continxencias do tempo, reenviando deste xeito ó fondo sagrado dunha identidade mítica. Identidade mítica que se fai patente a través de certas figuras simbólicas (García: "souben quen realmente era o García, canta historia lle corría polas súas veas e lle translucía na fronte e lle agramaba ás veces a cabeza co peso enteiro da nación", p. 93) e certas reminiscencias que acada o seu punto cume no final da novela.

O fondo ideolóxico da novela merece comentario porque é lugar privilexiado dun perigoso retorno de arcaísmos ideolóxicos e de irracionalismos políticos que sempre teñen un uso ambiguo. O feito literario carece aquí de importancia cando se compara coas representacións míticas da nación e da clase. Nocións desenvolvidas de maneira tan inxenua que non superan o nivel de charlas de casino. Pero nocións que desenvolven ideas das que non se pode esquecer a súa profunda natureza anti-progresista, anti-demócrata, anti-pluralista e... anti-marxista, xa que ó contrario do que se pensa neste apólogo, para K. Marx nin clase, nin nación, eran realidades permanentes. O que, ó cabo, se desenvolve no apólogo son ideas que teñen a ver máis co que Marx chamaba socialismo feudal que con outras cousas; o que non é de estrañar se se len con atención anteriores obras de Darío X. Cabana (*Fortunato de Transmundi, Cándido Branco e o Cabaleiro Negro*, etc.). Un socialismo "que non foi un camiño de rosas, porque era necesario impoñer inmediatamente e por enriba de todo o principio da unanimidade e da solidariedade máis feroz" (p. 83). Un socialismo que, coma sempre, ve traidores en toda partes (p. 243). Un socialismo que ten máis de resignación francis-

cana que de *eroico furore*. Un socialismo que remata por negar a dignidade humana, xa que continúa co vello cantar da redención polo traballo (p. 185), que, como se sabe, só conduce ó Gulag.

Ideoloxicamente, *O cervo na torre* está nas antípodas da modernidade política, a que nace con Spinoza, Hegel e Marx. Nega a liberdade e reproduce o discurso estalinista do social-fascismo (p. 243), non define ben o que entende por igualdade (aínda que "a min unha gran abundancia non lle é o que máis me leva a vida. En habendo que comer e vestir, se as cousas están ben ordenadas vívese ben", p. 35) xa que máis parece o autor decantarse polo miserabilismo. E louva a fraternidade que, como sabemos, malia as exclamacións dos protagonistas ("¡Deus, canto cambiaron as cousas, e que boa é a xente, e que grande é o noso país!...", p. 150), foi imposta mediante unha *férrea dictadura*. Orabén, gustariamos saber que clase de solidariedade é aquela que se impón por medio dunha dictadura, a non ser a do medo, a da igualdade dos cemiterios.

Literariamente, pouco hai a dicir de *O cervo na torre*. Como xa se anotou, é un apólogo. Un apólogo en proxección. É dicir, un apólogo no que son transferidas a épocas históricas diferentes ideas, costumes e psicoloxías contemporáneas. O apólogo en proxección é moi cultivado polos malos autores de ciencia ficción, polo cine histórico *made in Hollywood* e por aborrecidos narradores de novelas históricas. Como todo apólogo, o presente divide os personaxes en bos (cada un é un símbolo: da nación, da clase, etc,) e malos, menos ricos en simboloxía. Mais, simboloxía á parte, nos personaxes falta de todo, xa que o autor máis que narrar quixo demostrar, inculcar, e baixo das enormes próteses brillantes de aceitada quincalleira estalinista, non hai nin carne nin vida. Só mistificación ideolóxica, reencontro (non esquezamos que a maior parte da novela é narrada en forma de viaxe, autoparodiándose, en certo xeito o autor, xa que usa da mesma estructura, do mesmo esquema, que *Fortunato de Transmundi*) e reconstrucción dunha identidade transhistórica e transindividual, como se os personaxes funcionasen mediante o que Guy Scarpetta chamou "dispositivos ideolóxico do enraizamento". É dicir, dispositivos que presupoñen un inconsciente colectivo, un conxunto de arquetipos que sobredeterminan toda singularidade individual, un sentido de pertenza a un pobo ("¡que grande é o noso país!, di un dos personaxes), a unha nación, identificado cun espírito que funciona non como unha cultura, senón como unha natureza...

Mais Darío X. Cabana é, con todo, un narrador habelencioso e, en certo momento, debeu decatarse da falsidade dos seus personaxes e así, para dar un ton dramático a certos momentos da novela, fai guiños ó lector: eis o segredo de Castromao, tirado da tradición artúrica. Eis o drama dos Carballo... pero todo se esvae e intenta salvarse mediante o uso dunha escrita que como xa dixemos nestas mesmas páxinas advirte nela a lixeira falsidade do *pastiche*. A novela, unha novela, é algo máis que unha páxina brillante, que unha (ou moitas) páxinas "perfectas". Como escribía Borges, a páxina "perfecta" é a que consta deses delicados valores (ningunha palabra pode ser alterada sen dano, os cambios de linguaxe borran os sentidos laterais e os matices) e a que con maior facilidade se desgasta. E as novelas de Darío Xohán Cabana dá a impresión que naceron desgastadas.

XESÚS GONZÁLEZ GÓMEZ

Xulio Valcárcel: quince anos de oficio poético

● XULIO L. VALCÁRCEL. *En voz baixa. Quince anos de poesía (1979-1994).* Sociedad de Cultura Valle Inclán, col. "Esquío", Ferrol, 1995.

Non podía ser máis acertado o título escollido por Luciano Rodríguez (tirado, á súa vez, do prólogo a *Memoria de agosto,* de Ramiro Fonte) para resumir a traxectoria poética de Xulio L. Valcárcel. *En voz baixa,* agachándose na roupaxe enganosamente sinxela de versos lenes e musicais, achéganos o autor lugués a forza das palabras. A súa proposta non pode ser máis clásica e renovadora a un tempo. Fai que a materia verbal vaia alén dos indispensables valores estéticos e conceptuais, e apreixe todo un universo de emocións e sensacións que levan o lector ó eido esvaradizo do inefable, no que só a poesía semella ser capaz de dar nome e forma, e articular un discurso comprensible e capaz de emocionar. Porque, insisto, a capacidade de emocionar forma parte da especifidade da poesía en canto que xénero literario, e Xulio L. Valcárcel devólvelle asemade a funcionalidade comunicativa e mais o transcendentalismo. Tíñao xa moi claro o autor cando escribiu a súa poética para a antoloxía do propio Luciano Rodríguez, *Desde a palabra, doce voces. Nova poesía galega* (1986):

> [...] a Poesia non se dirixe á realidade para apremé-la ou para dominá-la, nen sequer para entendé-la. A Poesía dirixe-se á realidade cunha arela de contemplación, de entrega, de fusión sen moralismos. De aí que a Poesía non vaia dirixida á captación lóxica, senón á intuitiva. *[Desde a palabra...,* p. 68]

Esta antoloxía fora, no momento da súa publicación, un fito, pois apuntaba con bastante acerto os nomes daqueles que abandeiraron a renovación poética nos anos oitenta. Mais, comeza a ser hora de revisitar desde unha certa distancia ese período, e escolmar, reflexionar, avaliar e refutar voces e liñas poéticas que se consagraron por renovadoras ou persoais. Entre elas, está, por suposto, a de Xulio L. Valcárcel, apostando polo reencontro coa linguaxe e co esteticismo sen caer nas arquitecturas venecianistas e decadentes que outros cultivaban ó seu carón.

Quizais sexa *En voz baixa* un primeiro paso nese estudio necesario; antoloxía ambiciosa e fermosa, pero merecente dunha introducción con máis pouso, na que os múltiples aspectos que conforman a traxectoria do autor non se presenten esfarrapados e aparezan a penas apuntados.

Un dos aspectos máis interesantes dos apuntados polo editor na introducción é a recuperación dun dos proxectos colectivos de renovación poética fronte ós estragos do socialrealismo epigonal. En opinión de Luciano Rodríguez, os grupos poéticos máis salientables foron Rompente e Cravo Fondo. Inexplicablemente, limítase a dar o nome do grupo de *resistencia poética* máis rupturista do momento sen nin siquera esbozar os seus postulados, os seus obxectivos, os procedementos utilizados ou as semellanzas e diferencias con estoutro grupo de estudiantes de Santiago, os mozos de Cravo Fondo, menos sorprendente na forma, menos comprometido politicamente, pero que

tamén rompe co panorama poético do momento cun manifesto programático. E, ademais, obvia a máis mínima referencia a outros movementos que, malia seren menos compactos, presentaron e lanzaron novos poetas, como as antoloxías *De amor e desamor* (nas que tamén participa Xulio Valcárcel), o pouco afortunado Grupo Alén ou algunhas antoloxías e revistas.

A Cravo Fondo pertencían os irmáns Valcárcel, xunto a Ramiro Fonte (quen regresou recentemente ó xénero no que acadou os seus mellores logros co seu recente poemario *Luz do mediodía*), Fiz Vergara Vilariño, Xesús Rábade Paredes, Helena Villar Janeiro (ambos os dous veñen de revisitar o verso con senllos poemarios eróticos, *Poldros de música* e *Festa do corpo*, respectivamente) e Xavier Rodríguez Barrio.

O editor aproveita a ocasión para reflexionar, xa desde unha certa distancia, sobre as propostas e os logros do grupo. A súa era unha proposta de renovación necesaria en tempos de necesario compromiso político e social nos que a poesía galega teimaba en seguir gobernada pola sombra de Celso Emilio, a crónica social e mais a ideoloxización, asombrando por completo outras propostas nas que a palabra non esquecía o compromiso consigo mesma, coa necesaria renovación estética do discurso poético. Estoume a referir a *Entre o si e non* de Xosé Luís Franco Grande, libro ó que aínda agora cómpre facerlle xustiza.

Cravo Fondo, coma o efémero grupo Alén, Rompente ou os integrantes das dúas antoloxías *De amor e desamor* apostaron pola ruptura (máis ou menos "revolucionaria") e contra o somentemento da literatura á realidade sociopolítica. *Avant la lettre*, ou sexa, no seu manifesto programático (felizmente reproducido na introducción de L. Rodríguez), a súa era unha tentativa de concordia entre compromiso coa sociedade e mais coa literatura:

> CRAVO FONDO percura levar a verdadeira poesía ás crases traballadoras galegas, i é emporiso polo que pretende ser fidel á poesía mesma
>
> CRAVO FONDO tentará saír da poesía oportunista política, que magoa tanto esta loita como a literatura galega mesma

Sen embargo, este aparente equilibrio entre compromiso e estética non se mantén nos textos incluídos no libro. A praxe poética dos membros do grupo era xa un primeiro bosquexo da poesía dos anos oitenta (nos que algúns destes autores acadaron a súa madureza poética), na que dominaban a introspección, o abandono do compromiso expreso coa sociedade, a preocupación pola materia verbal e poética, a metaliteratura e, sobre todo, un incipente esteticismo. O compromiso coa sociedade galega deixou de ocupar o centro de atención do creador e, xa que logo, a súa escolla lingüística abondaba para marcar un modelo ideolóxico que se lles apuxo a todos os creadores en lingua galega.

En voz baixa quere ser o resumo de quince anos de traxectoria poética dun dos poetas dos anos oitenta que mellor soubo encarreirar a súa obra póetica, desde *Víspera do día* (1977) ata *Memoria de agosto* (1993), co que gañou o premio Miguel González Garcés. Ó meu ver, tanto este libro como *Solaina da ausencia* (1987), representan o máis interesante da súa producción en verso, e mostran como aínda o autor segue a nadar a contracorrente. Nestes tempos, nos que a narratividade e a épica son o eixe formal dunha boa parte da poesía de calidade, poucos son (Antonio Domínguez Rey, Pilar Cibreiro,

Luís Rei Núñez... e algúns máis) os que apostan pola vía da introspección, do intimismo, da palabra limpa de ruídos e da "voz baixa". O tempo parece darlles a razón.

HELENA GONZÁLEZ FERNÁNDEZ

Luz do mediodía

● RAMIRO FONTE. *Luz do mediodía*. Espiral Maior, A Coruña, 1995.

Ramiro Fonte é xa un escritor abondo coñecido na nosa literatura, ben pola súa poesía e narrativa, ben polo seu labor como crítico e estudioso de figuras como Celso Emilio, Cunqueiro ou Cabanillas.

Como poeta, a súa actividade arrinca daquela experiencia colectiva do Grupo Poético Cravo Fondo, a finais da década dos 70. Desde aquela primeira publicación, "Verbas pra adeprender a morrer ás tres da madrugada", foi asentando unha poética sólida e persoal, que callou na elaboración dunha obra cun alto grao de unidade.

Van xa catro anos desde que deu ó prelo as súas últimas entregas poéticas, *As lúas suburbanas* e *Escolma poética*. Ó longo da súa traxectoria, Fonte foi concibindo unha poesía que remite a un mundo de referencias propio, no que conviven un certo decandentismo, o pouso dun culturalismo compartido con boa parte da súa xeración, e unha particular vivencia dos mundos interiores nos que, verso a verso, vai deixando as súas pegadas o paso do tempo.

A súa voz reaparece agora con *Luz do mediodía*, poemario que consolida a súa poética anterior, volvendo ademais a temas que son recorrentes na súa obra.

O libro ten un carácter aparentemente aglutinador, composto por catro partes ben diferenciadas. Ábrese cun conxunto de poemas baixo o título "A historia fala de ti", onde atopamos un verso cheo de nostalxia, no que pouco a pouco van agromando motivos que nos resultan xa familiares: a negación do retorno, a infancia, o recordo, a morte. A miúdo percibimos unha visión intimista da propia experiencia, xa presente no primeiro poema. Nel atopamos a persistencia da voz do poeta, *Ama o meu corazón porque aínda quere / comprender un xardín abandonado.*

A cidade preséntase como un espacio cambiante, vulnerable ó paso do tempo, que a miúdo se volve allea ós ollos do paseante. Os recordos da infancia e da adolescencia conviven nun verso longo, cheo de elementos narrativos. Neste mundo, afiánzase a voz lírica.

Non teño outras sentencias
Que esas palabras pobres dos peiraos,
Non necesito outras nos furtivos
Estaleiros de naves solitarias
para alzar nova vida desde os versos

A cidade é por tanto un espacio continuo —Ferrol, Compostela—. A aldea é tan só un recordo perdido na infancia, desde o que se pode contemplar *A vila, alá distante, / Afogando os seus ollos na marea.*

Hai tamén un certo ton reivindicativo no efecto do paso do tempo sobre a cidade. A transformación das paisaxes produce un distanciamento que se manifesta na interioridade do poeta, transformando tamén o seu mundo de referencias: *Ben sei que xa non podo chamala Compostela, / Que xa non estarán de parte dos meus soños aquelas torres no ar.*

Tamén é este o espacio no que conviven o recordo das voces doutros poetas, Serafín Ferro, Cernuda ou Avilés de Taramancos.

Na segunda parte, "Luz do mediodía", asistimos a un cambio de ton. O poeta abandona a composición longa para ofrecernos textos moi breves, formas simples e un verso elaborado cunha grande economía de recursos. Son frescos, impresións, retallos, nos que se segue a percibir, como unha lousa, o paso do tempo.

"A derradeira rosa" está composta por un único poema de grande extensión, que vertebra en certa medida o conxunto da obra. Trátase dunha homenaxe explícita a Rosalía, primeira referencia poética á que Fonte sempre volveu, segundo ten confesado en varias ocasións. O poema artéllase como unha longa reflexión a partir dunha expresión rosaliana, *extranxeira na patria*, sobre o lugar marxinal do poeta no mundo que está a vivir. Percibimos nel os ecos daquela outra reflexión do seu contemporáneo Curros. "Na tumba de Rosalía". É aquí onde atopamos, como resposta meditada, o verdadeiro compromiso do poeta co seu oficio:

O noso silencio debe ser xeneroso con este tempo.
Con aquelas palabras que escondemos.
Con aquelas que nunca traizoamos.

Na última parte, "A dama do viaxeiro" retómase o verso longo, o ton narrativo, as anécdotas. O motivo común, a viaxe, permite que asistamos a unha multiplicación dos espacios, Budapest, Salzburgo, Gales... Atopamos aquí unha poética da soidade, dama inseparable do viaxeiro, que percorre os camiños do recordo de amores, infancia, cidades e palabras.

No poema que pecha o libro, baixo a forma epistolar —"Carta de Londres"—, lemos unha verdadeira defensa da soidade, nunha mensaxe dirixida tamén ó lector: *ese infiel aliado / a quen debo obrigar a que aposte de novo / a soidade lúcida, a ollada decisiva.*

A pesar da aparente heteroxeneidade do libro, descubrimos nel algunhas claves que lle están dando unidade. Hai unha mensaxe escondida de resistencia desde a palabra. A voz lírica instálase nun espacio no que aínda é posible unha reflexión serena.

Luz do mediodía supón, en boa medida, a madurez dunha voz que soubo gañar, desde aquela experiencia de xuventude que se propuxo anovar a poesía galega, un lugar propio nas nosas letras.

MARÍA XESÚS NOGUEIRA

Sobre a norma do galego culto

● HENRIQUE MONTEAGUDO (ed.). *Estudios de sociolingüística galega. Sobre a norma do galego culto*. Galaxia, Vigo, 1995.

En abril de 1983 publicábase o decreto no cal quedaba aprobado, como *norma básica* para a unidade ortográfica e morfolóxica da lingua galega, o acordo entre a RAG e o ILG. Mais esta, como todos sabemos, non era a única opción posible. Declarouse entón unha guerra entre autores e partidarios da normativa oficial (autonomistas), e a posición contraria (reintegracionistas), guerra que despois de tantos anos aínda continúa, co que iso supón de desgaste de enerxías; un desgaste que "unha lingua de posición tan vulnerable" (*vid.* Santamarina, p. 88) coma o galego non se pode permitir, xa que paraliza ou, no mellor dos casos, retarda o proceso de *total normalización* para o cal é imprescindible acadar o consenso que non foi posible en 1983.

Esta é unha das razóns polas que consideramos un feito positivo e esperanzador a aparición deste libro.

Composto por seis artigos, pódense considerar os tres primeiros como traballos científicos e os restantes como artigos de opinión.

Reunir estes traballos nun volume único ofrece a posibilidade dunha reflexión profunda sobre o tema da estandarización do galego, tal como se lle informa ó lector nas primeiras liñas do limiar. Este problema non por tan debatido perdeu a súa importancia; antes ó contrario, despois de anos a batalla normativa e as posicións creadas a raíz dela continúan incriblemente a ser as mesmas.

É este un libro destinado ó público especializado e ó lector culto, explica Monteagudo na súa presentación, ó que eu me permito engadir que é un libro importante para todos aqueles que sexan conscientes do grave problema que comporta a falta de consenso respecto da normativización da lingua, e da corresponsabilidade que ten calquera galego canto á súa lingua e a identidade do seu pobo. É un libro que sae coa intención de "contribuír ó esclarecemento e ó afortalamento da consciencia lingüística do país, a verdadeira e única esperanza de futuro para a nosa lingua" (Limiar, p. 18).

Comparten os autores deste volume unha serie de presupostos básicos que quedan explicitados no limiar: 1) a consideración da lingua galega na súa autonomía fronte ó castelán e o portugués, 2) que a determinación dunha lingua non só se pode basear en criterios lingüísticos senón na combinación destes cos sociolingüísticos, xa que en moitas ocasións estes resultan fundamentais, 3) a consideración de lingua culta como producto de procesos de elaboración sociocultural, 4) o convencemento de que o camiño iniciado pola normativización, ademais de ser a continuación histórica dos escritores e intelectuais que contribuíron a construír a lingua galega, é o que mellor responde ás expectativas do pobo galego.

No primeiro dos traballos, Žarco Muljačić, croata de orixe e profesor da Universidade Libre de Berlín, compara a situación do galego coa doutras linguas minorizadas —o corso, o macedonio, o aranés, etc...— que se encontran

entre dúas linguas predominantes da mesma familia. Muljačić cre que, ante o perigo de desaparición destas pola opresión das linguas maioritarias que as envolven, a única solución posible é a creación dun estándar que lles permita converterse co tempo nunha lingua por distancia.

É importante salientar a chamada á concordia, entre as diferentes tendencias, respecto do proceso de normalización, que fai o sociolingüista Muljačić desde a súa dobre vertente de científico e de non galego, advertindo que de non chegar nun tempo breve ó consenso dunha norma que consiga impoñerse ás outras, o galego pode correr a sorte doutras linguas e mesmo desaparecer como tal.

Desde a mesma perspectiva que Muljačić, insiste Santamarina, no seu artigo "Norma e estándar", no grave prexuízo que comporta para o país a profusión de normativas, así como a falta de aceptación, por parte dalgúns sectores, da normativa oficial.

Logo de facer unha análise dos dous modelos fundamentais, autonomista e reintegracionista, o autor intenta demostrar, partindo de criterios científicos e obxectivos, que a posición reintegracionista non é viable actualmente para Galicia posto que non considera o galego como lingua de seu; si o é pola contra a autonomista por partir da consideración do galego como lingua independente.

Para demostrar esta independencia acode, por unha parte, á *retícula de Kloss*, na que se clasifica a producción escrita non literaria dun pobo. Segundo esta o galego superaría claramente o nivel de dialecto para acadar sen dúbida o de lingua.

Por outra banda considera Santamarina decisiva a determinación polos falantes mesmos do carácter distintivo da súa lingua. Un percorrido pola tradición literaria desde o século XIX mostra como os diferentes escritores sempre tiveron consciencia do galego como lingua propia e nunca, sinala o autor, se decantaron polo uso do portugués.

No último dos artigos científicos, de Benigno Fernández Salgado e Henrique Monteagudo, xustifícase a necesidade dun estándar e dunha planificación lingüística, adecuada e consensuada, para garantir a supervivencia dunha lingua.

Partindo dos traballos e teorías de Muljačić, compárase a evolución histórica da "variedade galego" coa situación do occitano, que de lingua por distancia e elaborada pasou a converterse nun dialecto do francés. O galego, recórdasenos, tamén sufriu un proceso de degradación semellante durante os séculos XVI-XVIII, con grave perigo de desaparición como lingua, feito que polo de agora non chegou a acontecer.

Presenta o artigo un serio estudio da evolución que seguiu o galego moderno desde os seus inicios ata a constitución dun estándar. Establécense catro etapas: *galego popular* (desde o pincipio ata fins do século XIX), *galego enxebrista* (fins do XIX-1936), *galego protoestándar* (1936-anos 70), *galego estándar* (desde os anos 70 ata hoxe). A novidade desta interesante proposta radica na análise dos planos morfolóxico e semántico para a determinación de cada un dos períodos, ademais do tradicional grao de dialectalismo.

Apoiándose en "obras-testemuña", é dicir, obras representativas de autores de prestixio da época, mostran as distintas solucións adoptadas en cada

momento, e como estas solucións, e mesmo o tipo de dificultades que surxían, teñen moito que ver co grao de consciencia lingüística dos escritores, e coa súa vontade explícita de considerar o galego como lingua propia e independente. Vese con claridade como algúns riscos aparecen ou desaparecen segundo o momento histórico, e como determinados fenómenos deben ser analizados con criterios diferentes en épocas distintas.

Cadramos de acordo con Francisco Fernández Rei, na primeira das colaboracións ensaísticas "A *questione della lingua* galega", en que na situación actual da lingua galega, os modelos normativos están baseados en filosofías lingüísticas tan diferentes que a unificación de criterios é practicamente imposible.

Establecendo un paralelismo entre as discusións normativas que levaron á formación do italiano culto (a chamada *questione della lingua*) e o galego, observa Fernández Rei que tamén en Italia a norma literaria e os diferentes dialectos coexistiron sen que a norma conseguise impoñerse ata a unificación do país en 1861. Agora ben, cunha diferencia fundamental, mentres en Italia as discusións estaban centradas nas diferentes variedades de toscano, en Galicia o que se cuestiona é a existencia do galego como lingua románica de seu.

Diante desta situación, proponse como única saída un acordo entre as opcións que se basean nunha mesma concepción lingüística, as que consideran o galego como lingua propia.

Por outro lado, destaca o autor a necesidade dunha política lingüística eficaz desde os estamentos correspondentes do goberno do país. A este respecto recórdasenos no artigo que en Italia só a partir da imposición oficial dunha normativa foi posible a creación do italiano que actualmente coñecemos.

Henrique Monteagudo, no segundo dos artigos de opinión, denuncia con contundencia, unha vez máis, que as enerxías gastadas inutilmente na discusión normativa deberían ter sido empregadas noutros eidos, como o da normalización social da lingua.

Nun percorrido a través da historia da elaboración dos modelos normativos, fáisenos partícipes da enorme dificultade existente entre as diferentes posturas para chegar a acordos. Recórdanos Monteagudo que, desde o primeiro método de aprendizaxe, feito polo ILG a comezos dos anos 70, ata a aprobación oficial das Normas, producíronse unha morea de reunións con representación de todos os estamentos comprometidos do país; nelas foise pasando dunha unanimidade case total, verbo da concepción lingüística, a un desacordo radical.

Nun intento de buscar solucións a este problema Monteagudo, na liña de Fernández Rei, propón un acordo entre os autonomistas e os partidarios de mínimos reintegracionistas, que permita á Real Academia unha revisión e posterior reelaboración das Normas oficiais.

Pecha o volume o traballo de Benigno Fernández Salgado, "Sobre a semántica da estandarización", no que o autor reflexiona sobre as vantaxes e inconvenientes da estandarización dunha lingua.

A diferencia das outras colaboracións deste libro, Salgado centra o problema actual do estándar galego na semántica, pois considera a codificación formal practicamente resolta, e para el non é fundamental a existencia dunha única variedade estándar (a pesar de manifestarse de acordo con este criterio). Como exemplo cita o caso noruegués onde conviven dúas variedades en res-

pecto mutuo e con respaldo institucional. O que non nos facilita o autor son elementos de valoración desta pacífica convivencia polo que non é posible establecer comparacións. En Galicia os modelos normativos non reflecten a preponderancia dunha variedade por riba das outras, como resalta Fernández Rei, senón a propia concepción da lingua e, como consecuencia, da identidade nacional; esta é posiblemente a razón pola que a concordia resulta tan difícil.

A oportunidade que nos ofrece este libro de profundizar con rigorosidade nos diferentes aspectos que forman parte do proceso de estandarización xustifican plenamente a súa publicación.

As fundamentacións científicas e as aportacións históricas permiten abordar de novo a devandita cuestión, quizais con menos apaixonamento e máis elementos racionais. Se cadra, a partir de aí, exista a posibilidade de crear as bases que poidan conducir "a ese acordo", e esixir unha política lingüística adecuada ás necesidades reais da lingua galega.

SABELA LABRAÑA BARRERO

A historia mergúllase na literatura

Comecemos por considerar a necesidade de reconciliarnos co uso dunha palabra que está enchida de connotacións incompatibles (ademais de coa velocidade á que vai o mercado de publicacións) coa présa mental que acompaña ó ritmo veloz que se lle vén impoñendo á vida, e que converte o xesto da lectura nunha especie de tempo veloz e incongruente que se mide baixo a advertencia do número de páxinas que ofrece un libro. "Lentitude" é esa palabra que aparece titulando a última novela de Kundera, a quen apelamos porque ten moita razón cando fala de recuperar o pracer da calma, contradictoria e imposible de acoplar ás andanzas cotiás. A razón de que insistamos en rescatar o seu significado está na magnitude das catro novelas que amparamos a este epígrafe; libros, lectura lenta e pausada que non son para encher o tempo, máis ben o prolongan facéndolle fronte a outro tempo que segue vivo baixo a apariencia de controvertidos cambios. Apresurarse ó seu goce sería confundirse nas ledicias da escritura que ofrece a mestría e a exemplaridade dos narradores. Son lecturas que non aspiran a dar respostas pero si formulan preguntas e obxeccións ante un suxeito chamado Historia, e manifestan certa impotencia fronte os sucesos que —como di Gordimer— "abortan" a lóxica que cabería esperar no seu discorrer. Son, tamén, afirmacións suscitadas en enunciados que relatan vidas nela implicadas dun xeito tan natural que a literatura, sempre atenta a dar conta do que vivimos, deixa que a historia se mergulle nela como se fose un compoñente máis do material novelístico. Trátase, pois, de novelas que non admiten o adxectivo de históricas, porque non está nelas o intento de contar a Historia (máis ben se dá por sabida), nin de reproducir universos históricos, nin de facer historia novelada. Nin instauran un heroe medio (como o recomendado por Lukács) coa pretensión de manipular con liberdade os acontecementos rese-

ñados (non hai neles máis heroicidade cá de vivir os presupostos da época que lles acolle), nin tampouco son historias imaxinarias enchidas de signos nos que recoñecer sucesos fielmente rexistrados. Van por outro lado, e dá a casualidade de que coinciden nunha clara vontade por "contar" e por facerlle fronte á historia política e social da que resulta o noso momento. Enrédannos nunha narración que non precisa do discurso reflexivo para estar enchida de ideas reflexivas, de xeito que, sen intencións que as determinen, reflexionan sobre o senso da Historia empoleirándose en argumentos e personaxes que circulan por ela. Cada unha remite a un punto da xeografía mundial, e coinciden, tamén, en dar noticia de países dos que sempre temos información en terceira persoa, pero nunca son as propias voces as que subministran tal realidade facéndoa coincidir coa escritura, co estilo de cada un, e con eles mesmos. O Caribe, Marrocos, Sudáfrica e Perú, todo un mosaico de verdades ben contadas, de ficcións mergulladas na historia social e política, que non lle fan concesións ós aranceis que impón o mercado, nin pactan coa demanda do gran público. Catro libros que non parecen feitos de oportunidade (en todo caso de proximidade) que valen tanto por como están narrados coma polo que narran. Conteñen "mentiras" que se tornan verdade na medida en que manteñen coherencia histórica cos feitos rexistrados, que transmiten historia documentada en vidas humanas, que non finxen máis do que precisa a esixencia das licencias poéticas, e que insisten en recordar que estamos no eido da ficción, e celebran entre o que escriben ós grandes novelistas das letras universais.

A que pasou máis desapercibida, e a que se remonta máis atrás no intento por baleirar unha memoria persoal, enchendo de datos a memoria colectiva, é a dun descoñecido autor, Patrick Chamoiseau, *Texaco* (Anagrama), Premio Goncourt de novela en 1992. Un espléndido cadro histórico trazado cun audaz estilo narrativo, coa perspicaz técnica de enlazar unha memoria con outra, de fundir datos certos e refacer a historia coa escusa de que o que lemos é resultado do que redactou definitivamente a pluma dun "Escribidor de palabras" seguindo as notas que lle pasou o receptor directo do que aquí se conta. Historia da illa Martinica, dun barrio chamado "de los Miserables" que lle rende homenaxe a Víctor Hugo. Toda unha peripecia de puntos de vista que conflúen na reinvención desta realidade desde o século pasado, encabalgados coa biografía novelada da muller que levou a cabo a empresa de fundar "Texaco" e deixar anotada a memoria do seu pai. Marie-Sophie Laborieux xa é vella, e confunde historia e lenda —pero conserva dela os trazos máis veraces— cando comeza o relato, nos anos 60. A súa "empresa" está a punto de ser atrasada polo fatal e definitivo sinal do progreso, que chega da man dun extraño visitante, o arquitecto que vai remodelar a vila e convértese, de forma imprevista, no depositario destas memorias que transportan rabia e lle son contadas con seductora maxia verbal, entre grolos de augardente, lapsus temporais, confusión de nomes e de etapas, pero cunha forza descomunal.

A súa crónica remóntase a un tempo épico —1823—, a un barrio crioulo que lle pediu permiso á xeografía para iniciar unha forma de vida amarrada á terra fértil e libre. O seu pai iniciou esta Historia fundando unha cabana atraendo a outras que foron habitadas por negros obstinados que afianzaron alí a súa esperanza. Eran tempos nos que todos soñaban con branquearse, porque "la mejor apariencia consistía en tener la piel sin color de esclavitud". A elección desa parcela representaba comprender e habitar unha terra que nin

sequera aparecía nos mapas. Pero empezaban a habitala rumores dunha liberdade que permitiría deixar de ser escravos dos brancos. E un día desembarcou tal rumor da man dos franceses. E con Francia entraron palabras novas: Monarquía, República (que era, pensaba o pai, poñerlle a todo o mundo a coroa de rei...) e ese non foi máis có principio, o que embriagou a esperanza destas xentes que pactaron cun asunto chamado "Colonialismo" a cambio dunha promesa que outorgou "abolición" e trouxo sometemeto. Con eles desembarcaron ideas novas: "Fábricas", "disciplina", salarios..., e unha vida que lles restaba forzas e sumaba fatalidade ás confusas verdades que viñan de fóra e que abriron as portas a tempos convulsivos: rumores de guerras que acabaron por chegar, necesidade dunha solidariedade nova que fora o cuño doutro importante asunto que entraba coa palabra "revolución". Ó fondo a historia libraba unha batalla mundial presidida por Alemaña e a confirmación de que as palabras que trouxeran os franceses resultaban inútiles neste primeiro plano de xente crioula que sofre a miseria a cambio de nada. Cando Marie-Sophie tomou o relevo do cometido iniciado polo pai fíxoo vestíndose de vontade para reinventar un "suelo libre", e alí foron chegando de novo xentes co único afán de vivir co seu saber. Pero non puideron facelo á marxe do que sucedía noutros barrios, e non puideron esquivar ser rexentados noutros por esa lóxica inhumana que goberna as cidades. Foi entón cando ela se deixou iluminar pola filosofía do ron, e cando chegou o visitante inesperado a quen lle contou Texaco.

O mesmo afán por insistir nas palabras que invaden unha civilización tórnase en motivo protagonista da novela de Fátima Mernissi: *Sueños en el umbral* (Muchnik Editores). Tamén aquí se rexistra a cautivadora fórmula de desganduxar recordos a partir de palabras que sinalaron a vida dun pobo por impoñelas unha cultura que protexe con man de ferro tradicións e fronteiras, e sostén a mirada nunha única dirección: A Meca. Pero nestas vivencias impera unicamente a perspectiva infantil dunha rapaza inquieta e preguntona que reconstrúe a súa infancia determinada de tal xeito polas palabras que a rodearon que o asunto do libro non son as memorias do harén no que foi descubrindo a vida, aínda que si o son, nin a historia daquela turbulenta época —anos 40-50— en que Marrakech viviu oprimida "entre el silencio del desierto", "la agresión de los invasores cristianos y el furioso oleaje del Atlántico", aínda que tamén o sexa, nin a aguda crítica daquela sociedade organizada en pequenas fortalezas, separadas por liñas invisibles, nas que se libraban mudas batallas por conseguir cambios que beneficiaran ás mulleres. Non, o verdadeiro argumento, as insubstituíbles protagonistas deste libro son as palabras. Elas son as que obrigan a entrar e a non querer salir del; tras elas transcorreu a infancia de Fátima, aprendendo a nomealas, escoitando o seu son, perseguindo significados, discutindo o seu alcance. Naquel harén marroquí fíxose con elas, e foise armando de definicións que algún día lle permitirían rebelarse contra unha forma de vida vivida ó pé da letra contida no Corán. Descubriunas nas mulleres que sempre tomaban a palabra —aínda que logo fosen os homes os que falasen no seu lugar— para ensinarlle a pensalas, a mastigalas e a preguntarse por elas. O mundo era entón unha casa con ventás abertas a un patio interior; nel narrábase a vida e representábanse historias, en nome de Sherezade e da súas mil e unha noites de cativerio, en medio dunha simetría arquitectónica que dominaba moito máis cós espacios cotiáns. De fóra chegaban palabras que

falaban dos franceses asentados nunha parte da cidade e, máis tarde, dos alemáns que viñeron ocupar o seu lugar, e da invasión do chicle e os cigarros norteamericanos. Desde el escoitábanse palabras que vaticinaban tempos en que as fronteiras coa vida estarían abertas: sería posible traspasalas e existir como ser individual. Cando ela fose moza seguro que sería así, pero tamén o sería a descuberta dun umbral estraño e desconcertante, máis confuso e imprevisible que o coñecido, e o que era peor, invadido por significados portadores de incomprensibles fronteiras coas que se vería obrigada a tropezar.

É o seu un relato enchido de momentos entrañables que nos achegan a esa cultura tan próxima e contraria á nosa, tan sutilmente narrada por ese punto de vista feminino que atopamos noutro extremo da xeografía: Johanesburgo, punto de partida da última novela de Nadine Gordimer, *Nadie que me acompañe* (Ediciones B), unha das obras de maior trascendencia dos últimos meses, a primeira que escribe despois de recibir (en 1990) o Premio Nobel. Un libro de compromiso aberto con aspectos cruciais deste fin de século, que toma partido no problema racial, que cuestiona o pasado, o futuro e o presente. Tamén aquí as voces femininas (Vera e Didymus) son protagonistas dos primeiros planos, pero non exclusivas desta reconstrucción dos vinte convulsivos anos de loita —marcados polo presidio de Nelson Mandela— contra o privilexio branco e a favor de construír unha sociedade humana, que acaban coa apertura dos cárceres, e achégannos á época actual: inestable, crispada e violenta, desconcertante e atravesada de malentendidos. Son mulleres que pertencen á realidade do país no que viven e a través delas explóranse intimidades atrapadas en particulares compromisos, historias persoais consagradas ó presente —co que lidian desde postos importantes— que reñen coas súas vidas e confunden ós homes que viven xunto a elas. Vera é quen adquire o sesgo de personaxe mediador para esta exploración dos conflictos inesperados que xorden tras a caída do vello réxime, totalitario e racista. Ela proporciona o engadido emocional da novela, e sobre ela insístese no protagonismo do máis relevante personaxe destas vidas: o pasado, que segue aí, depositado no presente, pesando sobre a vida dos que volveron dun exilio e toparon a realidade inclinada, e outro exilio (que lles expulsaba de moitas causas), e outra versión de si mesmos. Presenciou as revoltas dos sesenta, os levantamentos de estudiantes negros nos setenta, e agora a sutil andamiaxe que segue obstruíndo a posibilidade de novos enunciados políticos e humanos. A súa historia avanza polo percorrido narrativo discorrendo á par dos conflictos que xorden no país, e a autora abonda por igual nesta turbia sociedade na que pesa tanto o pasado coma na vida persoal dela. *Nadie que me acompañe* é unha novela sen tacha que propón un acareo coa vida e aborda, oportuna e sabiamente, a suma de experiencias imbricadas nesa trama social que relata e cuestiona o que deriva desa "embarazosa palabra: Libertad". Sen pretender innovar arrímase ós postulados da novela tradicional enriquecéndoos co que de persoal e inconfundible define un estilo narrativo no que se adiviñan asertos dramáticos e se confirma unha crítica aberta ós abusos da política racista. Tamén presentes no último dos libros aquí presentados, o de Bryce Echenique, que pide agora permiso para contar nunha fabulosa novela os últimos 50 anos da historia do Perú arredor dunha Lima de oligarcas brancos devorados pola súa liñaxe e renegando da realidade nacional, "húmeda y criolla", que lles produce alerxia e que desprezan e humillan porque "todo lo pudre, lo corrompe, lo humedece".

No me esperen en abril (Anagrama) é unha especie de frase imposible que lle dá sentido á ficción recollida neste territorio no que o autor dá renda solta a unha "ambición no confesada": contar a través dun personaxe unha historia e unha novela: medio século de Perú, un universo que cita a literatura cunha acertadísima reconciliación de motivos, autores e obras que fan deste libro un inmenso descubrimento de agudas e ben asimiladas referencias. Manongo Stern é o soporte: personaxe irrepetible de quen se conta unha vida que comeza desde o principio, aínda que a historia na que figure camiñe nun tempo que vai e vén en moitas direccións. Infancia limeña, como a de Julius; adolescencia colmada de ídolos de cine e letras de boleros, de amor e de amigos. Quería parecerse ó malo e perdedor James Mason, quería sentirse, sentir e vivir coma ninguén. Anos 50 de boleros inolvidables que marcaron a educación sentimental de toda a promoción de futuros dirixentes do Perú que cursou estudios nun internado para os fillos da xente "honorable, antigua e decente".

No me esperen en abril é o xuramento que pronuncia, por vez primeira aquel verán que se enredou nunha aventura de amor —celosa, posesiva e sentimental— que durará toda a novela, e que temía perder cando comezara, en tal mes, o curso escolar. Pero aínda lle quedaban moitos anos sesenta, setenta e oitenta para repetir a promesa, que converteu en sentencia despois de romper co ideal amoroso daqueles días. Quédalle toda unha vida de encanallamento, de substituír boleros por letras de tango, que son máis lastimosas e doen máis, de vivir lonxe do Perú, de sentir unha copla que lle bole na memoria mentres vive "haciendo por olvidarla". Ás veces o narrador parece do seu lado, e outras entrégase a facer balance astuto do seu traxecto e da historia que lle acompaña: cambios de réxime, guerras fraticidas e sucesivos gobernos nacionalistas e antiimperialistas (Manuel Prado, M. Apolinario Odría, el General Velasco, Alan García, Fujimori), revolucións de milicos, "húmedas claudicaciones...", suma apurada de cambios que acabaron por dividir as xentes do Perú nunha inmensa maioría que quería promesas e non máis realidades e unha moi pequena minoría "que alza los hombros hastiados". Despois viñeron "años suspensivos" que supuxeron unha "esperanza peruana en el Perú", que diría César Vallejo. Lima cambiaba de rostro e Manongo regresaba cada ano, en abril, para reunirse con aquela promoción do San Pablo que tamén cambiaba de rostro por moito que el fixese por non esquecer. Anos de vacío e estrañeza para Manongo, inventor da "desesperación" e da "trascendencia", porque era "como nadie es así" e vivía nun constante "llorar quedito y siempre para adentro", aferrado a un tempo de amor e de amigos perdido e irrecuperable, a olvidados boleros inolvidables. E de aí ninguén o sacaba, porque ninguén concibía "tanta cojudez por una hembra". Era o seu un puro vivir entre "las razones del corazón", "canalla por fuera y por dentro de oro..." E de tanto ser "así" acabou por imitar a escena na que o fundador do Macondo (de García Márquez) decidiu quedar para sempre nun cuarto intermedio, da realidade, pensando que era real. Non foi, a súa, unha "vida linda", pero ben merece perderse nela e mergullarse na insuperable prosa deste autor de palabras e sintagmas que, dun trazo, definen á xente, a cidade, a novela e a historia.

Non hai que afondar en máis razóns que chamen á lectura destas catro novelas tan axustadas ó argumento razoado por Echenique cando comentou, nunha recente entrevista, a necesidade de que a literatura recompuxese a historia deixando que esta se mergullase coa imaxinación dun escritor antes de

que a realidade insistise en destrozar a ficción. A iso engadimos nós unha consideración que enlaza cos catro argumentos e deriva do corolario máis intenso do último Kundera: a urxencia por plantarlle cara ó obsesivo afán por esquecer que caracteriza os nosos días entregados ó "demonio da velocidade", en busca dunha "dulce amnesia" que obriga a seguir —sen estar seguros de nada— e impide avanzar, porque tropeza coa realidade dun futuro que necesita mirar atrás e preguntarse —di a Gordimer— ¿para que...?"

PILAR CASTRO

TEATRO

Venenos: a soidade das parellas

Xesús Pisón gañou cun libro titulado *Venenos* a última edición do premio "Rafael Dieste" de teatro. *Venenos* reúne dúas pezas curtas moi afastadas na súa linguaxe e nas súas intencións de *Ei, Feldmüble!*, penúltima entrega teatral de Pisón tamén galardoada co "Rafael Dieste" de 1991. O contraste entre *Ei, Felmüble!* e *Venenos* é tan chamativo que quizais mereza a pena deterse un pouco na primeira destas pezas para valorar mellor a segunda. En *Ei, Feldmülbe!* optaba Pisón pola vía dun esperpento un tanto descontrolado e de moi complicada traslación escénica. Obra de denuncia política e social, recargada e apocalíptica, emparentada moi libremente con algúns textos do primeiro Vidal Bolaño e cruzada por influencias múltiples e variopintas que van desde Shakespeare ata Manuel María, *Ei, Feldmüble!* era como unha gargallada triste que baixo unha comicidade aparente deixaba ver a conciencia ecolóxica e nacional do autor ferida pola desfeita paisaxística e tamén política do país. Pisón ofrecía en *Ei Feldmüble!* unha imaxe moi pouco compracente da Galicia actual, unha Galicia sinalada como cómplice da súa autodestrucción. E, a diferencia doutros escritores que teñen intentado dramatizar os conflictos vivos do país, a súa peza non tracexaba liñas divisorias claras entre bos e malos: "Os de abaixo, os de arriba... Ai, de onde serei eu?", preguntábase unha das protagonistas desa obra, expresando con sinxeleza ese estado de requintada confusión, ese revoltallo de intereses contradictorios e á vez converxentes que determinan un comportamento político e cultural da sociedade galega diante do cal a "intelligentsia" vén alternando os rostros de asombro e frustración coa insistencia optimista na cercanía do día en que se fará a luz e se retirarán as sombras. En *Ei, Feldmüble!*, sen embargo, toda esperanza quedaba abolida ante a vontade de Incendio Final, de gran verbena nacional da autodestrucción.

CAMBIO DE ORIENTACIÓN

¿Determinou este pesimismo tan radical o abandono do espacio público como escenario principal do teatro de Pisón? En todo caso, *Venenos* representa un cambio radical de orientación, pois as dúas pezas que o compoñen céntranse no ámbito do doméstico, nas relacións de parella e na análise de psicoloxías individuais, obviando calquera alusión a un entorno referencial conflictivo. Outro cambio importante en relación con *Ei, Feldmüble!*, peza excesiva e non poucas veces verborreica, prodúcese no ámbito da linguaxe escénica e da

expresión verbal. *Venenos* é un modelo de depuración expresiva e de construcción dun texto dialogado. Unha perfección técnica que non se fai notar, pois non constitúe unha finalidade en si mesma e está posta ó servicio do medre argumental, do modelado dos personaxes e do desenvolvemento da relación entre eles. O que persiste en relación á outra obra comentada é a dureza e o pesimismo na ollada coa que Pisón traduce a vida.

Uvegá Teatro, baixo a dirección de Manuel Lourenzo, non tardou nada en escenificar as dúas pezas que compoñen *Venenos* e que teñen por título *A Via Láctea* e *Como Jekyll e Hyde*. A primeira lese como un exercicio chejoviano radicalizado. A conversión do diálogo en monólogos que se alternan, nun *diálogo de xordos*, elemento apuntado por Peter Szöndi como unha das vías polas que Chéjov rompe co espírito do drama histórico, é a base de *A Via Láctea*. Neste tipo de textos, a condición dramática non se consegue polo avance progresivo dunha intriga que vai desvelando os motivos dos personaxes e aportándolle unha solución ó conflicto creado. Esa fórmula progresiva e dialéctica é allea ó teatro de Chéjov, quen se limita a seleccionar un anaco de vida polo que pululan uns personaxes que aparentemente forman unha sociedade en miniatura e que tamén só en aparencia teñen algún problema que tratar ou algún conflicto que resolver. A extraordinaria aportación dos textos chejovianos consiste en ir deixando pasar a través desas aparencias, a través dese falar e falar dos seus personaxes, un dramatismo outro e esencial: cando cae o pano sobre *O xardín das cerdeiras*, *Tío Vania* ou *As tres irmás* decatámonos de que o único que pasa é o tempo e de que o gran drama daqueles personaxes tan locutivos é a súa insuperable soidade. A proposta textual de *A Via Láctea* é moi similar, aínda que Manuel Lourenzo optou por unha dirección que acelera paulatinamente o ritmo e que realza moito a presencia do alcohol na vida dos protagonistas, fornecendo ó texto dun crescendo que na lectura non se percibe. A posible lectura chejoviana de *A Via Láctea* cédelle o paso deste modo a un espectáculo máis convulso que recorda certas formas moi actuais do teatro norteamericano de tradición realista; unha opción lexítima e eficaz, moi ben concretada sobre o escenario pola axitada interpretación de Mara Sánchez e Ibán Toxeira.

A segunda parte de *Venenos* titúlase *Como Jekyll e Hyde* e nela abórdase por vez primeira de forma explícita desde o teatro galego o conflicto interno dunha parella homosexual. Que Adolfo (Pepe Soto) e Carlos (Xesús Balboa) sexan unha parella do mesmo sexo non é un elemento gratuíto engadido á obra, nin ten nada que ver coa explotación dunha morbidez supostamente específica das relacións homosexuais. É o tipo de relación conflictiva que presenta o texto o que dalgunha maneira esixe, por razóns de verosemellanza, que os dous protagonistas sexan do mesmo sexo, un feito que Pisón trata con absoluta normalidade aínda sen renunciar a consignar os rasgos especiais deste tipo de parellas. E como constatar sobre un escenario a normalidade dunha relación homosexual segue a ser aínda hoxe un suceso estraño —extraordinario, no teatro galego— probablemente mereza a pena reseñalo.

Fronte ó transcorrer puramente verbal de *A Via Láctea*, en *Como Jekyll e Hyde* atopamos unha organización máis clásica dos contidos argumentais, un medre progresivo da intensidade do conflicto que, aquí si, atrapa e devolve a comunicación ós dous protagonistas. "O drama de ser dous e de saberse", como di Manuel Lourenzo no programa de man do espectáculo, é o que aquí se escenifica recorrendo a un xogo teatral de gran crueldade psicolóxica no

que os dous protagonistas poñen en liza todos os seus recursos de poder e toda a súa capacidade de inflixirse dano o un ó outro. E o amor convértese nunha dolorosa batalla da que non xorde vencedora ningunha das dúas soidades confrontadas.

Venenos estreouse en Santiago na Sala Galán, un espacio idóneo para este tipo de espectáculos de pequeno formato polos que parecen ter optado con claridade compañías como Uvegá, Compañía de María, Matarile, Elsinor e mesmo grupos de actividade intermitente constituídos expresamente para traballar nestes espacios. A consolidación aínda vacilante dun circuíto galego de espacios teatrais alternativos, no que se mesturan pequenos treatros con cafés e bares nocturnos, é de seu unha tendencia positiva e reactivadora dun mundo teatral excesivamente oprimido polo peso do oficial. A cara fea do asunto está na progresiva expulsión do teatro galego dos escenarios urbanos máis importantes: con frecuencia cada vez maior os afeccionados de Vigo ou A Coruña teñen que desprazarse a Santiago para poder estar ó tanto do quefacer das compañías teatrais galegas, víctimas dos prexuízos e da discriminación nos grandes teatros con financiación pública das dúas cidades máis poboadas de Galicia. Resulta paradoxal que o incremento xeneralizado dos investimentos culturais experimentado nos últimos anos teña entre as súas consecuencias unha diminución da pluralidade da oferta e un desprazamento do teatro galego non sacralizado polos carimbos oficiais cara a posicións lindantes coa marxinación.

DAMIÁN VILLALAÍN

Título: *Venenos* (Premio "Rafael Dieste" 1994)

Autor: *Xesús Pisón*

Producción: *Uvegá Teatro*

Intérpretes: *Ibán Toxeira, Mara Sánchez, Xesús Balboa, Pepe Soto*

Escenografía e vestuario: *Xoán M. López Eirís*

Iluminación: *M. Lourenzo, Suso Barreiro*

Dirección de producción: *Vicente Montoto*

Axudante de dirección e selección musical: *Xosé Pablo Rodríguez*

Dirección: *Manuel Lourenzo*

A cultura pasa por aquí

A&V
Abaco
Academia
ADE-Teatro
Afers Internacionals
Africa América Latina
Ajoblanco
Album
Alfoz
Anthropos
Archipiélago
Arquitectura Viva
L'Avenç
La Balsa de la Medusa
Bitzoc
La Caña
CD Compact
El Ciervo
Cinevídeo 20
Claridad
Claves de Razón Práctica
CLIJ
Creación
El Croquis
Cuadernos de Jazz
Cuadernos del Lazarillo
Debats
Delibros
Dirigido
Documentos A
Ecología Política
ER
El Europeo
Fotovídeo
Gaia
GRIAL
Guadalimar
El Guía
Historia y Fuente Oral
Hora de Poesía
Insula
Jakin
Lápiz
Leer
Letra Internacional
Leviatán
Lletra de Canvi
Ni hablar
Nuestra Bandera
Nueva Revista
La Página
El Paseante
Por la Danza
Primer Acto
Quaderns d'Arquitectura
Quimera
Raices
Reseña
Revista de Occidente
RevistAtlántica
Scherzo
Síntesis
Sistema
Suplementos Anthropos
Temas para el Debate
A Trabe de Ouro
Turia
El Urogallo
El Viejo Topo
Viridiana
Zona Abierta

ARCE

Asociación de Revistas Culturales de España

Exposición, información, venta e suscricións:

Hortaleza, 75
28004 Madrid
Teléf.: (91) 308 60 66
Fax: (91) 319 92 67

A CULTURA NO MUNDO

Cuestión de intelixencia

Certamente é un tema ben difícil de tratar coa distancia oportuna e cunha dose mínima de sentido común. Compréndese que como todos os temas preocupantes, o debate sobre a vida e milagres dos servicios secretos do estado, dos *servicios de intelixencia* como se denominan comunmente, polarice a concorrencia en extremos dificilmente conciliables que a través das mesmas evidencias tiran conclusións irrefutables tan distintas como distantes. O trasfondo do asunto, esvaído na néboa do rumor e da propaganda, axuda moito; pero, ó cabo, a realidade cotiá dos servicios de intelixencia resulta máis prosaica do que a xente se atreve a crer.

Aldous Huxley advertía en *Contrapunto*, por boca dun dos seus personaxes, que a Enciclopedia Británica só incluía tres epígrafes para definir as nocións de intelixencia: *Intelixencia* humana, *Intelixencia* animal e *Intelixencia* militar. Xogaba, como adoitan facer os ingleses, á trivialización dun asunto importante que con certa frecuencia lles esvara das mans.

Precisamente agora o tema dos servicios secretos volve ser un apaixonante tema de debate no Reino Unido. Algúns din que nunca deixou de selo, realmente. Aínda non cicatrizaron as feridas que abriron as crónicas e titulares de xornais e libelos sobre o tebroso asunto da desfeita dos mineiros e o seu sindicato, consecuencia da folga de 1984. Un escuro asunto onde aboian os nomes de Arthur Scargill, xefe executivo dos mineiros, Gaddafi, Robert Maxwell (e o *Daily Mirror*) e tamén o MI5.

O debate vén da man de dous libros que abordan o tema dos servicios secretos británicos desde os dous extremos interpretativos. Un deles é *The Enemy Within*, de expresivo título (O inimigo na casa), obra de Seumas Milne, que se posiciona no cerne daquela folga dos mineiros que terminou estrepitosamente esmagada polo goberno de Margaret Thatcher. Milne, que desconfía ata da súa sombra, ve naquel episodio a man agachada do MI5 e do MI6, dos que detecta confiados movementos no entorno da ponla ultraconservadora da Dama de Ferro.

No outro extremo da varanda, Richard Thurlow aporta unha visión máis xeral e documentada da historia dos servicios de intelixencia británicos no século XX. Na súa obra *The Secret State*, debuxa máis una imaxe burocrática dos servicios secretos, a penas caracterizada pola aura de secretismo que a arrodea. A conclusión deste libro, segundo salienta Nicholas Hiley, profesor de

Historia da Intelixencia na Universidade de Cambridge e autor da reseña de ambas obras no TLS, é que gracias ó debate público constante do fenómeno dos servicios secretos, propio dunha tradición liberal, protexeu os cidadáns do abuso dese *estado* na sombra. Así, os War Office, Home Office, Special Branch, MI5 e MI6 tíñanse que coidar de que calquera acción ou movemento de fichas fose o suficientemente consistente para enfrontar o exame do Goberno, do Parlamento e tamén, se for o caso, dos xulgados.

Hiley ve, nas dúas obras, aparecidas co intervalo dunha semana, os expoñentes de dous polos entre os que forzosamente se ten de construír unha visión actual, informada e obxectiva do fenómeno e mais o devir dos servicios de intelixencia no Reino Unido.

GUSTAVO A. GARRIDO

ÍNDICE DE COLABORADORES

ITAMAR EVEN-ZOHAR. Profesor de Poética e Literatura Comparada na Universidade de Tel-Aviv e titular da Cátedra Porter de Semiótica e Teoría da Literatura. Foi director do Instituto Porter de Poética e Semiótica. Desempeñou o seu labor docente en varias universidades de Europa e América. A recompilación máis recente dos seus traballos foi publicada nun volume especial da revista *Poetics Today,* da que foi director, titulado *Polysystem Theory.*

ENRIQUE GIL CALVO. Doutor en Socioloxía pola Universidade Complutense, onde exerce como profesor titular. Galardoado, entre outros, cos premios Anagrama e Espasa de Ensaio polos seus libros *Lógica de la libertad* e *Estado de fiesta.* É autor de outros varios libros publicados, dos que destacan *Los depredadores audiovisuales*; *La mujer cuarteada; Estado de fiesta*; *La era de las lectoras*; *Futuro incierto*; *El destino: Progreso, albur y albedrío* e *Prisa por tardar.* Asimesmo, publicou diversos artigos en revistas especializadas. Colabora habitualmente en prensa desde as páxinas do xornal *El País.*

HERNÁN NEIRA. Ensaísta e escritor de nacionalidade chilena. Doutor en Filosofía pola Universidade de París VIII. Investigador asociado ó grupo de Socioloxía da Literatura da École des Hautes Études en Sciences Sociales de París. Actualmente ensina Antropoloxía Política na Universidade Austral de Chile, en Valdivia. En 1991 foi finalista do Premio Juan Rulfo. Recentemente vén de publicar a colección de contos *A golpes de hacha y fuego.*

XULIO RÍOS. Moaña, 1958. Graduado Social e Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela. Director do Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional (IGADI). Comentarista de temas de política internacional en *A Nosa Terra, O Correo Galego* e *El Mundo.* Ten publicado os libros *A conversión de Polonia*; *¿Que foi daquel soño?*; *Galicia e a Sociedade das Nacións* e, en colaboración, *Pensar a democracia* e *O conflicto dos Balcáns.*

CARME RÍOS PANISSE. Doutora en Filoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela. Catedrática de Lingua e Literatura galegas no Instituto de Bacharelato Rosalía de Castro da cidade compostelá. É autora de numerosas publicacións sobre lingua e literatura galegas.

LUCIANA STEGNANO PICCHIO. Profesora de Lingua e Literatura Portuguesa na Universidade de Roma "La Sapienza". É autora de máis de 400 títulos sobre lingua e literaturas portuguesa e brasileira. Entre os seus escritos dedicados a Portugal destacan *História do teatro português*; *A lição do texto*; *La Méthode Philologique*; varios ensaios de literatura moderna (Fernando Pessoa) e contemporánea. Entre os estudios brasileiros destacan as súas historias da literatura (*Letteratura brasiliana*; *La littérature brésilienne*; *Profilo della letteratura brasiliana*), varios ensaios críticos (Murilo Mendes, Drummond, Jorge de Lima, Jorge Amado, poesía concreta, Clarice Lispector, João Cabral) e a edición crítica da obra completa de Murilo Mendes. Publicou tamén traballos sobre lírica galego-portuguesa, entre eles as edicións críticas de Martin Moya e Vidal. É doutora pola Universidade Clássica de Lisboa e pola Universidade Federal de Río (1990).

RAIMUNDO VIEJO VIÑAS. Licenciado en Xeografía e Historia pola Universidade de Santiago de Compostela. Realizou cursos de doutoramento no programa *Comportamento e institucións políticas* da Universidade de Santiago de Compostela e no *Kolloquiumm für DoktoranInnen* na Johann Wolfgang Goethe-Universität de Frankfurt am Main e no Zentrum für Nordamerikanische Forschung (ZENAF) da mesma universidade. Membro do proxecto de investigación *Dimensións da identidade colectiva en Galicia* do Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro. II Premio Mancomún de ensaio sobre o movemento estudiantil. Publicou os traballos "El muro cinco años después. Algunos apuntes sobre transición y consolidación democrática" e "As revolucións de veludo e a unidade alemana".

00126
9 770017 418006

galaxia